

I.E.S. VALLE-INCLÁN. PONTEVEDRA

PROGRAMACIÓN

DEPARTAMENTO XEOGRAFÍA E HISTORIA

CURSO 2018-2019

INDICE

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN	a	3
2. CONCRECIÓN DE OBXECTIVOS E.S.O	c	4
3. PROGRAMACIÓN 1º ESO	b,d,e,f,g,m	6
4. PROGRAMACIÓN 2º ESO	b,d,e,f,g,m	14
5. PROGRAMACIÓN 3º ESO	b,d,e,f,g,m	22
6. PROGRAMACIÓN 4º ESO	b,d,e,f,g,m	30
7. CONCRECIÓN DE OBXECTIVOS BACHARELATO	c	40
8. PROGRAMACIÓN 1º BACHARELATO	b,d,e,f,g,m	42
9. PROGRAMACIÓN HISTORIA DE ESPAÑA 2º BACHARELATO	b,d,e,f,g,m	53
10. PROGRAMACIÓN XEOGRAFÍA 2º BACHARELATO	b,d,e,f,g,m	65
11. PROGRAMACIÓN HISTORIA DA ARTE 2º BACHARELATO	b,d,e,f,g,m	76
12. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE	h	93
13. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.	i	95
14. ORGANIZACIÓN DOS PROCEDEMENTOS QUE LLE PERMITAN AO ALUMNADO ACREDITAR OS COÑECEMENTOS NECESARIOS EN DETERMINADAS MATERIAS, NO CASO DO BACHARELATO.	J	96
15. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE PODAN ADAPTAR COMO CONSECUENCIA DOS SEUS RESULTADOS.	k	97
16. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.	l	98
17. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.	n	100
18. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.	ñ	102
19. ANEXO TÁBOAS : APARTADOS	d+b (por cursos e materias)	

RESOLUCIÓN do 11 de maio de 2018, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento, no curso académico 2018/19, do currículo establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia .- Capítulo V: *Programacións didácticas: elementos a contemplar nas programacións didácticas : a, b, c, d, e, f, g, h, i, j, k, l, m, n, ñ.*

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.

a

Compoñentes do departamento e organización do curso 2018/19

- José Eugenio García Rodríguez, Xefe do Departamento: 2º ESO (un grupo) - 3º ESO (un grupo)- 1º Bacharelato, Historia do Mundo Contemporáneo (un grupo)- 2º Bacharelato, Historia de España (dous grupos).
- Javier Domínguez Álvarez: 4º ESO (dous grupos) - 1º Bacharelato, Historia do Mundo Contemporáneo (un grupo) - 2º Bacharelato, Historia de España (dous grupos).
- Pablo Casais Rodríguez, Xefe de Estudos (nocturno): Bacharelato de Adultos: Hª España, Xeografía, Hªda Arte (un grupo de cada asignatura)
- Mª Concepción Solano Sabell, Xefa de Estudos (diurno): 2º Bacharelato, Xeografía (dous grupos)
- Pablo Barreiro Vilas : 2º ESO (dous grupos) - 4º ESO (dous grupos) - 2º Bacharelato, Historia de España (un grupo), Historia da Arte (un grupo).
- Mónica Garrido Lavandeira (Funcionaria en prácticas) : 1ºESO (catro grupos) - 3º ESO (dous grupos).
- Adrián Castro Fernández (Departamento de L. Castelá) : 2º ESO (un grupo)- 3º ESO (un grupo) – Adultos, 1ºBacharelato Hª do mundo contemporáneo (1 grupo)

Contexto educativo

O Instituto Valle Inclán ten unha longa tradición como institución educativa. O IES Valle Inclán oferta catro liñas de ESO e cinco liñas de Bacharelato, coas modalidades de Ciencias e Humanidades e Ciencias Sociais, incorporando nos últimos anos seccións bilingües e participando en proxectos europeos de educación. Asimesmo oferta ensinanzas de bacharelato para persoas adultas .

O seu alumnado está composto por alumnos do núcleo da cidade, parroquias do Concello e tamén achégase alumnado de Concellos limítrofes desplazándose polos seus propios medios xa que non se dispón de transporte escolar. A meirande parte do alumnado da quenda de diurno pretende acceder a estudos universitarios, aínda que nos últimos anos tamén un pequeno grupo dos alumnos da ESO e do Bacharelato optan por cursar ciclos formativos de Formación Profesional. No tocante ó rendemento académico dos nosos alumnos, nas memorias elaboradas a final de curso establecemos os balances e observacións pertinentes.

En 2º Bacharelato se nos orientamos polos resultados das probas de selectividade podemos dicir que temos uns bos resultados con taxas de aprobados situadas por riba do 83%.

A experiencia de anos anteriores, no tocante ó diseño e elaboración da Programación atendendo as novas pautas en vigor, así como as indicacións e referencias que chegan a través de cursos, intercambio de información, etc, confiamos en que contribúan a facer deste documento pedagóxico unha guía útil e adaptable ó incerto proceso de cambio, tal vez evolución, no que nos atopamos.

A programación didáctica está organizada tendo en conta as dúas etapas, ESO e Bacharelato.

Foi levada acabo aplicando o desenvolvemento curricular establecido no DECRETO 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia e a RESOLUCIÓN do 20 de xullo de 2017, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento, no curso académico 2017/18, do currículo establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia. Así como Orden ECD/1941/2016, de 22 de decembro, por la que se determinan las características, el diseño y el contenido de la evaluación de Bachillerato para el acceso a la Universidad, las fechas máximas de realización y de resolución de los procedimientos de revisión de las calificaciones obtenidas, para el curso 2016/2017.

2. CONCRECIÓN DE OBTIVOS E.S.O

c

O Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia define os obxectivos como os referentes relativos aos logros que o alumnado debe alcanzar ao rematar o proceso educativo, como resultado das experiencias de ensino e aprendizaxe intencionalmente planificadas para tal fin.

A educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona

3. PROGRAMACIÓN 1º ESO: XEOGRAFÍA E HISTORIA (b,d,e,f,g,m)

3.b Contribución ao desenvolvemento das competencias clave. Concreción que recolle a relación dos estándares de aprendizaxe avaliáveis que forman parte dos perfís de competencias.

O Decreto 86/2015 de xuño, polo que se establece o currículo de Educación Secundaria na Comunidade Autónoma de Galicia, define as competencias como as capacidades para aplicar de xeito integrado os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, co fin de lograr a realización adecuada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos e expón as seguintes competencias clave :

- 1ª) Comunicación lingüística (CCL)
- 2ª) Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT)
- 3ª) Competencia dixital (CD)
- 4ª) Aprender a aprender (CAA)
- 5ª) Competencias sociais e cívicas (CSC)
- 6ª) Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)
- 7ª) Conciencia e expresións culturais (CCEC)

CONCRECIÓN DE CADA ESTÁNDAR CAS COMPETENCIA CLAVE							
CURSO: 1º ESO XEOGRAFÍA E HISTORIA							
	CCL	CMCT	CD	CSC	CAA	CSIEE	CCEC
Estándares de aprendizaxe avaliáveis TOTAL: 48	13	22	15	33	37		10
Relación coas competencias básicas %	27%	46%	31 %	69%	77%		21%

A achega da materia de Xeografía e Historia ao desenvolvemento das competencias clave é moi salientable. No curso 1º da ESO , a través da materia se desenvolven a maioría das competencias,coa excepción da competencia sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) que ten unha presenza relevante en 3º. A competencia aprender a aprender está presente en todos os estándares de aprendizaxe de xeografía e na maioría de historia. Xunto ás competencias sociais e cívicas son as que teñen un maior desenvolvemento en 1º da ESO.

O importante peso da xeografía física maniféstase na súa contribución ao desenvolvemento da competencia dixital, ausente no bloque de historia, e á competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía presente en menor medida no bloque de historia . A competencia de comunicación lingüística está presente nos dous bloques. A competencia de conciencia e expresións culturais está presente pola relación que o estudo da evolución do pensamento e da cultura teñen na historia.

Para unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo, deseñaranse actividades de aprendizaxe integradas que lle permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo. Para isto, aproveitaranse as posibilidades que ofrecen as metodoloxías de proxectos.

3.d Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable.

3.d.1 Temporalización

A temporalización foi realizada tendo en conta os seguintes datos:

1º ESO	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
Xeografía	11	11	15
Historia	22	22	33

Relación de unidades didácticas

PRIMER TRIMESTRE	2º TRIMESTRE	3º TRIMESTRE
1/A Terra e o Universo 2/ O relevo 3/ A auga na Terra 4/Tempo e clima 5/O clima e as paisaxes da Terra 6/Os continentes 7/O ser humano e o medio ambiente	9/ A prehistoria 10/As primeiras civilizacións	11/A civilización grega 12/A civilización romana 13/A cultura clásica 14/A Península Ibérica na Antigüidade

3.d.2 Grao mínimo de consecución para superar a materia

Os criterios de avaliación son o referente específico para avaliar a aprendizaxe do alumnado. Describen aquilo que se quere valorar e que o alumnado debe lograr, tanto en coñecementos coma en competencias, e responden ao que se pretende conseguir en cada disciplina.

Criterios de avaliación
BLOQUE 1. O MEDIO FÍSICO
B1.1. Coñecer o Sistema Solar e establecer as relacións entre os movementos da terra e a existencia das estacións e do día e da noite, e comprender a súa importancia na distribución dos climas e da Biota.
B1.2. Identificar e distinguir os sistemas de representación cartográfica, en soporte analóxico e dixital, e as súas escalas
B1.3. Analizar e identificar o mapa, e coñecer as imaxes de satélite e os seus usos principais.
B1.4. Localizar espazos xeográficos e lugares nun mapa ou imaxe de satélite, utilizando datos de coordenadas xeográficas.
B1.5. Localizar no mapamundi físico as principais unidades do relevo mundiais, os grandes ríos e as grandes zonas climáticas, e identificar as súas características.
B1.6. Ter unha visión global do medio físico europeo e mundial, e das súas características xerais.
B1.7. Ser capaz de describir as peculiaridades do medio físico europeo.
B1.8. Situar no mapa de Europa as unidades e os elementos principais do relevo continental.
B1.9. Coñecer, comparar e describir os grandes conxuntos bioclimáticos que conforman o espazo xeográfico europeo.
B1.10. Coñecer os principais espazos naturais do noso continente.
B1.11. Coñecer, describir e valorar a acción do ser humano sobre o ambiente e as súas consecuencias.

BLOQUE 3. A HISTORIA	
B3.1.	Recoñecer que o pasado non está "morto e enterrado", senón que determina o presente e os posibles futuros e espazos, ou inflúe neles.
B3.2.	Identificar, nomear e clasificar fontes históricas, e explicar diferenzas entre interpretacións de fontes diversas.
B3.3.	Explicar as características de cada tempo histórico e certos acontecementos que determinaron cambios fundamentais no rumbo da historia, diferenciando períodos que facilitan o seu estudo e a súa interpretación.
B3.4.	Entender que os acontecementos e os procesos ocorren ao longo do tempo e á vez no tempo (diacronía e sincronía).
B3.5.	Utilizar o vocabulario histórico e artístico con precisión, inseríndoo no contexto adecuado.
B3.6.	Entender o proceso de hominización.
B3.7.	Datar a Prehistoria e a Idade Antiga, e distinguir a escala temporal de etapas como estas.
B3.8.	Identificar e localizar no tempo e no espazo os procesos e os acontecementos históricos máis salientables da Prehistoria e da Idade Antiga, para adquirir unha perspectiva global da súa evolución.
B3.9.	Coñecer as características da vida humana correspondentes aos dous períodos en que se divide a Prehistoria: Paleolítico e Neolítico.
B3.10.	Identificar os primeiros ritos relixiosos.
B3.11.	Coñecer algunhas características da vida humana neste período, así como o establecemento e a difusión de diferentes culturas urbanas, despois do neolítico.
B3.12.	Recoñecer a importancia da descuberta da escritura.
B3.13.	Explicar as etapas en que se divide a historia de Exipto.
B3.14.	Identificar as principais características da relixión exipcia.
B3.15.	Localizar e describir algúns exemplos arquitectónicos de Exipto e de Mesopotamia.
B3.16.	Coñecer os trazos principais das polis gregas e a transcendencia do concepto de democracia.
B3.17.	Entender a transcendencia do concepto de colonización
B3.18.	Distinguir entre o sistema político grego e o helenístico.
B3.19.	Entender o alcance do clásico na arte e na cultura occidentais
B3.20.	Caracterizar os trazos principais da sociedade, a economía e a cultura romanas, e recoñecer os conceptos de cambio e continuidade na historia da Roma antiga.
B3.21.	Identificar e describir os trazos característicos de obras da arte grega e romana, diferenciando entre os que son específicos.
B3.22.	Establecer conexións entre o pasado da Hispania romana e o presente

Os estándares de aprendizaxe avaliábeis son as especificacións dos criterios de avaliación que permiten definir os resultados de aprendizaxe e que concretan o que o alumnado debe saber, comprender e saber facer en cada disciplina.

Os estándares de aprendizaxe básicos desta área, sinalados no cadro seguinte, se corresponden co grao mínimo de consecución para superar a materia. Debe ser entendido como unha situación de aprendizaxe precisa e explícita que o alumnado debe saber e saber-facer e que será considerada a como unha aprendizaxe imprescindible sen o cal o alumnado podería ter graves dificultades para continuar o proceso de ensino- aprendizaxe na nosa materia.

Os estándares do cadro seguinte son considerados **estándares de aprendizaxe básicos polo que o grao de consecución é do 100% para superar a materia.**

O criterio adoptado polo Departamento para fixar este valor, xunto cos de 50 e 25 %, cos que se determinan tódolos estándares expostos nas táboas de cada curso establecidas ó final desta Programación, responden ás seguintes consideracións :

100 %	Estándares obrigatoriamente contemplados nos Procedementos e Instrumentos de Avaliación. Avaliación, cualificación positiva segundo os Criterios desta Programación trae consigo a superación dos estándares avaliados.
50%	Estándares complementarios contemplados nos Procedementos e Instrumentos de Avaliación. Non serán decisivos para acadar unha cualificación positiva.
25%	Estándares con tratamento optativo, traballados según evolución e dinámica de cada curso/grupo. Seguimento e valoración a través do apartado "traballo do alumno" establecido nos Criterios de Avaliación desta Programación.

Estándares de aprendizaxe básicos
BLOQUE 1. O MEDIO FÍSICO
XHB1.1.1. Interpreta como inflúen os movementos astronómicos na distribución da radiación solar e nas zonas bioclimáticas do planeta
XHB1.3.1. Clasifica e distingue tipos de imaxes de satélite e mapas.
XHB1.4.1. Localiza un punto xeográfico nun planisferio e distingue os hemisferios da Terra e as súas principais características
XHB1.4.2. Localiza espazos xeográficos e lugares nun mapa, utilizando datos de coordenadas xeográficas.
XHB1.6.1. Localiza nun mapa físico mundial os elementos e as referencias físicas principais: mares e océanos, continentes, illas e arquipélagos máis importantes, ríos e cadeas montañosas principais.
XHB1.6.2. Elabora climogramas e mapas que sitúen os climas do mundo e reflectan os elementos máis importantes.
XHB1.7.1. Explica as características xerais do relevo europeo.
XHB1.8.1. Localiza no mapa as unidades e os elementos principais do relevo europeo
XHB1.9.1. Clasifica e localiza nun mapa os tipos de clima de Europa.
BLOQUE 3. A HISTORIA
XHB3.3.1. Ordena temporalmente algúns feitos históricos e outros feitos salientables, utilizando para iso as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade.
XHB3.5.1. Utiliza o vocabulario histórico e artístico imprescindible para cada época.
XHB3.6.1. Recoñece os cambios evolutivos ata chegar á especie humana.
XHB3.7.1. Distingue etapas dentro da historia antiga.
XHB3.8.1. Realiza diversos tipos de eixes cronolóxicos e mapas históricos.
XHB3.9.1. Explica a diferenza entre os dous períodos en que se divide a prehistoria e describe as características básicas da vida en cada un.
XHB3.11.1. Describe formas de organización socio-económica e política, novas ata entón, como os imperios de Mesopotamia e de Exipto.
XHB3.12.1. Diferencia entre as fontes prehistóricas (restos materiais e ágrafos) e as fontes históricas (textos).
XHB3.13.1. Interpreta un mapa cronolóxico-xeográfico da expansión exipcia.
XHB3.13.2. Describe as principais características das etapas históricas en que se divide Exipto.
XHB3.14.1. Explica como materializaban os exipcios a súa crenza na vida do alén.
XHB3.15.1. Localiza nun mapa os principais exemplos da arquitectura exipcia e da mesopotámica.
XHB3.16.1. Identifica trazos da organización socio-política e económica das polis gregas a partir de fontes históricas de diferentes tipos
XHB3.17.1. Localiza nun mapa histórico as colonias gregas do Mediterráneo.
XHB3.19.1. Explica as características esenciais da arte grega e a súa evolución no tempo.
XHB3.20.1. Confecciona un mapa coas etapas da expansión de Roma.
XHB3.21.1. Compara obras arquitectónicas e escultóricas de época grega e romana.
XHB3.22.1. Fai un mapa da Península Ibérica onde se reflecten os cambios administrativos en época romana.
XHB3.22.2. Analiza exemplos do legado romano que sobreviven na actualidade.

3.d.3 Procedementos e instrumentos de avaliación.

Para a avaliación dos estándares de aprendizaxe compre a utilización de procedementos e instrumentos de avaliación diversos . Nos *procedementos de avaliación* recollemos os métodos que fan posible contrastar o grao de aprendizaxe da materia tendo en conta os diferentes elementos que constitúen o currículo. Os *instrumentos de avaliación* constitúen o soporte físico que se emprega para recoller a información sobre as aprendizaxes. No curso 1º da ESO utilizaráanse os seguintes dependendo do estándar que se queira avaliar:

Procedementos	Instrumentos
Observación OB	Caderno do profesor.
Análise de producións dos alumnos PA	Caderno de clase. Normas explicitadas.
	Resolución de exercicios e prácticas realizadas na clase
	Realización de traballos individuais ou en grupo.
Expresións orais EO	Caderno do profesor
Probos específicas PE	Probos escritas de diferentes tipos
	Probos orais

Procedementos de avaliación

- OB Observación sistemática do alumno: traballo e participación do alumno nas tarefas de clase.
- PA Análise da produción dos alumnos : Expresión nun caderno de clase das actividades realizadas e correxidas polo alumno. Intervencións orais na clase, especialmente aquelas que requiran unha preparación previa . Elaboración de resumos, monografías, informes...
- EO Expresións orais: valoración da súa creatividade e investigación persoal. Valoración do seu grado de interese pola materia, da súa participación positiva nas postas en común.
- PE Probos específicas, orais ou escritas. Controis escritos que abarcarán unha parte limitada da materia e exames que abarcarán unha ou varias unidades didácticas.

Instrumentos de avaliación

- Avaliación inicial dos coñecementos previos que servirá de referencia para ver a evolución e progreso dos alumnos/as.
- Caderno do profesor no que se rexistrarán o traballo do alumnado na clase e a súa participación nas actividades orais e escritas.
- O caderno do alumno/a que amosa o seu método de traballo, a orde e a presentación correcta, a realización e corrección dos exercicios e as técnicas de traballo desenvolvidas. Normas, rúbricas, da Libreta recollidas en 19. Anexo táboas.
- Traballos feitos individualmente ou en grupo.
- Lecturas relacionada coa materia.
- Realización de probos escritas dos diferentes tipos de contidos traballados previamente na aula, podendo ser este de preguntas curtas, de respostas directas, de tipo test, de preguntas teóricas a desenrolar, etc... que serán fixados dependendo do desenvolvemento da materia. Probos orais
- Probos prácticas de xeografía, tentando lograr un correcto coñecemento xeográfico, tanto físico coma político, por parte do alumnado.

O alumno será informado dos criterios empregados na cualificación dos instrumentos de avaliación.

3.e Concrecións metodolóxicas que require a materia

O tratamento metodolóxico da materia débese axustar ao *nivel competencial inicial* do alumnado, partindo cando cumpra de aprendizaxes máis simples, *respectando ritmos e estilos de aprendizaxe* que teñan en conta a atención á diversidade. Pártese do nivel de desenvolvemento do alumno, nos seus distintos aspectos, para construír, a partir de aí, outras aprendizaxes que favorezan e melloren este nivel de desenvolvemento.

A adopción das competencias básicas como finalidades formativas da etapa leva a un modelo de aprendizaxe activo . A *metodoloxía* didáctica neste etapa será nomeadamente *activa e participativa*, favorecendo o *traballo individual e o cooperativo* do alumnado, así como o logro dos obxectivos e das competencias correspondentes..

Todos estes principios teñen como finalidade que os alumnos sexan, gradualmente, capaces de *aprender de forma autónoma* nuha tarefa cotiá dirixida e orientada polo profesor a partir de materiais de traballo (o propio libro de texto e os materiais proporcionados polo Departamento).

Dáselle prioridade á comprensión dos contidos que se traballan fronte á súa aprendizaxe mecánica , *memorización comprensiva*, . Propíciense oportunidades para poñer en práctica os novos coñecementos, de modo que o alumno poida comprobar o interese e a utilidade do aprendido. Foméntase a reflexión persoal sobre o realizado e a elaboración de conclusións con respecto ao que se aprendeu, de modo que o alumno poida analizar o seu progreso respecto aos seus coñecementos.

A materia de Xeografía e Historia permite desenvolver metodoloxías activas, nas que á realización de tarefas,a resolución de problemas e a aprendizaxe por proxectos estean permanentemente presentes, con elaboración de diferentes tipos de materiais, integrando de xeito especial as tecnoloxías da información e da comunicación.

3f. Materiais e recursos didácticos.

- Libro de texto : Xeografía e Historia. Celme SM Xerme.
- Material impreso fotocopiado.
- Presentacións en Power-Point, Prezi e outros recursos on line.
- Recursos do Departamento na aula virtual. Uso dos portatis EVA-Edixgal.

3g. Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado

CONVOCATORIA ORDINARIA

A materia estará dividida en tres partes, correspondentes a cada unha das avaliacións do curso.Para aprobar a asignatura necesítase obter avaliación positiva (cinco ou superior) en cada una das tres partes. **A nota final da Convocatoria Ordinaria será resultado da media das tres avaliacións do curso, sempre e cando resulten aprobadas**, redondeando cara o enteiro superior a partir de 0,5 e situándose no enteiro natural cando á décima se sitúe por baixo de 0,5.

Os referentes para a comprobación do grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos da etapa nas avaliacións continua e final das materias dos bloques de materias troncais, específicas e de libre configuración autonómica serán os criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe.

Para o Departamento o conxunto de estándares básicos valorarase nun 100%. Cada un dos estándares de aprendizaxe básicos ten igual valor. As cualificacións de cada avaliación resultarán da

avaliación dos estándares de aprendizaxe segundo a ponderación previamente feita nesta mesma programación.

A nota de cada avaliación estará formada, nun 75% pola cualificación mediante as probas *específicas* e nun 25% pola valoración do traballo desenvolvido polo alumno.

Probas específicas

- A cualificación das probas obxectivas, escritas, será de 0 a 10. Cada cuestión, pregunta, do examen estará acompañada da puntuación outorgada a mesma e a suma total equivaldrá a nota de 10.
- Haberá dous exames, probas, escritos por avaliación. Os contidos e estándares traballados en cada avaliación constituirán o 100% da nota de cada examen. Os criterios de avaliación guiarán o tipo de preguntas, cuestións, a desenvolver en cada proba, quedando a criterio do profesor o modelo de preguntas, cuestións (abertas, semiabertas, pechadas) e o número das mesmas a establecer en cada proba.
- Da media dos exames resultará a nota da avaliación por este apartado.
- Á cualificación media final dos exames de cada avaliación será aplicable a porcentaxe establecida (75%)

Traballo do alumno

- Constará de prácticas, notas de clase, traballo diario na aula, lectura de libros, visionado de películas, artigos recomendados, recollida e elaboración de información utilizando recursos informáticos e audiovisuais, así mesmo terase en conta a asistencia, comportamento e o interese mostrado polo alumno na materia.
- O desglose do 25 % aplicado neste apartado será o seguinte:

	1	0,5	0,2	0
Libreta Presentación		Se axusta as normas	Non as mantén de forma regular	Deslabazada
Libreta Contidos		Traballados	Incompletos	Moi incompletos
Elaboración de fichas/traballos	Moi boa	Boa	Regular	Mala/ Non presentados
Traballo/Participación en clase		Boa	Correcta	Pobre/Irrelevante

Recuperacións e exame final

Das dúas primeiras avaliacións, para os alumnos que suspenderan a materia, existirá una recuperación. Para a terceira existirá soamente a posibilidade de presentarse a recuperación final. A recuperación final presentaranse soamente aqueles alumnos que teñan avaliación negativa (inferior a cinco) nalgunha das tres avaliacións. Así mesmo para poder presentarse a esta avaliación final deberán ter aprobado (nota de cinco ou superior) nalgunha das tres avaliacións.

Neste exame de recuperación final deberá realizarse un exercicio por cada unha das avaliacións suspensas, e para considerar aprobada a materia deberán acadar aprobado (cinco ou mais) en cada un dos exercicios das avaliacións suspensas. No caso de presentarse con máis dunha avaliación pendente o profesor

determinará cales son as preguntas a contestar por Avaliación, para dese xeito posibilitar a realización de dous exames no tempo destinado para a proba.

Tanto nos exames de recuperación por Avaliación como nos exames de recuperación final as preguntas obedecerán os contidos e estándares básicos reflexados nesta Programación.

Os exames de recuperación supoñen unha nota neta, xa sexa para recuperar unha avaliación nas convocatorias parciais ou final. Tendo en conta este carácter básico e extraordinario, o aprobado será rexistrado como un 5 para obter a nota final na convocatoria ordinaria.

AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA

Constará dunha proba escrita. A proba confeccionarase propoñendo exercicios das diferentes partes e avaliacións da materia procurando que todas elas estean representadas. Na proba darase prioridade a aquelas cuestións que permitan valorar a adquisición das competencias básicas e os mínimos establecidos para cada curso. Para aprobar a materia necesitarase obter avaliación positiva (5 ou máis) na proba.

INCIDENCIAS ESPECIAIS

Aqueles alumnos que sexan sorprendidos polo profesor consultando libros, apuntes ou calquera outra fonte por calquera medio en exames ou exercicios que teñan por obxecto unha avaliación obxectiva, serán advertidos ou se lles ordenará, de inmediato, o cese na realización do exame ou exercicio, pregunta, apartado, de que se trate, segundo a gravidade que o profesor aprecie en cada momento; da mesma maneira se o alumno se comunica con outros para obter unha información a incluír no seu exame ou exercicio. A profesora ou profesor non decidirá suspender a un alumno por indicios, sospeitas ou calquera outra circunstancia que non se observe no momento mesmo de producirse.

3.m Concreción dos elementos transversais

1.-Educación cívica. As competencias sociais e cívicas son na práctica competencias do Departamento. En todos os cursos a historia contribúe decisivamente a formación de cidadáns responsables, conscientes dos seus dereitos e das súas obrigas, así como da herdanza recibida e do seu compromiso coas xeracións futuras.

2.- A comprensión de lectura, a expresión oral e escrita son elementos presentes en todas as unidades didácticas (traballos escritos, exposicións, uso da prensa...).

3.-Tecnoloxías da información e da comunicación. Neste curso tanto nos contidos de xeografía como de historia traballamos a busca e selección de información a través de Internet para cumprimentar información, busca de datos, realización de traballos, etc. Os alumnos deben saber buscar información para transformarlá en coñecemento.

4.-O desenvolvemento sustentable e o medio son elementos que están permanentemente presentes na materia de xeografía..

6.-Os riscos de explotación e o abuso e maltrato están presentes nos temas de historia. Así o traballo infantil, o esclavismo, a discriminación por sexo e raza están presentes no curriculum da materia.

4 . PROGRAMACIÓN 2º ESO CC.SS : XEOGRAFÍA E HISTORIA (b,d,e,f,g,m)

4.b Contribución ao desenvolvemento das competencias clave. Concreción que recolle a relación dos estándares de aprendizaxe avaliados que forman parte dos perfís de competencias.

O Decreto 86/2015 de xuño, polo que se establece o currículo de Educación Secundaria na Comunidade Autónoma de Galicia, define as competencias como as capacidades para aplicar de xeito integrado os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, co fin de lograr a realización adecuada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos e expón as seguintes competencias clave :

- 1ª) Comunicación lingüística (CCL)
- 2ª) Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT)
- 3ª) Competencia dixital (CD)
- 4ª) Aprender a aprender (CAA)
- 5ª) Competencias sociais e cívicas (CSC)
- 6ª) Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)
- 7ª) Conciencia e expresións culturais (CCEC)

CONCRECIÓN DE CADA ESTÁNDAR CAS COMPETENCIA CLAVE							
CURSO: 2º ESO XEOGRAFÍA E HISTORIA							
	CCL	CMCT	CD	CSC	CAA	CSIEE	CCEC
Estándares de aprendizaxe avaliados TOTAL: 43	23	30	27	31	32	0	5
Relación coas competencias básicas %	53%	70%	63 %	72%	74%	0%	12%

A achega da materia de Xeografía e Historia ao desenvolvemento das competencias clave é moi salientable. No curso 2º da ESO , a través da materia se desenvolven a maioría das competencias,coa excepción da competencia sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) que ten unha presenza relevante en 3º. A competencia aprender a aprender está presente en todos os estándares de aprendizaxe de xeografía e na maioría de historia.Xunto ás competencias sociais e cívicas son as que teñen un maior desenvolvemento en 2º da ESO.

O importante peso da xeografía humana, xunto coa continuidade da xeografía física, maniféstanse na súa contribución ao desenvolvemento da competencia dixital , e á competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía presente en menor medida no bloque de historia . A competencia de comunicación lingüística está presente nos dous bloques. A competencia de conciencia e expresións culturais está presente pola relación que o estudo da evolución do pensamento e da cultura teñen na historia.

Para unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo, deseñáronse actividades de aprendizaxe integradas que lle permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo. Para isto, aproveitaranse as posibilidades que ofrecen as metodoloxías de proxectos.

4.d Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable.

4.d.1 Temporalización

A temporalización foi realizada tendo en conta os seguintes datos:

2º ESO	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
Xeografía	17	17	27
Historia	12	12	16

Relación de unidades didácticas

1º TRIMESTRE A historia	2º TRIMESTRE O espazo humano	3º TRIMESTRE O medio físico
1/A Idade Media: Bizancio, o Islam e o Imperio Carolinxio 2/ A sociedade feudal. A arte románica. 3/ Cidades e reinos medievais. A arte gótica. 4/A península ibérica entre os séculos VIII e XII 5/ A península ibérica entre os séculos XIII e XV	1/A poboación mundial 2/A poboación europea e española 3/Un mundo de cidades 4/A organización política da sociedade.	1/ O medio físico de España 2/O medio físico de Galicia 3/Espazos bioclimáticos e paisaxes da Península Ibérica

4.d.2 Grao mínimo de consecución para superar a materia

Os criterios de avaliación son o referente específico para avaliar a aprendizaxe do alumnado. Describen aquilo que se quere valorar e que o alumnado debe lograr, tanto en coñecementos coma en competencias, e responden ao que se pretende conseguir en cada disciplina.

Criterios de avaliación
▪ Bloque 1. O medio físico
▪ B1.1. Localizar espazos xeográficos e lugares nun mapa ou nunha imaxe de satélite, utilizando datos de coordenadas xeográficas.
▪ B1.2. Ter unha visión global do medio físico de España e de Galicia, e das súas características xerais.
▪ B1.3. Situar no mapa de España as unidades e os elementos principais do relevo peninsular, así como os grandes conxuntos ou espazos bioclimáticos.
▪ B1.4. Situar no mapa de Galicia as unidades e os elementos principais do relevo, así como os grandes conxuntos ou espazos bioclimáticos.
▪ B1.5. Coñecer e describir os grandes conxuntos bioclimáticos que conforman o espazo xeográfico español e galego.
▪ B1.6. Coñecer os principais espazos naturais de España e de Galicia.
▪ B1.7. Coñecer, describir e valorar a acción do ser humano sobre o ambiente español e galego, e as súas consecuencias.
▪ Bloque 2. O espazo humano
▪ B2.1. Comentar a información en mapas do mundo sobre a densidade de poboación e as migracións.
▪ B2.2. Analizar a poboación europea no relativo á súa distribución, evolución e dinámica, e ás súas migracións e políticas de poboación.
▪ B2.3. Analizar as características da poboación española, a súa distribución, dinámica e evolución, e os movementos migratorios.

▪ B2.4. Analiza as características da poboación de Galicia, a súa distribución, dinámica e evolución, e os movementos migratorios
▪ B2.5. Sinalar nun mapamundi as grandes áreas urbanas, e identificar e comentar o papel das cidades mundiais como dinamizadoras da economía das súas rexións.
▪ B2.6. Comprender o proceso de urbanización, os seus proles e os seus contras en Europa.
▪ B2.7. Recoñecer as características das cidades españolas e galegas, e as formas de ocupación do espazo urbano.
▪ B2.8. Coñecer os principais espazos naturais protexidos a nivel peninsular e insular.
▪ B2.9. Identificar as principais paisaxes humanizadas españolas e galegas, e identificalas por comunidades autónomas.
▪ B2.10. Coñecer e analizar os problemas e os retos ambientais que afronta España, a súa orixe e as posibles vías para afrontar estes problemas.
▪ Bloque 3. A historia
▪ B3.1. Recoñecer que o pasado non está "morto e enterrado", senón que determina o presente e os posibles futuros e espazos, ou inflúe neles.
▪ B3.2. Identificar, nomear e clasificar fontes históricas, e explicar diferenzas entre interpretacións de fontes diversas.
▪ B3.3. Explicar as características de cada tempo histórico e certos acontecementos que determinaron cambios fundamentais no rumbo da historia, diferenciando períodos que facilitan o seu estudo e a súa interpretación.
▪ B3.4. Entender que os acontecementos e os procesos ocorren ao longo do tempo e á vez no tempo (diacronía e sincronía).
▪ B3.5. Utilizar o vocabulario histórico e artístico con precisión, inseríndoo no contexto adecuado.
▪ B3.6. Caracterizar a alta Idade Media en Europa e recoñecer a dificultade da falta de fontes históricas neste período.
B3.7. Describir a nova situación económica, social e política dos reinos xermánicos.
▪ B3.8. Explicar a organización feudal e as súas consecuencias.
▪ B3.9. Analizar a evolución dos reinos cristiáns e musulmáns, nos seus aspectos socioeconómicos, políticos e culturais.
▪ B3.10. Entender o proceso das conquistas e a repoboación dos reinos cristiáns na Península Ibérica e as súas relacións con Al-Andalus.
▪ B3.11. Entender o concepto de crise e as súas consecuencias económicas e sociais.
▪ B3.12. Comprender as características e as funcións da arte na Idade Media.

Os estándares de aprendizaxe avaliábeis son as especificacións dos criterios de avaliación que permiten definir os resultados de aprendizaxe e que concretan o que o alumnado debe saber, comprender e saber facer en cada disciplina.

Os estándares de aprendizaxe básicos desta área, sinalados no cadro seguinte, se corresponden co grao mínimo de consecución para superar a materia. Debe ser entendido como unha situación de aprendizaxe precisa e explícita que o alumnado debe saber e saber-facer e que será considerada a como unha aprendizaxe imprescindible sen o cal o alumnado podería ter graves dificultades para continuar o proceso de ensino- aprendizaxe na nosa materia.

Os estándares do cadro seguinte son considerados **estándares de aprendizaxe básicos polo que o grao de consecución é do 100% para superar a materia.**

O criterio adoptado polo Departamento para fixar este valor, xunto cos de 50 e 25 %, cos que se determinan tódolos estándares expostos nas táboas de cada curso establecidas ó final desta Programación, responden ás seguintes consideracións :

100 %	Estándares obrigatoriamente contemplados nos Procedementos e Instrumentos de Avaliación. Avaliación, cualificación positiva segundo os Criterios desta Programación trae consigo a superación dos estándares avaliados.
50%	Estándares complementarios contemplados nos Procedementos e Instrumentos de Avaliación. Non serán decisivos para acadar unha cualificación positiva.
25%	Estándares con tratamento optativo, traballados según evolución e dinámica de cada curso/grupo. Seguimento e valoración a través do apartado "traballo do alumno" establecido nos Criterios de Avaliación desta Programación.

Estándares de aprendizaxe básicos	
BLOQUE 1. O MEDIO FÍSICO	
▪	XHB1.1.1. Localiza espazos xeográficos e lugares nun mapa de España e de Galicia, utilizando datos de coordenadas xeográficas.
▪	XHB1.2.1. Enumera e describe as peculiaridades do medio físico español e galego.
▪	XHB1.3.1. Sitúa nun mapa físico as principais unidades do relevo español.
▪	XHB1.3.2. Describe as unidades de relevo con axuda do mapa físico de España.
▪	XHB1.4.1. Sitúa nun mapa físico as principais unidades do relevo galego.
▪	XHB1.4.2. Describe as unidades de relevo con axuda do mapa físico de Galicia.
▪	XHB1.5.1. Localiza nun mapa os grandes conxuntos ou espazos bioclimáticos de España.
Bloque 2. O espazo humano	
▪	XHB2.1.1. Localiza no mapa mundial os continentes e as áreas máis densamente poboadas.
▪	XHB2.1.2. Explica o impacto das ondas migratorias nos países de orixe e nos de acollemento.
▪	XHB2.2.1. Explica as características da poboación europea.
▪	XHB2.3.1. Explica a pirámide de poboación de España e das súas comunidades autónomas.
▪	XHB2.4.1. Coñece o proceso da emigración galega, as súas etapas e os destinos principais.
▪	XHB2.5.1. Realiza un gráfico con datos da evolución do crecemento da poboación urbana no mundo.
▪	XHB2.5.2. Sitúa no mapa do mundo as vinte cidades máis poboadas, di a que país pertencen e explica a súa posición económica.
▪	XHB2.6.2. Distingue os tipos de cidades do noso continente.
▪	XHB2.8.1. Sitúa os parques naturais españois nun mapa, e explica a situación actual dalgúns deles.
▪	XHB2.10.1. Compara paisaxes humanizadas españolas segundo a súa actividade económica.
Bloque 3. A historia	
▪	XHB3.1.1. Identifica elementos materiais, culturais ou ideolóxicos que son heranza do pasado.
▪	XHB3.2.1. Nomea e identifica catro clases de fontes históricas.
▪	XHB3.3.1. Ordena temporalmente algúns feitos históricos e outros feitos salientables, utilizando para iso as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade.
▪	XHB3.3.2. Realiza diversos tipos de eixes cronolóxicos e mapas históricos.
▪	XHB3.4.1. Entende que varias culturas convivían á vez en diferentes enclaves xeográficos.
▪	XHB3.5.1. Utiliza o vocabulario histórico e artístico imprescindible para cada época.
▪	XHB3.7.1. Compara as formas de vida (en diversos aspectos) do Imperio Romano coas dos reinos xermánicos
▪	XHB3.8.1. Caracteriza a sociedade feudal e as relacións entre señores e campesiños.
▪	XHB3.9.1. Comprende as orixes do Islam e o seu alcance posterior.
▪	XHB3.9.2. Explica a importancia de Al-Andalus na Idade Media.
▪	XHB3.10.1. Interpreta mapas que describen os procesos de conquista e repoboación cristiás na Península Ibérica.
▪	XHB3.10.2. Explica a importancia do Camiño de Santiago.
▪	XHB3.11.1. Comprende o impacto dunha crise demográfica e económica nas sociedades medievais europeas.
▪	XHB3.12.1. Describe características da arte románica, gótica e islámica.

4.d.3 Procedementos e instrumentos de avaliación.

Para a avaliación dos estándares de aprendizaxe compre a utilización de procedementos e instrumentos de avaliación diversos . Nos *procedementos de avaliación* recollemos os métodos que fan posible contrastar o grao de aprendizaxe da materia tendo en conta os diferentes elementos que constitúen o currículo. Os *instrumentos de avaliación* constitúen o soporte físico que se emprega para recoller a información sobre as aprendizaxes. No curso 2º da ESO utilizaráanse os seguintes dependendo do estándar que se queira avaliar:

Procedementos	Instrumentos
Observación OB	Caderno do profesor.
Análise de producións dos alumnos PA	Caderno de clase. Normas explicitadas
	Resolución de exercicios e prácticas realizadas na clase
	Realización de traballos individuais ou en grupo.
Expresións orais EO	Caderno do profesor
Probas específicas PE	Probas escritas de diferentes tipos
	Probas orais

Procedementos de avaliación

- OB Observación sistemática do alumno: traballo e participación do alumno nas tarefas de clase.
- PA Análise da produción dos alumnos : Expresión nun caderno de clase das actividades realizadas e correxidas polo alumno. Intervencións orais na clase, especialmente aquelas que requiran unha preparación previa . Elaboración de resumos, monografías, informes...
- EO Expresións orais: valoración da súa creatividade e investigación persoal. Valoración do seu grado de interese pola materia, da súa participación positiva nas postas en común.
- PE Probas específicas, orais ou escritas. Controis escritos que abarcarán unha parte limitada da materia e exames que abarcarán unha ou varias unidades didácticas.

Instrumentos de avaliación

- Avaliación inicial dos coñecementos previos que servirá de referencia para ver a evolución e progreso dos alumnos/as.
- Caderno do profesor no que se rexistrarán o traballo do alumnado na clase e a súa participación nas actividades orais e escritas.
- O caderno do alumno/a que amosa o seu método de traballo, a orde e a presentación correcta, a realización e corrección dos exercicios e as técnicas de traballo desenvolvidas. Normas, rúbricas, da Libreta recollidas en 19. Anexo táboas.
- Traballos feitos individualmente ou en grupo.
- Lecturas relacionada coa materia.
- Realización de probas escritas dos diferentes tipos de contidos traballados previamente na aula, podendo ser este de preguntas curtas, de respostas directas, de tipo test, de preguntas teóricas a desenrolar, etc... que serán fixados dependendo do desenvolvemento da materia. Probas orais
- Probas prácticas de xeografía, tentando lograr un correcto coñecemento xeográfico, tanto físico coma político, por parte do alumnado.

O alumno será informado dos criterios empregados na cualificación dos instrumentos de avaliación.

4.e Concrecións metodolóxicas que require a materia

O tratamento metodolóxico da materia débese axustar ao *nivel competencial inicial* do alumnado, partindo cando cumpra de aprendizaxes máis simples, *respectando ritmos e estilos de aprendizaxe* que teñan en conta a atención á diversidade. Pártese do nivel de desenvolvemento do alumno, nos seus distintos aspectos, para construír, a partir de aí, outras aprendizaxes que favorezan e melloren este nivel de desenvolvemento.

A adopción das competencias básicas como finalidades formativas da etapa leva a un modelo de aprendizaxe activo . A *metodoloxía* didáctica neste etapa será nomeadamente *activa e participativa*, favo recendo o *traballo individual e o cooperativo* do alumnado, así como o logro dos obxectivos e das competencias correspondentes..

Todos estes principios teñen como finalidade que os alumnos sexan, gradualmente, capaces de *aprender de forma autónoma* nuha tarefa cotiá dirixida e orientada polo profesor a partir de materiais de traballo (o propio libro de texto e os materiais proporcionados polo Departamento).

Dáselle prioridade á comprensión dos contidos que se traballan fronte á súa aprendizaxe mecánica , *memorización comprensiva*, . Propíciense oportunidades para poñer en práctica os novos coñecementos, de modo que o alumno poida comprobar o interese e a utilidade do aprendido. Foméntase a reflexión persoal sobre o realizado e a elaboración de conclusións con respecto ao que se aprendeu, de modo que o alumno poida analizar o seu progreso respecto aos seus coñecementos.

A materia de Xeografía e Historia permite desenvolver metodoloxías activas, nas que á realización de tarefas,a resolución de problemas e a aprendizaxe por proxectos estean permanentemente presentes, con elaboración de diferentes tipos de materiais, integrando de xeito especial as tecnoloxías da información e da comunicación.

4f. Materiais e recursos didácticos.

- Libro de texto : 2º E.S.O. Xeografía e Historia. Celme SM Xerme.
- Material impreso fotocopiabile.
- Presentacións en Power-Point, Prezi e outros recursos on line.
- Unidades e materiais de traballo
- Recursos do Departamento na aula virtual. Uso dos portatis EVA-Edixgal.

4g. Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado

CONVOCATORIA ORDINARIA

A materia estará dividida en tres partes, correspondentes a cada unha das avaliacións do curso.Para aprobar a asignatura necesítase obter avaliación positiva (cinco ou superior) en cada una das tres partes. **A nota final da Convocatoria Ordinaria será resultado da media das tres avaliacións do curso, sempre e**

cando resulten aprobadas, redondeando cara o enteiro superior a partir de 0,5 e situándose no enteiro natural cando á décima se sitúe por baixo de 0,5.

Os referentes para a comprobación do grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos da etapa nas avaliacións continua e final das materias dos bloques de materias troncais, específicas e de libre configuración autonómica serán os criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe.

Para o Departamento o conxunto de estándares básicos valorarase nun 100%. Cada un dos estándares de aprendizaxe básicos ten igual valor. As cualificacións de cada avaliación resultarán da avaliación dos estándares de aprendizaxe segundo a ponderación previamente feita nesta mesma programación.

A nota de cada avaliación estará formada, nun 75% pola cualificación mediante as probas *específicas* e nun 25% pola valoración do traballo desenvolvido polo alumno.

Probas específicas

- A cualificación das probas obxectivas, escritas, será de 0 a 10. Cada cuestión, pregunta, do examen estará acompañada da puntuación outorgada a mesma e a suma total equivaldrá a nota de 10.
- Haberá dous exames, probas, escritos por avaliación. Os contidos e estándares traballados en cada avaliación constituirán o 100% da nota de cada examen. Os criterios de avaliación guiarán o tipo de preguntas, cuestións, a desenvolver en cada proba, quedando a criterio do profesor o modelo de preguntas, cuestións (abertas, semiabertas, pechadas) e o número das mesmas a establecer en cada proba.
- Da media dos exames resultará a nota da avaliación por este apartado.
- Á cualificación media final dos exames de cada avaliación será aplicable a porcentaxe establecida (75%)

Traballo do alumno

- Constará de prácticas, notas de clase, traballo diario na aula, lectura de libros, visionado de películas, artigos recomendados, recollida e elaboración de información utilizando recursos informáticos e audiovisuais, así mesmo terase en conta a asistencia, comportamento e o interese mostrado polo alumno na materia.
- O desglose do 25 % aplicado neste apartado será o seguinte:

	1	0,5	0,2	0
Libreta Presentación		Se axusta as normas	Non as mantén de forma regular	Deslabazada
Libreta Contidos		Traballados	Incompletos	Moi incompletos
Elaboración de fichas/traballos	Moi boa	Boa	Regular	Mala/ Non presentados
Traballo/Participación en clase		Boa	Correcta	Pobre/Irrelevante

Recuperacións e exame final

Das dúas primeiras avaliacións, para os alumnos que suspenderan a materia, existirá una recuperación. Para a terceira existirá soamente a posibilidade de presentarse a recuperación final.

A recuperación final presentarase soamente aqueles alumnos que teñan avaliación negativa (inferior a cinco) nalgunha das tres avaliacións. Así mesmo para poder presentarse a esta avaliación final deberán ter aprobado (nota de cinco ou superior) nalgunha das tres avaliacións.

Neste exame de recuperación final deberá realizarse un exercicio por cada unha das avaliacións suspensas, e para considerar aprobada a materia deberán acadar aprobado (cinco ou mais) en cada un dos exercicios das avaliacións suspensas. No caso de presentarse con máis dunha avaliación pendente o profesor determinará cales son as preguntas a contestar por Avaliación, para dese xeito posibilitar a realización de dous exames no tempo destinado para a proba.

Tanto nos exames de recuperación por Avaliación como nos exames de recuperación final as preguntas obedecerán os contidos e estándares básicos reflexados nesta Programación.

Os exames de recuperación supoñen unha nota neta, xa sexa para recuperar unha avaliación nas convocatorias parciais ou final. Tendo en conta este carácter básico e extraordinario, o aprobado será rexistrado como un 5 para obter a nota final na convocatoria ordinaria.

AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA

Constará dunha proba escrita. A proba confeccionarase propoñendo exercicios das diferentes partes e avaliacións da materia procurando que todas elas estean representadas. Na proba darase prioridade a aquelas cuestións que permitan valorar a adquisición das competencias básicas e os mínimos establecidos para cada curso. Para aprobar a materia necesitarase obter avaliación positiva (5 ou máis) na proba.

INCIDENCIAS ESPECIAIS

Aqueles alumnos que sexan sorprendidos polo profesor consultando libros, apuntes ou calquera outra fonte por calquera medio en exames ou exercicios que teñan por obxecto unha avaliación obxectiva, serán advertidos ou se lles ordenará, de inmediato, o cese na realización do exame ou exercicio, pregunta, apartado, de que se trate, segundo a gravidade que o profesor aprecie en cada momento; da mesma maneira se o alumno se comunica con outros para obter unha información a incluír no seu exame ou exercicio. A profesora ou profesor non decidirá suspender a un alumno por indicios, sospeitas ou calquera outra circunstancia que non se observe no momento mesmo de producirse.

4.m Concreción dos elementos transversais

1.-Educación cívica. As competencias sociais e cívicas son na práctica competencias do Departamento. En todos os cursos a historia contribúe decisivamente a formación de cidadáns responsables, conscientes dos seus dereitos e das súas obrigas, así como da herdanza recibida e do seu compromiso coas xeracións futuras.

2.- A comprensión de lectura, a expresión oral e escrita son elementos presentes en todas as unidades didácticas (traballos escritos, exposicións, uso da prensa...).

3.-Tecnoloxías da información e da comunicación. Neste curso tanto nos contidos de xeografía como de historia traballamos a busca e selección de información a través de Internet para cumprimentar información, busca de datos, realización de traballos, etc. Os alumnos deben saber buscar información para transformarlá en coñecemento.

4.-O desenvolvemento sustentable e o medio son elementos que están permanentemente presentes na materia de xeografía..

5.-Os riscos de explotación e o abuso e maltrato están presentes nos temas de historia. Así o traballo infantil, o esclavismo, a discriminación por sexo e raza están presentes no curriculum da materia.

5 . PROGRAMACIÓN 3º ESO : XEOGRAFÍA E HISTORIA (b,d,e,f,g,m)

5.b Contribución ao desenvolvemento das competencias clave. Concreción que recolle a relación dos estándares de aprendizaxe avaliados que forman parte dos perfís de competencias.

O Decreto 86/2015 de xuño, polo que se establece o currículo de Educación Secundaria na Comunidade Autónoma de Galicia, expón as seguintes competencias clave :

expón as seguintes competencias clave :

1ª) Comunicación lingüística (CCL)

2ª) Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT)

3ª) Competencia dixital (CD)

4ª) Aprender a aprender (CAA)

5ª) Competencias sociais e cívicas (CSC)

6ª) Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)

7ª) Conciencia e expresións culturais (CCEC)

CONCRECIÓN DE CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE CAS COMPETENCIAS CLAVE.							
CURSO: 3º ESO XEOGRAFÍA E HISTORIA							
	CCL	CMCT	CD	CSC	CAA	CSIEE	CCEC
Estándares de aprendizaxe avaliados TOTAL: 42	25	19	17	29	36	17	6
Relación coas competencias básicas %	59%	45%	40%	69%	85%	40%	14%

A achega da materia de Xeografía e Historia ao desenvolvemento das competencias clave é moi salientable. No curso 3º da ESO, a través da materia se desenvolven todas as competencias, especialmente a competencia aprender a aprender e as competencias sociais e cívicas en relación con contidos propios tanto de Historia como de Xeografía.

O desenvolvemento das competencia de comunicación lingüística, a competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (especialmente en xeografía) a competencia dixital presentan unha dimensión instrumental estando presentes tanto en xeografía como en historia.

A importancia que a materia ten para o desenvolvemento da competencia de sentido da iniciativa e espírito emprendedor evidénciase na dimensión conceptual desa competencia posta en relación con coñecementos de xeografía e historia económicas, pero tamén na dimensión máis procedemental dela.

A competencia de conciencia e expresións culturais ten unha presenza destacada pola relación que o estudo das manifestacións artísticas e a evolución do pensamento e da cultura teñen na historia.

Para unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo, deseñáronse actividades de aprendizaxe integradas que lle permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo. Para isto, aproveitaranse as posibilidades que ofrecen as metodoloxías de proxectos.

5.d Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable.

5.d.1 Temporalización

A temporalización foi realizada tendo en conta os seguintes datos:

3º ESO	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
Xeografía	14	14	25
Historia	13	13	17

Primeiro trimestre	Segundo trimestre	Terceiro trimestre
1/Organización política do mundo. 2/Unha economía globalizada. 3/O sector primario 4/O sector secundario	1/O sector terciario 2/O desenvolvemento 3/A sustentabilidade medioambiental	1/A Idade Moderna 2/Renacemento e Reforma 3/O Imperio español 4/A Europa do barroco

5.d.2 Grao mínimo de consecución para superar a materia

Os criterios de avaliación son o referente específico para avaliar a aprendizaxe do alumnado. Describen aquilo que se quere valorar e que o alumnado debe lograr, tanto en coñecementos coma en competencias, e responden ao que se pretende conseguir en cada disciplina.

■ Criterios de avaliación
BLOQUE 1. O MEDIO FÍSICO
B1.1. Localizar e interpretar espazos xeográficos e lugares nun mapa ou imaxe satélite
B2.1. Coñecer a organización administrativa e territorial de España.
B2.2. Analizar os datos do peso do sector terciario dun país fronte aos do sector primario e secundario, e extraer conclusións.
B2.3. Recoñecer as actividades económicas que se realizan en Europa nos tres sectores, identificando distintas políticas económicas.
B2.4. Coñecer as características de diversos tipos de sistemas económicos
B2.5. Entender a idea de desenvolvemento sustentable e as súas implicacións.
B2.6. Localizar os recursos agrarios e naturais no mapa mundial.
B2.7. Explica e localiza os tipos de pesca e os seus problemas.
B2.8. Explicar a distribución desigual das rexións industrializadas no mundo.

B2.9. Analizar o impacto dos medios de transporte no seu contorno.
B2.10. Entender os fluxos e os bloques comerciais.
B2.11. Analizar o desenvolvemento do turismo e a súa importancia económica.
B2.12. Analizar gráficos de barras por países e textos onde se reflectan os niveis de consumo, o comercio desigual e a débeda externa entre países en desenvolvemento e os desenvolvidos.
B2.13. Relacionar áreas de conflito bélico no mundo con factores económicos.
BLOQUE 3. A HISTORIA
B3.1. Recoñecer que o pasado non está "morto e enterrado", senón que determina o presente e os posibles futuros e espazos, ou inflúe neles
B3.2. Identificar, nomear e clasificar fontes históricas, e explicar diferenzas entre interpretacións de fontes diversa
B3.3. Explicar as características de cada tempo histórico e certos acontecementos que determinaron cambios fundamentais no rumbo da historia, diferenciando períodos que facilitan o seu estudo e a súa interpretación
B3.4. Entender que os acontecementos e os procesos ocorren ao longo do tempo e á vez no tempo (diacronía e sincronía)
B3.5. Utilizar o vocabulario histórico e artístico con precisión, inseríndoo no contexto adecuado.
B3.6. Comprender a significación histórica da etapa do Renacemento en Europa.
B3.7. Relacionar o alcance da nova ollada dos humanistas, artistas e científicos do Renacemento con etapas anteriores e posteriores.
B3.8. Coñecer a importancia da arte renacentista e barroca en Europa e en América.
B3.9. Coñecer a importancia dalgúns autores e obras destes séculos.
B3.10. Comprender a diferenza entre os reinos medievais e as monarquías modernas
B3.11. Analizar o reinado dos Reis Católicos como unha etapa de transición entre a Idade Media e a Idade Moderna.
B3.12. Entender os procesos de conquista e colonización, e as súas consecuencias.
B3.13. Coñecer trazos das políticas internas e as relacións exteriores dos séculos XVI e XVII en Europa.

Os estándares de aprendizaxe avaliábeis son as especificacións dos criterios de avaliación que permiten definir os resultados de aprendizaxe e que concretan o que o alumnado debe saber, comprender e saber facer en cada disciplina.

Os estándares de aprendizaxe básicos desta área, sinalados no cadro seguinte, se corresponden co grao mínimo de consecución para superar a materia. Debe ser entendido como unha situación de aprendizaxe precisa e explícita que o alumnado debe saber e saber-facer e que será considerada a como unha aprendizaxe imprescindible sen o cal o alumnado podería ter graves dificultades para continuar o proceso de ensino- aprendizaxe na nosa materia.

Os estándares do cadro seguinte son considerados **estándares de aprendizaxe básicos polo que o grao de consecución é do 100% para superar a materia.**

O criterio adoptado polo Departamento para fixar este valor, xunto cos de 50 e 25 %, cos que se determinan tódolos estándares expostos nas táboas de cada curso establecidas ó final desta Programación, responden ás seguintes consideracións :

100 %	Estándares obrigatoriamente contemplados nos Procedementos e Instrumentos de Avaliación. Avaliación, cualificación positiva segundo os Criterios desta Programación trae consigo a superación dos estándares avaliados.
50%	Estándares complementarios contemplados nos Procedementos e Instrumentos de Avaliación. Non serán decisivos para acadar unha cualificación positiva.
25%	Estándares con tratamento optativo, traballados según evolución e dinámica de cada curso/grupo. Seguimento e valoración a través do apartado "traballo do alumno" establecido nos Criterios de Avaliación desta Programación.

▪ Estándares de aprendizaxe básicos
BLOQUE 1. O MEDIO FÍSICO
XHB1.1.2. Localiza espazos xeográficos e lugares nun mapa utilizando datos de coordenadas xeográficas.
XHB1.1.3. Coñece e interpreta os tipos mapas temáticos
BLOQUE 2. O MEDIO HUMANO
XHB2.1.1. Distingue nun mapa político a distribución territorial de España: comunidades autónomas, capitais, provincias e illas.
XHB2.2.1. Compara a poboación activa de cada sector en diversos países e analiza o grao de desenvolvemento que amosan estes datos.
XHB2.3.1. Diferencia os sectores económicos europeos.
XHB2.4.1. Diferencia aspectos concretos e a súa interrelación dentro dun sistema económico.
XHB2.5.1. Define o desenvolvemento sustentable e describe conceptos clave relacionados con el.
XHB2.6.1. Sitúa no mapa as principais zonas cerealistas, como exemplo de recurso agrario no mundo, e as máis importantes masas forestais do mundo.
XHB2.6.2. Localiza e identifica nun mapa as principais zonas produtoras de minerais no mundo.
XHB2.6.3. Localiza e identifica nun mapa as principais zonas produtoras e consumidoras de enerxía no mundo.
XHB2.6.4. Identifica e nomea algunhas enerxías alternativas.
XHB2.7.1. Procura información sobre a sobreexplotación dos caladoiros de pesca, usando recursos impresos e dixitais
XHB2.8.1. Localiza nun mapa os países máis industrializados do mundo, a través de lendas e símbolos adecuados.
XHB2.10.2. Describe as características do comercio internacional na actualidade.
XHB2.11.1. Identifica os tipos de turismo e os seus efectos
XHB2.11.2. Valora a importancia do turismo na economía española e galega.
XHB2.12.3. Describe o funcionamento dos intercambios a nivel internacional, utilizando mapas temáticos e gráficos nos que se reflectan as liñas de intercambio.
XHB2.13.2. Sinala áreas de conflito bélico no mapamundi e relaciónaas con factores económicos.
BLOQUE 3.A HISTORIA
XHB3.1.1. Identifica elementos materiais, culturais ou ideolóxicos que son herdanza do pasado
XHB3.2.1. Nomea e identifica catro clases de fontes históricas.
XHB3.3.1. Ordena temporalmente algúns feitos históricos e outros feitos salientables, utilizando para iso as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade.
XHB3.3.2. Realiza diversos tipos de eixes cronolóxicos e mapas históricos.
XHB3.5.1. Utiliza o vocabulario histórico e artístico imprescindible para cada época.
XHB3.6.1. Distingue modos de periodización histórica (Idade Moderna, Renacemento, Barroco, Absolutismo, etc.).
XHB3.7.1. Identifica trazos do Renacemento e do Humanismo na historia europea, a partir de fontes históricas de diversos tipos.
XHB3.8.1. Coñece obras e legado de artistas, humanistas e científicos da época.
XHB3.10.1. Distingue as características de réximes monárquicos autoritarios, parlamentarios e absolutos.
XHB3.11.1. Comprende os conceptos de cambio e continuidade en relación co reinado dos Reis Católicos.
XHB3.12.1. Explica as causas que conduciron á descuberta de América para Europa, a súa conquista e a súa colonización.
XHB3.12.2. Coñece os principais feitos da expansión de Aragón e de Castela polo mundo

5.d.3 Procedementos e instrumentos de avaliación.

Para a avaliación dos estándares de aprendizaxe compre a utilización de procedementos e instrumentos de avaliación diversos . Nos *procedementos de avaliación* recollemos os métodos que fan posible contrastar o grao de aprendizaxe da materia tendo en conta os diferentes elementos que constitúen o currículo. Os *instrumentos de avaliación* constitúen o soporte físico que se emprega para recoller a información sobre as aprendizaxes. No curso 3º da ESO utilizaráanse os seguintes dependendo do estándar que se queira avaliar:

Procedementos	Instrumentos
Observación OB	Caderno do profesor.
Análise de producións dos alumnos PA	Caderno de clase. Normas explicitadas
	Resolución de exercicios e prácticas realizadas na clase
	Realización de traballos individuais ou en grupo.
Expresións orais EO	Caderno do profesor
Probos específicas PE	Probos escritas de diferentes tipos
	Probos orais

Procedementos de avaliación

- OB Observación sistemática do alumno: traballo e participación do alumno nas tarefas de clase.
- PA Análise da produción dos alumnos : Expresión nun caderno de clase das actividades realizadas e corregidas polo alumno. Intervencións orais na clase, especialmente aquelas que requiran unha preparación previa . Elaboración de resumos, monografías, informes...
- EO Expresións orais: valoración da súa creatividade e investigación persoal. Valoración do seu grado de interese pola materia, da súa participación positiva nas postas en común.
- PE Probos específicas, orais ou escritas. Controis escritos que abarcarán unha parte limitada da materia e exames que abarcarán unha ou varias unidades didácticas.

Instrumentos de avaliación

- Avaliación inicial dos coñecementos previos que servirá de referencia para ver a evolución e progreso dos alumnos/as.
- Caderno do profesor no que se rexistrarán o traballo do alumnado na clase e a súa participación nas actividades orais e escritas.
- O caderno do alumno/a que amosa o seu método de traballo, a orde e presentación correcta, a realización e corrección dos exercicios e as técnicas de traballo desenvolvidas. Normas, rúbricas, da Libreta recollidas en 19. Anexo táboas.
- Traballos feitos individualmente ou en grupo.
- Lecturas relacionada coa materia.
- Realización de probos escritas dos diferentes tipos de contidos traballados previamente na aula, podendo ser este de preguntas curtas, de respostas directas, de tipo test, de preguntas teóricas a desenvolver, etc... que serán fixados dependendo do desenvolvemento da materia. Probos orais
- Probos prácticas de xeografía, tentando lograr un correcto coñecemento xeográfico, tanto físico coma político, por parte do alumnado.

O alumno será informado dos criterios empregados na cualificación dos instrumentos de avaliación.

5.e Concrecións metodolóxicas que require a materia

O tratamento metodolóxico da materia débese axustar ao nivel competencial inicial do alumnado, partindo cando cumpra de aprendizaxes máis simples, respectando ritmos e estilos de aprendizaxe que teñan en conta a atención á diversidade. Pártese do nivel de desenvolvemento do alumno, nos seus distintos aspectos, para construír, a partir de aí, outras aprendizaxes que favorezan e melloren este nivel de desenvolvemento.

A adopción das competencias básicas como finalidades formativas da etapa leva a un modelo de aprendizaxe activo. A metodoloxía didáctica neste etapa será nomeadamente activa e participativa, fendo recendo o traballo individual e o cooperativo do alumnado, así como o logro dos obxectivos e das competencias correspondentes.

Dáselle prioridade á **comprensión** dos contidos que se traballan fronte á súa aprendizaxe mecánica. Propíciense oportunidades para poñer en práctica os novos coñecementos, de modo que o alumno poida comprobar o **interese** e a **utilidade** do aprendido. Foméntase a **reflexión persoal** sobre o realizado e a elaboración de conclusións con respecto ao que se aprendeu, de modo que o alumno poida analizar o seu progreso respecto aos seus coñecementos.

Todos estes principios teñen como finalidade que os alumnos sexan, gradualmente, capaces de **aprender de forma autónoma** nuha tarefa cotiá dirixida e orientada polo profesor a partir de materiais de traballo (o propio libro de texto e os materiais proporcionados polo Departamento).

A materia de Xeografía e Historia permite desenvolver **metodoloxías activas**, nas que o traballo individual e cooperativo e a aprendizaxe por proxectos estean permanentemente presentes, con elaboración de diferentes tipos de materiais, integrando de xeito especial as tecnoloxías da información e da comunicación e cun enfoque orientado á realización de tarefas e á resolución de problemas. Empregaremos a aula virtual con diversos enlaces e material feito polo Departamento para fomentar o emprego das TIC. As actividades serán valoradas para analizar o grao de competencia dixital.

5.f Materiais e recursos didácticos.

- Libro de texto : Xeografía e Historia. Saber Facer Obradoiro-Santillana.
- Presentacións en Power-Point, Prezi e noutros recursos on line.
- Material impreso fotocopiabile.
- Recursos do Departamento na aula virtual.
- Prensa..

5.g Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado

CONVOCATORIA ORDINARIA

A materia estará dividida en tres partes, correspondentes a cada unha das avaliacións do curso. Para aprobar a asignatura necesítase obter avaliación positiva (cinco ou superior) en cada una das tres partes. **A nota final da Convocatoria Ordinaria será resultado da media das tres avaliacións do curso, sempre e cando resulten aprobadas**, redondeando cara o enteiro superior a partir de 0,5 e situándose no enteiro natural cando á décima se sitúe por baixo de 0,5.

Os referentes para a comprobación do grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos da etapa nas avaliacións continua e final das materias dos bloques de materias troncais, específicas e de libre configuración autonómica serán os criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe.

Para o Departamento o conxunto de estándares básicos valorarase nun 100%. Cada un dos estándares de aprendizaxe básicos ten igual valor. As cualificacións de cada avaliación resultarán da avaliación dos estándares de aprendizaxe segundo a ponderación previamente feita nesta mesma programación.

A nota de cada avaliación estará formada, nun 75% pola cualificación mediante as probas específicas e nun 25% pola valoración do traballo desenvolvido polo alumno.

Probas específicas

- A cualificación das probas obxectivas, escritas, será de 0 a 10. Cada cuestión, pregunta, do examen estará acompañada da puntuación outorgada a mesma e a suma total equivaldrá a nota de 10.
- Haberá dous exames, probas, escritos por avaliación. Os contidos e estándares traballados en cada avaliación constituirán o 100% da nota de cada examen. Os criterios de avaliación guiarán o tipo de preguntas, cuestións, a desenvolver en cada proba, quedando a criterio do profesor o modelo de preguntas, cuestións (abertas, semiabertas, pechadas) e o número das mesmas a establecer en cada proba.
- Da media dos exames resultará a nota da avaliación por este apartado.
- Á cualificación media final dos exames de cada avaliación será aplicable a porcentaxe establecida (75%)

Traballo do alumno

- Constará de prácticas, notas de clase, traballo diario na aula, lectura de libros, visionado de películas, artigos recomendados, recollida e elaboración de información utilizando recursos informáticos e audiovisuais, así mesmo terase en conta a asistencia, comportamento e o interese mostrado polo alumno na materia.
- O desglose do 25 % aplicado neste apartado será o seguinte:

	1	0,5	0,2	0
Libreta Presentación		Se axusta as normas	Non as mantén de forma regular	Deslabazada
Libreta Contidos		Traballados	Incompletos	Moi incompletos
Elaboración de fichas/traballo	Moi boa	Boa	Regular	Mala/ Non presentados
Traballo/Participación en clase		Boa	Correcta	Pobre/Irrelevante

Recuperacións e exame final

Das dúas primeiras avaliacións, para os alumnos que suspenderan a materia, existirá una recuperación. Para a terceira existirá soamente a posibilidade de presentarse a recuperación final.

A recuperación final presentaranse soamente aqueles alumnos que teñan avaliación negativa (inferior a cinco) nalgunha das tres avaliacións. Así mesmo para poder presentarse a esta avaliación final deberán ter aprobado (nota de cinco ou superior) nalgunha das tres avaliacións.

Neste exame de recuperación final deberá realizarse un exercicio por cada unha das avaliacións suspensas, e para considerar aprobada a materia deberán acadar aprobado (cinco ou mais) en cada un dos exercicios das avaliacións suspensas. No caso de presentarse con máis dunha avaliación pendente o profesor

determinará cales son as preguntas a contestar por Avaliación, para dese xeito posibilitar a realización de dous exames no tempo destinado para a proba.

Tanto nos exames de recuperación por Avaliación como nos exames de recuperación final as preguntas obedecerán os contidos e estándares básicos reflexados nesta Programación.

Os exames de recuperación supoñen unha nota neta, xa sexa para recuperar unha avaliación nas convocatorias parciais ou final. Tendo en conta este carácter básico e extraordinario, o aprobado será rexistrado como un 5 para obter a nota final na convocatoria ordinaria.

AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA

Constará dunha proba escrita. A proba confeccionarase propoñendo exercicios das diferentes partes e avaliacións da materia procurando que todas elas estean representadas. Na proba darase prioridade a aquelas cuestións que permitan valorar a adquisición das competencias básicas e os mínimos establecidos para cada curso. Para aprobar a materia necesitarase obter avaliación positiva (5 ou máis) na proba.

INCIDENCIAS ESPECIAIS

Aqueles alumnos que sexan sorprendidos polo profesor consultando libros, apuntes ou calquera outra fonte por calquera medio en exames ou exercicios que teñan por obxecto unha avaliación obxectiva, serán advertidos ou se lles ordenará, de inmediato, o cese na realización do exame ou exercicio, pregunta, apartado, de que se trate, segundo a gravidade que o profesor aprecie en cada momento; da mesma maneira se o alumno se comunica con outros para obter unha información a incluír no seu exame ou exercicio. A profesora ou profesor non decidirá suspender a un alumno por indicios, sospeitas ou calquera outra circunstancia que non se observe no momento mesmo de producirse.

5.m Concreción dos elementos transversais

- 1.-Educación cívica. As competencias sociais e cívicas son na práctica competencias do Departamento. A historia contribúe decisivamente a formación de cidadáns responsables, conscientes dos seus dereitos e das súas obrigas, así como da herdanza recibida e do seu compromiso coas xeracións futuras. Destacamos neste curso o estudo da organización política das sociedades, a realización de exercicios e traballos sobre as desigualdades económicas e a súa relación coas tensións mundiais.
- 2.- Comprensión de lectura, a expresión oral e escrita son elementos presentes en todos os cursos (traballos escritos, exposicións, uso da prensa...).
- 3.-Traballo con tecnoloxías da información e da comunicación. de xeito habitual traballamos a busca e selección de información a través de Internet para cumprimentar información, busca de datos, realización de traballos, etc. Os alumnos deben ser capaces de realizar a búsqueda de información a través das novas tecnoloxías para transformarl as en coñecemento. A presenza de ordenadores na aula permite unha maior visibilidade cara aos alumnos da necesidade de incorporar ás TIC como medio de coñecemento.
- 4.-Animar ao emprendemento é un elemento transversal especialmente significativo en 3º da ESO pola importancia da xeografía económica
- 5.-O desenvolvemento sustentable e o medio son elementos que están permanentemente presentes na materia de xeografía (sobreexplotación dos caladoiros, enerxías alternativas...).
- 6.-Os riscos de explotación e o abuso e maltrato están presentes en xeografía analizando as diferenzas nun mundo globalizado e nos temas de historia. Así o traballo infantil, o esclavismo, a discriminación por sexo e raza están presentes no curriculum da materia.

6. PROGRAMACIÓN 4º E.S.O : HISTORIA

(b,d,e,f,g,m)

6.b Contribución ao desenvolvemento das competencias clave. Concreción que recolle a relación dos estándares de aprendizaxe avaliáveis que forman parte dos perfís de competencias.

O Decreto 86/2015 de xuño, polo que se establece o currículo de Educación Secundaria na Comunidade Autónoma de Galicia, define as competencias como as capacidades para aplicar de xeito integrado os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, co fin de lograr a realización adecuada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos e expón as seguintes competencias clave :

- 1ª) Comunicación lingüística (CCL)
- 2ª) Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT)
- 3ª) Competencia dixital (CD)
- 4ª) Aprender a aprender (CAA)
- 5ª) Competencias sociais e cívicas (CSC)
- 6ª) Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)
- 7ª) Conciencia e expresións culturais (CCEC)

CONCRECIÓN DE CADA ESTÁNDAR CAS COMPETENCIA CLAVE							
CURSO: 4º XEOGRAFÍA E HISTORIA							
	CCL	CMCT	CD	CSC	CAA	CSIEE	CCEC
Estándares de aprendizaxe avaliáveis TOTAL:	41	9	3	62	43	3	3
Relación coas competencias básicas %	66%	14%	5 %	100 %	69%	5%	5%

O carácter integrador da materia de Xeografía e Historia en 4º E.S.O fai que a súa aprendizaxe contribúa á adquisición da totalidade das competencias básicas:

Esta materia resulta fundamental para o desenvolvemento da **competencia social e cívica (100%)**, xa que facilita as relacións dentro dun modelo de sociedade cada vez máis plural e, así mesmo, a comprensión da realidade social.

O desenvolvemento desta competencia require ademais o tratamento destes contidos desde unhas metodoloxías participativas, interactivas e de diálogo que propicien habilidades para participar na vida cívica, para asumir os valores democráticos e para o cumprimento dos deberes. Polo tanto, supón o desenvolvemento das competencias relacionadas coa comprensión dos procesos de evolución e cambio das diferentes sociedades que conduciron ao «mundo actual», a identificación das diversas sociedades que conviven e se interrelacionan nun determinado momento histórico.

A contribución á **competencia de conciencia e expresións culturais (5%)**, relaciónase principalmente co seu aspecto de coñecer e valorar as manifestacións do feito artístico. A devandita contribución facilitarase realmente de se contemplaren unha selección de obras de arte relevantes.

Na competencia sobre **matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (14%)**, as contribucións son relevantes; a nosa materia permite e esixe relacións interdisciplinares. A interacción co mundo físico, tanto no que ten de espazo natural coma na medida en que foi transformado pola acción humana e, en moitos aspectos, condicionado, é un aspecto esencial no coñecemento sociohistórico. Estimula a **competencia matemática** en canto que a aprendizaxe en ciencias sociais leva consigo a adquisición de capacidades para manexar elementos e operacións matemáticas básicas na busca de información, na súa

codificación e na súa representación, ademais das destrezas asociadas ao razoamento, á precisión e ao desenvolvemento do pensamento formal

Na medida en que a linguaxe é un vehículo imprescindible de comunicación no proceso de ensino-aprendizaxe, a **competencia en comunicación lingüística (66%)** resulta imprescindible. A lingua é o principal instrumento para organizar o pensamento, para aprender e para explicar. Co discurso é posible describir, narrar, disertar e argumentar e, así mesmo, adquirir un vocabulario preciso e específico da Historia que deberá asumir o alumnado.

No mundo actual é innegable a importancia que ten a **competencia dixital (5%)**, para a comprensión dos fenómenos sociais e históricos: poder contar con certas habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar a información e transformala en coñecemento. As TIC resultan imprescindibles na sociedade da información en que vivimos.

A **competencia para aprender a aprender (69%)** supón iniciarse na aprendizaxe e continuala dun modo autónomo. Do que se trata é de ter ferramentas que faciliten a aprendizaxe e de encontrar repostas que se correspondan cun coñecemento racional, para asumir que poden ser diversas e que é posible atopalas desde distintas perspectivas metodolóxicas.

Para que esta materia contribúa á **Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (5%)** é necesario favorecer o desenvolvemento de iniciativas de planificación e execución, así como procesos de toma de decisións, presentes máis claramente na realización de debates e de traballos individuais ou en grupo xa que implica idear, analizar, planificar, actuar, revisar o feito, comparar os obxectivos previstos cos alcanzados e extraer conclusións.

6.d Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable.

6.d.1 Temporalización

A temporalización foi realizada tendo en conta os seguintes datos:

4º E.S.O	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
Xeografía e Historia	37	37	62

Relación de Unidades Didácticas

PRIMER TRIMESTRE	2º TRIMESTRE	3º TRIMESTRE
1/A crise do Antigo Réxime 2/ Revolucións liberais e nacionalismos 3/ A Revolución industrial e os cambios sociais. 5/ Imperialismo , guerra e revolución	6/O mundo de entreguerras 7/ A Segunda Guerra Mundial 9/A Guerra Fría 10/A descolonización e o terceiro mundo 11/O mundo desde 1945 ata a actualidade	10/A descolonización e o terceiro mundo 11/O mundo desde 1945 ata a actualidade 4/España no S. XIX 8/España: da crise do 98 á Guerra Civil 12/España da ditadura á democracia

6.d.2 Grao mínimo de consecución para superar a materia

Os **criterios de avaliación** son o referente específico para avaliar a aprendizaxe do alumnado. Describen aquilo que se quere valorar e que o alumnado debe lograr, tanto en coñecementos coma en competencias, e responden ao que se pretende conseguir en cada disciplina.

Criterios de avaliación
▪ Bloque 1. O século XVIII en Europa ata 1789
▪ B1.1. Explicar as características do Antigo Réxime nos seus sentidos político, social e económico.
▪ B1.2. Coñecer o alcance da Ilustración como novo movemento cultural e social en Europa e en América.
▪ Bloque 2. A era das revolucións liberais
▪ B2.1. Comprender o alcance e as limitacións dos procesos revolucionarios dos séculos XVIII e XIX.
▪ B2.2. Identificar os principais feitos das revolucións liberais burguesas en Europa e América nos séculos XVIII e XIX.
▪ Bloque 3. A Revolución Industrial
▪ B3.1. Describir os feitos salientables da Revolución Industrial e o seu encadeamento causal.
▪ B3.2. Analizar as vantaxes e os inconvenientes de ser un país pioneiro nos cambios.
▪ B3.3. Entender o concepto de progreso, e os sacrificios e os avances que leva consigo.
▪ B3.4. Analizar a evolución dos cambios económicos en España e en Galicia, a raíz da industrialización parcial do país.
▪ B3.5. Coñecer os principais avances científicos e tecnolóxicos do século XIX, e a súa relación coas revolucións industriais
▪ Bloque 4. O Imperialismo do século XIX e a I Guerra Mundial
▪ B4.1. Identificar as potencias imperialistas e a repartición de poder económico e político no mundo no derradeiro cuarto do século XIX e no principio do XX.
▪ B4.2. Establecer xerarquías causais (aspecto e escala temporal) da evolución do imperialismo.
▪ B4.3. Coñecer os principais acontecementos da Gran Guerra, as súas interconexións coa Revolución Rusa e as consecuencias dos tratados de Versalles.
▪ B4.4. Esquematizar a orixe, o desenvolvemento e as consecuencias da Revolución Rusa.
▪ B4.5. Relacionar movementos culturais como o romanticismo, en distintas áreas, e recoñecer a orixinalidade de movementos artísticos como o impresionismo, o expresionismo e outros "ismos" en Europa.
▪ Bloque 5. A época de entreguerras (1919-1945)
▪ B5.1. Coñecer e comprender os acontecementos, os feitos e os procesos máis importantes do período de entreguerras, e a súa conexión co presente, e estudar a xerarquía causal nas explicacións históricas sobre esta época.
▪ B5.2. Analizar as causas do auxe dos fascismos en Europa.
▪ B5.3. Coñecer as tensións que levaron en España á proclamación da II República e ao estoupido da Guerra Civil
▪ Bloque 6. As causas e consecuencias da II Guerra Mundial (1939-1945)
▪ B6.1. Coñecer as causas da II Guerra Mundial.
▪ B6.2. Coñecer os principais feitos da II Guerra Mundial, diferenciar as escalas xeográficas nesta guerra (europea e mundial) e entender o concepto de guerra total.
▪ B6.3. Entender o contexto en que se desenvolveu o Holocausto na guerra europea e as súas consecuencias.
▪ B6.4. Comprender o concepto de Guerra Fría no contexto de despois de 1945, e as relacións entre os dous bloques, os EEUU e a URSS.
▪ B6.5. Organizar os feitos máis importantes da descolonización de posguerra no século XX e comprender os límites da descolonización e da independencia nun mundo desigual.
▪ Bloque 7. A estabilización do Capitalismo e o illamento económico do bloque soviético
▪ B7.1. Entender os avances económicos dos réximes soviéticos e os perigos do seu illamento interno, así como os avances económicos do "Welfare State" en Europa.

Criterios de avaliación	
▪	B7.2. Comprender o concepto de crise económica e a súa repercusión mundial nun caso concreto.
▪	B7.3. Explicar as causas de que se establecera unha ditadura en España tras a Guerra Civil, e como foi evolucionando esa ditadura desde 1939 a 1975.
▪ Bloque 8. O mundo recente entre os séculos XX e XXI	
▪	B8.1. Interpretar procesos a medio prazo de cambios económicos, sociais e políticos a nivel mundial.
▪	B8.2. Coñecer as causas e as consecuencias inmediatas do colapso da URSS e outros réximes socialistas.
▪	B8.3. Coñecer os principais feitos que conduciron ao cambio político e social en España despois de 1975, e sopesar distintas interpretacións sobre ese proceso.
▪	B8.4. Entender a evolución da construción da Unión Europea.
▪ Bloque 9. A Revolución Tecnolóxica e a globalización a finais do século XX e principio do XXI	
▪	B9.1. Definir a globalización e identificar algúns dos seus factores.
▪	B9.2. Identificar algúns dos cambios fundamentais que supón a Revolución Tecnolóxica.
▪	B9.3. Recoñecer o impacto destes cambios a nivel local, autonómico, estatal e global, prevendo posibles escenarios máis e menos desexables de cuestións ambientais transnacionais, e discutir as novas realidades do espazo globalizado.
▪ Bloque 10. A relación entre o pasado, o presente e o futuro a través da historia e a xeografía	
▪	B10.1. Recoñecer que o pasado non está "morto e enterrado", senón que determina o presente e os posibles futuros e espazos, ou inflúe neles.
▪	B10.2. Explicar as características de cada tempo histórico e certos acontecementos que determinaron cambios fundamentais no rumbo da historia, diferenciando períodos que facilitan o seu estudo e a súa interpretación.
▪	B10.3. Entender que os acontecementos e os procesos ocorren ao longo do tempo e á vez no tempo (diacronía e sincronía).
▪	B10.4. Utilizar o vocabulario histórico e artístico con precisión, inseríndoo no contexto adecuado.

Os estándares de aprendizaxe avaliábeis son as especificacións dos criterios de avaliación que permiten definir os resultados de aprendizaxe e que concretan o que o alumnado debe saber, comprender e saber facer en cada disciplina.

Os estándares de aprendizaxe básicos desta área, sinalados no cadro seguinte, se corresponden co grao mínimo de consecución para superar a materia. Debe ser entendido como unha situación de aprendizaxe precisa e explícita que o alumnado debe saber e saber-facer e que será considerada a como unha aprendizaxe imprescindible sen o cal o alumnado podería ter graves dificultades para continuar o proceso de ensino- aprendizaxe na nosa materia.

Os estándares do cadro seguinte son considerados **estándares de aprendizaxe básicos polo que o grao de consecución é do 100% para superar a materia.**

O criterio adoptado polo Departamento para fixar este valor, xunto cos de 50 e 25 %, cos que se determinan tódolos estándares expostos nas táboas de cada curso establecidas ó final desta Programación, responden ás seguintes consideracións :

100 %	Estándares obrigatoriamente contemplados nos Procedementos e Instrumentos de Avaliación. Avaliación, cualificación positiva segundo os Criterios desta Programación trae consigo a superación dos estándares avaliados.
50%	Estándares complementarios contemplados nos Procedementos e Instrumentos de Avaliación. Non serán decisivos para acadar unha cualificación positiva.
25%	Estándares con tratamento optativo, traballados según evolución e dinámica de cada curso/grupo. Seguimento e valoración a través do apartado "traballo do alumno" establecido nos Criterios de Avaliación desta Programación.

Estándares de aprendizaxe básicos
Bloque 1. O século XVIII en Europa ata 1789
▪ XHB1.1.1. Establece, a través da análise de textos, a diferenza entre o Absolutismo e o Parlamentarismo.
▪ XHB1.1.2. Distingue conceptos históricos como Antigo Réxime e Ilustración.
▪ XHB1.2.1. Describe as características da cultura da Ilustración e as implicacións que ten nalgunhas monarquías.
▪ XHB1.3.1. Aprecia os avances científicos e a súa aplicación á vida diaria, e contextualiza o papel dos científicos na súa propia época.
▪ Bloque 2. A era das revolucións liberais
▪ XHB2.1.1. Sopesa as razóns dos revolucionarios para actuar como o fixeron.
▪ XHB2.2.1. Redacta unha narrativa sintética cos principais feitos dalgunha das revolucións burguesas da primeira metade do século XIX, acudindo a explicacións causais, e sinala os proles e os contras.
▪ XHB2.2.2. Redacta unha narrativa sintética cos principais feitos dalgunha das revolucións burguesas do século XVIII, acudindo a explicacións causais, e indica os proles e os contras.
▪ XHB2.2.3. Discute as implicacións da violencia empregando diversos tipos de fontes.
▪ Bloque 3. A Revolución Industrial
▪ XHB3.1.1. Analiza os proles e os contras da primeira Revolución Industrial en Inglaterra.
▪ XHB3.2.1. Analiza e compara a industrialización de diferentes países de Europa, América e Asia, nas súas distintas escalas temporais e xeográficas.
▪ XHB3.2.1. Compara o proceso de industrialización en Inglaterra e nos países nórdicos.
▪ XHB3.3.1. Explica a situación laboral feminina e infantil nas cidades industriais.
XHB3.5.1. Elabora un eixe cronolóxico, diacrónico e sincrónico, cos principais avances científicos e tecnolóxicos do século XIX.
▪ Bloque 4. O Imperialismo do século XIX e a I Guerra Mundial
▪ XHB4.1.1. Explica razoadamente que o concepto imperialismo reflicte unha realidade que influirá na xeopolítica mundial e nas relacións económicas transnacionais.
▪ XHB4.2.1. Sabe recoñecer cadeas e interconexións causais entre colonialismo, imperialismo e a Gran Guerra de 1914.
▪ XHB4.3.1. Diferencia os acontecementos dos procesos, nunha explicación histórica, da I Guerra Mundial.
▪ XHB4.3.2. Analiza o novo mapa político de Europa.
▪ XHB4.3.3. Describe a derrota de Alemaña desde a súa propia perspectiva e desde a dos aliados.
▪ XHB4.4.1. Contrasta algunhas interpretacións do alcance da Revolución Rusa na súa época e na actualidade.
▪ Bloque 5. A época de entreguerras (1919-1945)
▪ XHB5.1.3. Discute as circunstancias da loita polo sufraxio da muller.
▪ XHB5.2.1. Explica diversos factores que fixeron posible o auxe do fascismo en Europa.
▪ XHB5.3.1. Explica as principais reformas durante a II República española, e reaccións a elas.
▪ XHB5.3.2. Explica as causas da Guerra Civil española no contexto europeo e internacional.
▪ Bloque 6. As causas e consecuencias da II Guerra Mundial (1939-1945)
▪ XHB6.2.1. Sitúa nun mapa as fases do conflito.
▪ XHB6.2.2. Dá unha interpretación de por que rematou antes a guerra europea que a mundial.
▪ XHB6.2.3. Elabora unha narrativa explicativa das causas e as consecuencias da II Guerra Mundial, a distintos niveis temporais e xeográficos.
▪ XHB6.3.1. Recoñece a significación do Holocausto na historia mundial.
▪ XHB6.4.1. Utilizando fontes históricas e historiográficas, explica algúns dos conflitos enmarcados na época da Guerra Fría.
▪ XHB6.4.2. Describe as consecuencias da guerra de Vietnam.
▪ XHB6.5.1. Describe os feitos relevantes do proceso descolonizador.
▪ Bloque 7. A estabilización do Capitalismo e o illamento económico do bloque soviético
▪ XHB7.1.1. Explica os avances dos réximes soviéticos e do "Welfare State" en Europa.
▪ XHB7.1.2. Recoñece os cambios sociais derivados da incorporación da muller ao traballo asalariado.

Estándares de aprendizaxe básicos
<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB7.3.1. Coñece a situación da posguerra e a represión en España, así como as fases da ditadura de Franco
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Bloque 8. O mundo recente entre os séculos XX e XXI
<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB8.1.1. Interpreta o renacemento e o declive das nacións no novo mapa político europeo desa época
<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB8.1.2. Comprende os proles e contras do estado do benestar.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB8.3.2. Enumera e describe algúns dos principais fitos que deron lugar ao cambio na sociedade española da transición: coroación de Xoán Carlos I, lei para a reforma política de 1976, lei de amnistía de 1977, apertura de Cortes Constituíntes, aprobación da Constitución de 1978, primeiras eleccións xerais, creación do Estado das autonomías, etc.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB8.3.3. Analiza o problema do terrorismo en España durante esta etapa (ETA, GRAPO, Terra Lliure, etc.): a xénese e a historia das organizacións terroristas, a aparición dos primeiros movementos asociativos en defensa das vítimas, etc.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Bloque 9. A Revolución Tecnolóxica e a globalización a finais do século XX e principio do XXI
<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB9.2.1. Analiza algunhas ideas de progreso e retroceso na implantación das recentes tecnoloxías da información e da comunicación, a distintos niveis xeográficos.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB9.3.1. Crea contidos que inclúen recursos como textos, mapas e gráficos, para presentar algún aspecto conflitivo das condicións sociais do proceso de globalización.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Bloque 10. A relación entre o pasado, o presente e o futuro a través da historia e a xeografía
<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB10.1.2. Sopesa como unha Europa en guerra durante o século XX pode chegar a unha unión económica e política no século XXI.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB10.1.3. Compara (nun aspecto ou en varios) as revolucións industriais do século XIX coa revolución tecnolóxica de finais do século XX e principio do XXI.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB10.2.1. Ordena temporalmente algúns feitos históricos e outros feitos salientables, utilizando para iso as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB10.2.2. Realiza diversos tipos de eixes cronolóxicos e mapas históricos.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB10.3.1. Entende que varias culturas convivían á vez en diferentes enclaves xeográficos.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB10.4.1. Utiliza con fluidez e precisión o vocabulario histórico e artístico necesario.

6.d.3 Procedementos e instrumentos de avaliación.

Para a avaliación dos estándares de aprendizaxe compre a utilización de procedementos e instrumentos de avaliación diversos . Nos *procedementos de avaliación* recollemos os métodos que fan posible contrastar o grao de aprendizaxe da materia tendo en conta os diferentes elementos que constitúen o currículo. Os *instrumentos de avaliación* constitúen o soporte físico que se emprega para recoller a información sobre as aprendizaxes. No curso 4º de E.S.O utilizaráanse os seguintes dependendo do estándar que se queira avaliar:

Procedementos	Instrumentos
Observación OB	Caderno do profesor.
Análise de producións dos alumnos PA	Resolución de exercicios e prácticas realizadas na clase Realización de traballos individuais ou en grupo.
Expresións orais EO	Caderno do profesor
Probas específicas PE	Probas escritas de diferentes tipos Probas orais

PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

- OB Observación sistemática do alumno: traballo e participación do alumno nas tarefas de clase.
- PA Análise da produción dos alumnos : Intervencións orais na clase, especialmente aquelas que requiran unha preparación previa . Elaboración de resumos, monografías, informes...
- EO Expresións orais: valoración da súa creatividade e investigación persoal. Valoración do seu grao de interese pola materia, da súa participación positiva nas postas en común.
- PE Probas específicas, orais ou escritas. Controis escritos que abarcarán unha parte limitada da materia e exames que abarcarán unha ou varias unidades didácticas.

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

- Avaliación inicial dos coñecementos previos que servirá de referencia para ver a evolución e progreso dos alumnos/as.
- Caderno do profesor no que se rexistrarán o traballo do alumnado na clase e a súa participación nas actividades orais e escritas.
- O caderno do alumno/a que amosa o seu método de traballo, a orde e a presentación correcta, a realización e corrección dos exercicios e as técnicas de traballo desenvolvidas. Normas, rúbricas, da Libreta recollidas en 19. Anexo táboas.
- Traballos, comentarios de textos, feitos individualmente ou en grupo.
- Lecturas relacionada coa materia. Visionado de películas, documentais e traballos sobre os mesmos.
- Realización de probas escritas dos diferentes tipos de contidos traballados previamente na aula, podendo ser este de preguntas curtas, de respostas directas, de tipo test, de preguntas teóricas a desenrolar, composición de comentario de textos, que serán fixados dependendo do desenvolvemento da materia.
- Probas orais

O alumno será informado dos criterios empregados na cualificación dos instrumentos de avaliación

6.e Concrecións metodolóxicas que require a materia

O tratamento metodolóxico da materia débese axustar ao nivel competencial inicial do alumnado, tendo en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado e as súas características individuais e/ou estilos de aprendizaxe, co fin de conseguir que todo o alumnado alcance o máximo desenvolvemento das súas capacidades.

Dáselle prioridade á **comprensión** dos contidos que se traballan fronte á súa aprendizaxe mecánica. Propíciense oportunidades para poñer en práctica os novos coñecementos, de modo que o alumno poida comprobar o **interese** e a **utilidade** do aprendido. Foméntase a **reflexión persoal** sobre o realizado e a elaboración de conclusións con respecto ao que se aprendeu, de modo que o alumno poida analizar o seu progreso respecto aos seus coñecementos.

Potenciaremos o manexo adecuado da información en diferentes soportes e procedente de distintas fontes, en liña co concepto de alfabetizacións múltiples. As habilidades de comprensión de lectura e de uso da información, a expresión escrita e a capacidade de se expresar correctamente en público serán traballadas de xeito continuo

Todos estes principios teñen como finalidade que os alumnos sexan, gradualmente, capaces de **aprender por si mesmo** nuha tarefa cotiá dirixida e orientada polo profesor a partir de materiais de traballo . Esta metodoloxía deberá favorecer tamén a capacidade do alumnado para traballar en equipo, aplicando os métodos de investigación apropiados.

Nesta liña metodolóxica dunha aprendizaxe significativa procuraremos:

- Establecer relacións entre o coñecemento histórico e a realidade cotiá, de forma que resulte útil para formular e resolver problemas que preocupan a sociedade e o alumnado.
- Ter en conta os intereses e preocupacións do alumnado para que actúe motivado e se comprometa de forma persoal coa aprendizaxe.
- Utilizar o coñecemento histórico para cuestionar ideas comunmente aceptadas e desvelar aspectos non evidentes da realidade, de forma que se converta nun coñecemento emancipador que promova a autonomía persoal do alumnado.

6.f Materiais e recursos didácticos.

- Libro de texto : Historia. Saber Facer Obradoiro-Santillana.
- Material impreso fotocopiabile
- Presentacións en Power-Point, Prezi e outros recursos on line.
- Recursos do Departamento na Aula Virtual.

6.g Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado

CONVOCATORIA ORDINARIA

A materia estará dividida en tres partes, correspondentes a cada unha das avaliacións do curso. Para aprobar a asignatura necesítase obter avaliación positiva (cinco ou superior) en cada una das tres partes. **A nota final da Convocatoria Ordinaria será resultado da media das tres avaliacións do curso, sempre e cando resulten aprobadas**, redondeando cara o enteiro superior a partir de 0,5 e situándose no enteiro natural cando á décima se sitúe por baixo de 0,5.

Os referentes para a comprobación do grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos da etapa nas avaliacións continua e final das materias dos bloques de materias troncais, específicas e de libre configuración autonómica serán os criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe.

Para o Departamento o conxunto de estándares básicos valorarase nun 100%. Cada un dos estándares de aprendizaxe básicos ten igual valor. As cualificacións de cada avaliación resultarán da

avaliación dos estándares de aprendizaxe segundo a ponderación previamente feita nesta mesma programación.

A nota de cada avaliación estará formada, nun 80% pola cualificación mediante as probas específicas e nun 20% pola valoración do traballo desenvolvido polo alumno.

Probas específicas

- A cualificación das probas obxectivas, escritas, será de 0 a 10. Cada cuestión, pregunta, do examen estará acompañada da puntuación outorgada a mesma e a suma total equivaldrá a nota de 10.
- Haberá dous exames, probas, escritos por avaliación. Os contidos e estándares traballados en cada avaliación constituirán o 100% da nota de cada examen. Os criterios de avaliación guiarán o tipo de preguntas, cuestións, a desenvolver en cada proba, quedando a criterio do profesor o modelo de preguntas, cuestións (abertas, semiabertas, pechadas) e o número das mesmas a establecer en cada proba.
- Da media dos exames resultará a nota da avaliación por este apartado.
- Á cualificación media final dos exames de cada avaliación será aplicable a porcentaxe establecida (80%)

Traballo do alumno

- Constará de prácticas, notas de clase, traballo diario na aula, lectura de libros, visionado de películas, artigos recomendados, recollida e elaboración de información utilizando recursos informáticos e audiovisuais, así mesmo terase en conta a asistencia, comportamento e o interese mostrado polo alumno na materia.
- O desglose do 20 % aplicado neste apartado será o seguinte:

	1	0,5	0,2	0
Libreta Presentación/Contidos		Se axusta as normas	Non se mantén de forma regular	Deslabazada Incompleta
Elaboración de fichas/traballos	Moi boa	Boa	Regular	Mala/ Non presentados
Traballo/Participación en clase		Boa	Correcta	Pobre/Irrelevante

Recuperacións e exame final

Das dúas primeiras avaliacións, para os alumnos que suspenderan a materia, existirá una recuperación. Para a terceira existirá soamente a posibilidade de presentarse a recuperación final. A recuperación final presentaranse soamente aqueles alumnos que teñan avaliación negativa (inferior a cinco) nalgunha das tres avaliacións. Así mesmo para poder presentarse a esta avaliación final deberán ter aprobado (nota de cinco ou superior) nalgunha das tres avaliacións.

Neste exame de recuperación final deberá realizarse un exercicio por cada unha das avaliacións suspensas, e para considerar aprobada a materia deberán acadar aprobado (cinco ou mais) en cada un dos exercicios das avaliacións suspensas. No caso de presentarse con máis dunha avaliación pendente o profesor determinará cales son as preguntas a contestar por Avaliación, para dese xeito posibilitar a realización de dous exames no tempo destinado para a proba.

Tanto nos exames de recuperación por Avaliación como nos exames de recuperación final as preguntas obedecerán os contidos e estándares básicos reflexados nesta Programación.

Os exames de recuperación supoñen unha nota neta, xa sexa para recuperar unha avaliación nas convocatorias parciais ou final. Tendo en conta este carácter básico e extraordinario, o aprobado será rexistrado como un 5 para obter a nota final na convocatoria ordinaria.

AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA

Constará dunha proba escrita. A proba confeccionarase propoñendo exercicios das diferentes partes e avaliacións da materia procurando que todas elas estean representadas. Na proba darase prioridade a aquelas cuestións que permitan valorar a adquisición das competencias básicas e os mínimos establecidos para cada curso. Para aprobar a materia necesitarase obter avaliación positiva (5 ou máis) na proba.

INCIDENCIAS ESPECIAIS

Aqueles alumnos que sexan sorprendidos polo profesor consultando libros, apuntes ou calquera outra fonte por calquera medio en exames ou exercicios que teñan por obxecto unha avaliación obxectiva, serán advertidos ou se lles ordenará, de inmediato, o cese na realización do exame ou exercicio, pregunta, apartado, de que se trate, segundo a gravidade que o profesor aprecie en cada momento; da mesma maneira se o alumno se comunica con outros para obter unha información a incluír no seu exame ou exercicio. A profesora ou profesor non decidirá suspender a un alumno por indicios, sospeitas ou calquera outra circunstancia que non se observase no momento mesmo de producirse.

6.m Concreción dos elementos transversais

1.-Educación cívica. As competencias sociais e cívicas son na práctica competencias do Departamento. A historia contribúe decisivamente a formación de cidadáns responsables, conscientes dos seus dereitos e das súas obrigas, así como da herdanza recibida e do seu compromiso coas xeracións futuras. Destacamos neste curso o estudo da organización política das sociedades, a realización de exercicios e traballos sobre as desigualdades económicas e a súa relación coas tensións mundiais.

2.- Comprensión de lectura, a expresión oral e escrita son elementos presentes en todos os cursos (traballos escritos, exposicións, uso da prensa...).

3.-Traballo con tecnoloxías da información e da comunicación. de xeito habitual traballamos a busca e selección de información a través de Internet para cumprimentar información, busca de datos, realización de traballos, etc. Os alumnos deben ser capaces de realizar a búsqueda de información a través das novas tecnoloxías para transformarl as en coñecemento. A presenza de ordenadores na aula permite unha maior visibilidade cara aos alumnos da necesidade de incorporar ás TIC como medio de coñecemento.

4.-Animar ao emprendemento é un elemento transversal que se traballará nos diferentes estándares comparativos existentes para amosar que o mundo actual, coas súas dificultades, tivo noutras épocas históricas circunstancias semellantes onde a iniciativa, individual e colectiva, axudou a presentar alternativas e novas viabilidades.

5.-O desenvolvemento sustentable e o medio son elementos que están presentes en diversos estándares da materia que facilitan a comparativa e valoración do momento actual cos seus problemas e retos para solucionarlos.

6.-Os riscos de explotación e o abuso e maltrato están presentes en estándares como os da situación sociolaboral durante ás épocas da industrialización e vendo o considerable avance experimentado na consideración xurídica e social da muller en boa parte do mundo.

7. CONCRECIÓN DE OBJETIVOS BACHARELATO

c

O Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia define os obxectivos como os referentes relativos aos logros que o alumnado debe alcanzar ao rematar o proceso educativo, como resultado das experiencias de ensino e aprendizaxe intencionalmente planificadas para tal fin.

O bacharelato contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permitan:

- a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.
- b) Consolidar unha madureza persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.
- d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
- f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
- h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.
- i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
- l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.
- m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
- n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
- ñ) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.

- o) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.
- p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado

8. PROGRAMACIÓN 1º BACHARELATO : Hª do Mundo Contemporáneo. (b,d,e,f,g,m)

8.b Contribución ao desenvolvemento das competencias clave. Concreción que recolle a relación dos estándares de aprendizaxe avaliados que forman parte dos perfís de competencias.

O Decreto 86/2015 de xuño, polo que se establece o currículo de Educación Secundaria na Comunidade Autónoma de Galicia, define as competencias como as capacidades para aplicar de xeito integrado os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, co fin de lograr a realización adecuada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos e expón as seguintes competencias clave :

- 1ª) Comunicación lingüística (CCL)
- 2ª) Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT)
- 3ª) Competencia dixital (CD)
- 4ª) Aprender a aprender (CAA)
- 5ª) Competencias sociais e cívicas (CSC)
- 6ª) Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)
- 7ª) Conciencia e expresións culturais (CCEC)

CONCRECIÓN DE CADA ESTÁNDAR CAS COMPETENCIA CLAVE CURSO: 1º BACHARELATO Hª DO MUNDO CONTEMPORÁNEO							
	CCL	CMCT	CD	CSC	CAA	CSIEE	CCEC
Estándares de aprendizaxe avaliados TOTAL: 114	92	14	27	114	70	2	7
Relación coas competencias básicas %	81%	13%	24 %	100 %	61%	2%	6%

A materia de Historia do Mundo Contemporáneo é rica en achegas ao coñecemento competencial. Contribúe decisivamente ás competencias clave sociais e cívicas, á formación de cidadáns e cidadás responsables, conscientes dos seus dereitos e das súas obrigas, así como da herdanza recibida e do seu compromiso coas xeracións futuras.

Ademais, as competencias lingüística e de aprender a aprender están presentes de maneira constante na súa vertente máis instrumental .

A competencia dixital está presente en todos os bloques pero ten a maior presenza no bloque 10 " O mundo actual desde unha perspectiva histórica".

O traballo competencial matemático e en ciencias e tecnoloxía trátase de xeito puntual fundamentalmente naqueles aspectos relacionados coa economía como no bloque 6 no análise do bloque capitalista e comunista.

A competencia de conciencia e expresións culturais ten unha escasa presenza reducíndose ao período do Antigo Réxime e ao Romanticismo.

A competencia clave de sentido de iniciativa e espírito emprendedor está presente na vertente máis actitudinal da materia (períodos da revolución industrial e do mundo actual).

8.d Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable.

8.d.1 Temporalización

A temporalización foi realizada tendo en conta os seguintes datos:

1º BACHARELATO	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
Hª Mundo Contemporáneo	68	68	114

Relación de Unidades Didácticas

PRIMER TRIMESTRE	2º TRIMESTRE	3º TRIMESTRE
1/O Antigo Réxime 2/ Revolucións liberais e nacionalismo 3/ A Revolución Industrial 4/ Segunda Revolución Industrial e Imperialismo 5/ Os cambio sociais. Orixes e desenvolvemento do movemento obreiro.	4/Segunda Revolución Industrial e Imperialismo 6/ As grandes potencias 7/A Primeira Guerra Mundial 8/ A Revolución Rusa e a URSS 9/A economía de entreguerras. A Gran Depresión. 10/ O ascenso dos totalitarismos fascista e nazi. 11/A Segunda Guerra Mundial	12/A Guerra Fría 13/Evolución dos bloques nun mundo bipolar 14/Descolonización e terceiro mundo 15/América do século XX. 16/Xeopolítica no mundo actual 17/ Globalización, crise e cambios socioculturais.

8.d.2 Grao mínimo de consecución para superar a materia

Os criterios de avaliación son o referente específico para avaliar a aprendizaxe do alumnado. Describen aquilo que se quere valorar e que o alumnado debe lograr, tanto en coñecementos coma en competencias, e responden ao que se pretende conseguir en cada disciplina.

Criterios de avaliación
BLOQUE 1. O ANTIGO RÉXIME
B1.1. Definir e esquematizar os trazos do Antigo Réxime, describindo os seus aspectos demográficos, económicos, políticos, sociais e culturais, utilizando diferentes tipos de diagramas.
B1.2. Distinguir as transformacións no Antigo Réxime enumerar as que afectan a economía, a poboación e a sociedade.
B1.3. Explicar o parlamentarismo inglés do século XVII resumindo as características esenciais do sistema e valorando o papel das revolucións para alcanzar as transformacións necesarias para logralo.
B1.4. Relacionar as ideas da Ilustración co Liberalismo de comezo do século XIX, establecendo elementos de coincidencia entre ambas as ideoloxías.
B1.5. Describir as relacións internacionais do Antigo Réxime demostrando a idea de equilibrio europeo
B1.6. Diferenciar manifestacións artísticas do Antigo Réxime e seleccionar as obras máis destacadas.
BLOQUE 2. AS REVOLUCIÓNS INDUSTRIAIS E AS SÚAS CONSECUENCIAS SOCIAIS
B2.1. Obter información que permita explicar as revolucións industriais do século XIX, seleccionándoa das fontes bibliográficas ou en liña nas que se ache dispoñible.
B2.2. Describir as Revolucións Industriais do século XIX e establecer os seus trazos característicos e as súas consecuencias sociais
B2.3. Enumerar os países que iniciaron a industrialización, localizalos adecuadamente e establecer as rexións onde se produce ese avance.
B2.4. Identificar os cambios nos transportes, na agricultura e na poboación que influíron ou foron consecuencia da Revolución Industrial do século XIX.

Cráterios de avaliación
B2.5. Analizar e seleccionar ideas que identifiquen as características da economía industrial e do liberalismo económico.
B2.6. Coñecer as correntes de pensamento que pretenden mellorar a situación da clase obreira do século XIX.
BLOQUE 3. A CRISE DO ANTIGO RÉXIME
B3.1. Analizar a evolución política, económica, social, cultural e de pensamento que caracteriza a primeira metade do século XIX, distinguindo os feitos, os personaxes e os símbolos, e encadrándoos en cada variable analizada.
B3.2. Describir as causas e o desenvolvemento da independencia de Estados Unidos, e establecer as causas máis inmediatas e as etapas da independencia.
B3.3. Explicar, a partir de información obtida en internet, a Revolución Francesa de 1789, incluíndo cada idea obtida nas causas, no desenvolvemento e nas consecuencias.
B3.4. Identificar o Imperio Napoleónico, localizar a súa expansión europea e establecer as súas consecuencias.
B3.5. Analizar a transcendencia para Europa do Congreso de Viena e a restauración do absolutismo, e identificar as súas consecuencias para os países implicados.
B3.6. Identificar as revolucións burguesas de 1820, 1830 e 1848, e relacionar as súas causas e o seu desenvolvemento.
B3.7. Coñecer o proceso de Unificación de Italia e Alemaña, obtendo o seu desenvolvemento a partir da análise de fontes gráficas.
B3.8. Descubrir as manifestacións artísticas de comezos do século XIX, obtendo información de medios bibliográficos ou de internet e presentándoa adecuadamente.
B3.9. Analizar utilizando fontes gráficas a independencia de Hispanoamérica.
BLOQUE 4. A DOMINACIÓN EUROPEA DO MUNDO E A 1ª GUERRA MUNDIAL
B4.1. Describir as transformacións e os conflitos xurdidos a finais do século XIX e comezos do século XX, e distinguir o seu desenvolvemento e os factores desencadeadores.
B4.2. Analizar a evolución política, social e económica dos principais países europeos, ademais de Xapón e os Estados Unidos a finais do século XIX, e presentar información que explique tales feitos.
B4.3. Describir a expansión imperialista de europeos, xaponeses e estadounidenses a finais do século XIX, e establecer as súas consecuencias.
B4.4. Comparar sinteticamente os sistemas de alianzas do período da Paz Armada.
B4.5. Distinguir os acontecementos que conducen á declaración das hostilidades da I Guerra Mundial, e desenvolver as súas etapas e as súas consecuencias.
BLOQUE 5. O PERÍODO DE ENTREGUERRAS, A II GUERRA MUNDIAL E AS SUAS CONSECUENCIAS
B5.1. Recoñecer as características do período de Entreguerras inseríndoas nos correspondentes aspectos políticos, económicos, sociais ou culturais.
B5.2. Esquematizar o desenvolvemento da Revolución Rusa de 1917 recoñecendo as súas etapas e os seus protagonistas máis significativos, e establecer as súas consecuencias.
B5.3. Identificar os tratados de paz da I Guerra Mundial e establecer como unha consecuencia o xurdimento da Sociedade de Nacións.
B5.4. Explicar a Gran Depresión e describir os factores desencadeadores e as súas influencias na vida cotiá.
B5.5. Recoñecer a transcendencia dos fascismos europeos como ideoloxías que conduciron ao desencadeamento de conflitos no panorama europeo do momento
B5.6. Comprender as relacións internacionais no período de entreguerras como elementos importantes das causas da II Guerra Mundial.
B5.7. Identificar e explicar as desencadeadores da II Guerra Mundial, así como os feitos máis característicos.
B5.8. Establecer as etapas do desenvolvemento da II Guerra Mundial, distinguindo as que afectaron a Europa e as que afectaron aos Estados Unidos e a Xapón.
B5.9. Analizar o papel da guerra mundial como elemento de transformación da vida cotiá.
B5.10. Entender o contexto en que se desenvolveu o Holocausto na guerra europea e as súas consecuencias.
B5.11. Obter e seleccionar información escrita e gráfica relevante, utilizando fontes primarias ou secundarias, relativa á posguerra.
BLOQUE 6. EVOLUCIÓN DE DOUS MUNDOS DIFERENTES E OS SEUS ENFRENTAMENTOS
B6.1. Describir os feitos políticos, económicos, sociais e culturais que explican o xurdimento dos dous bloques antagónicos, clasificándoos e presentándoos adecuadamente.
B6.2. Interpretar a Guerra Fría, a coexistencia pacífica e a distensión, e as súas consecuencias, e establecer acontecementos que exemplifiquen cada unha destas etapas das relacións internacionais.
B6.3. Distinguir feitos que explican o enfrontamento entre os bloques comunista e capitalista, revisando as novas dos medios de comunicación da época.
B6.4. Comparar e analizar o modelo capitalista co comunista desde os puntos de vista político, social, económico e cultural, e exemplificar coa selección de feitos que durante este período afectan as dúas grandes superpotencias: a URSS e os Estados Unidos.
BLOQUE 7. A DESCOLONIZACIÓN E O TERCEIRO MUNDO
B7.1. Explicar os motivos e os feitos que conducen á descolonización, e establecer as causas e os factores que explican o proceso.
B7.2. Describir as etapas e as consecuencias do proceso descolonizador, e identificar as que afectan a unhas colonias e a outras,

Crerios de avaliación
establecendo feitos e personaxes significativos de cada proceso.
B7.3. Definir o papel da ONU na descolonización, analizando información que demostre as súas actuacións.
B7.4. Analizar o subdesenvolvemento do terceiro mundo e establecer as causas que o explican.
B7.5. Apreciar o nacemento da axuda internacional e o xurdimento das relacións entre os países desenvolvidos e subdesenvolvidos, reproducindo as formas de axuda ao desenvolvemento e describindo as formas de neocolonialismo dentro da política de bloques.
BLOQUE 8. A CRISE DO BLOQUE COMUNISTA
B8.1. Describir a situación da URSS a finais do século XX, establecendo os seus trazos máis significativos desde unha perspectiva política, social e económica.
B8.2. Resumir as políticas de M. Gorbachov nomeando as disposicións concernentes á Perestroika e á Glasnost, e resaltar as súas influencias.
B8.3. Analizar a situación creada co xurdimento da CEI e as repúblicas exsoviéticas, recollendo informacións que resuman as novas circunstancias políticas e económicas.
B8.4. Explicar a caída do muro de Berlín e nomear as súas repercusións nos países de Europa central e oriental.
B8.5. Identificar o problema dos Balcáns, enumerar as causas do xurdimento de tal situación e resumir os feitos que configuran o desenvolvemento de conflitos nesta zona.
BLOQUE 9. O MUNDO CAPITALISTA NA SEGUNDA METADE DO SÉCULO XX
B9.1. Distinguir os postulados que defende a cultura capitalista da segunda metade do século XX establecendo as liñas de pensamento e os logros obtidos.
B9.2. Describir o Estado do benestar, aludindo ás características significativas que inflúen na vida cotiá.
B9.3. Explicar o proceso de construción da Unión Europea enumerando os fitos máis destacados que configuran a súa evolución.
B9.4. Coñecer os obxectivos da Unión Europea en relación coas institucións que compoñen a súa estrutura.
B9.5. Describir a evolución política, social e económica dos Estados Unidos desde os anos 60 aos 90 do século XX, sintetizando os aspectos que explican a transformación da sociedade norteamericana e que constitúen elementos orixinais do Estado do benestar.
B9.6. Identificar as singularidades do capitalismo de Xapón e os novos países industriais asiáticos, establecendo trazos de carácter político, económico, social e cultural.
BLOQUE 10 . O MUNDO ACTUAL DESDE UNHA PERSPECTIVA HISTÓRICA
B10.1. Analizar as características da globalización e describir a influencia dos medios de comunicación neste fenómeno, así como o impacto dos medios científicos e tecnolóxicos na sociedade actual.
B10.2. Describir os efectos da ameaza terrorista (yihadismo, etc.) sobre a vida cotiá, e explicar as súas características.
B10.3. Resumir os retos da Unión Europea no mundo actual, identificando os seus problemas para amosarse como zona xeopolítica unida fronte a outras áreas.
B10.4. Enumerar os trazos salientables da sociedade norteamericana a comezos do século XXI identificando a transcendencia dos atentados do 11-S e explicando as transformacións e o impacto ocasionado a este país.
B10.5. Analizar a evolución política, económica, social e cultural de Hispanoamérica.
B10.6. Describir a evolución do mundo islámico na actualidade, resumindo os seus trazos económicos, políticos, relixiosos e sociais.
B10.7. Distinguir a evolución dos países de África relacionando as súas zonas xeoestratéxicas.
B10.8. Resumir a evolución de China e a India desde finais do século XX ao século XXI, seleccionando trazos políticos, económicos, sociais e de mentalidades
BLOQUE 11. A HISTORIA CONTEMPORÁNEA: O TEMPO HISTÓRICO. MÉTODOS E FERRAMENTAS PROPIOS DA DISCIPLINA
B11.1. Recoñecer que os acontecementos e procesos ocorren ao longo do tempo e á vez no tempo (diacronía e sincronía).
B11.2. Localizar e seleccionar información escrita e gráfica salientable utilizando fontes primarias e secundarias (biblioteca, internet, etc.), e analizar a súa credibilidade.
B11.3. Utilizar o vocabulario histórico e artístico con precisión, inseríndoo no contexto adecuado.

Os estándares de aprendizaxe avaliábeis son as especificacións dos criterios de avaliación que permiten definir os resultados de aprendizaxe e que concretan o que o alumnado debe saber, comprender e saber facer en cada disciplina.

Os estándares de aprendizaxe básicos desta área, sinalados no cadro seguinte, se corresponden co grao mínimo de consecución para superar a materia. Debe ser entendido como unha situación de aprendizaxe precisa e explícita que o alumnado debe saber e saber-facer e que será considerada a como unha aprendizaxe imprescindible sen o cal o alumnado podería ter graves dificultades para continuar o proceso de ensino- aprendizaxe na nosa materia.

Os estándares do cadro seguinte son considerados **estándares de aprendizaxe básicos polo que o grao de consecución é do 100% para superar a materia.**

O criterio adoptado polo Departamento para fixar este valor, xunto cos de 50 e 25 %, cos que se determinan tódolos estándares expostos nas táboas de cada curso establecidas ó final desta Programación, responden ás seguintes consideracións :

100 %	Estándares obrigatoriamente contemplados nos Procedementos e Instrumentos de Avaliación. Avaliación, cualificación positiva segundo os Criterios desta Programación trae consigo a superación dos estándares avaliados.
50%	Estándares complementarios contemplados nos Procedementos e Instrumentos de Avaliación. Non serán decisivos para acadar unha cualificación positiva.
25%	Estándares con tratamento optativo, traballados según evolución e dinámica de cada curso/grupo. Seguimento e valoración a través do apartado “traballo do alumno” establecido nos Criterios de Avaliación desta Programación.

Estándares de aprendizaxe básicos	
BLOQUE 1. O ANTIGO RÉXIME	
HMCB1.1.1.	Extrae os trazos do Antigo Réxime dun texto proposto que os conteña.
HMCB1.1.3.	Clasifica os trazos do Antigo Réxime en aspectos demográficos, económicos, políticos, sociais e culturais.
HMCB1.2.1.	Explica as transformacións do Antigo Réxime que afectan a economía, a poboación e a sociedade.
HMCB1.3.2.	Distingue as revolucións inglesas do século XVII como formas que promoven o cambio político do Antigo Réxime.
HMCB1.4.1.	Enumera e describe as ideas da Ilustración e as do Liberalismo de comezos do século XIX.
HMCB1.5.1.	Sitúa en mapas de Europa os países ou reinos en función dos conflitos en que interveñen
BLOQUE 2. AS REVOLUCIÓNS INDUSTRIAIS E AS SÚAS CONSECUCIAS SOCIAIS	
HMCB2.1.1.	Identifica as causas da primeira Revolución Industrial.
HMCB2.2.1.	Explica razoadamente a evolución cara á segunda Revolución Industrial.
HMCB2.2.2.	Analiza comparativa e esquematicamente as dúas revolucións industriais.
HMCB2.3.1.	Localiza nun mapa os países industrializados e as súas rexións industriais
HMCB2.3.2.	Analiza aspectos que expliquen o desenvolvemento económico do sector industrial dos primeiros países industrializados, a partir de fontes historiográficas.
HMCB2.4.1.	Sinala os cambios sociais máis relevantes do século XIX asociándoos ao proceso da Revolución Industrial.
HMCB2.4.4.	Comenta mapas que expliquen a evolución da extensión das redes de transporte: ferrocarril, estradas e canles.
HMCB2.6.1.	Compara as correntes de pensamento social da época da Revolución Industrial: socialismo utópico, socialismo científico e anarquismo.
HMCB2.6.2.	Distingue e explica as características dos tipos de asociacionismo obreiro.
BLOQUE 3. A CRISE DO ANTIGO RÉXIME	
HMCB3.1.1.	Realiza eixes cronolóxicos que inclúan diacronía e sincronía dos acontecementos da primeira metade do século XIX.
HMCB3.2.1.	Identifica xerarquías causais na guerra de independencia dos Estados Unidos a partir de fontes historiográficas.
HMCB3.3.1.	Explica as causas da Revolución Francesa de 1789.
HMCB3.3.2.	Explica esquematicamente o desenvolvemento da Revolución Francesa.
HMCB3.4.1.	Identifica nun mapa histórico a extensión do Imperio Napoleónico.
HMCB3.5.1.	Analiza as ideas defendidas e as conclusións do Congreso de Viena, e relaciónaaas coas súas consecuencias.
HMCB3.6.1.	Compara as causas e o desenvolvemento das revolucións de 1820, 1830 e 1848
HMCB3.7.1.	Describe e explica a unificación de Italia e a de Alemaña a partir de fontes gráficas.
BLOQUE 4. A DOMINACIÓN EUROPEA DO MUNDO E A Iª GUERRA MUNDIAL	
HMCB4.2.1.	Elabora un eixe cronolóxico con feitos que explican a evolución durante a segunda metade do século XIX de Inglaterra, Francia, Alemaña, o Imperio Austrohúngaro, Rusia, os Estados Unidos e Xapón.
HMCB4.2.4.	Identifica e explica razoadamente os feitos que converten Alemaña nunha potencia europea durante o mandato de Bismarck.
HMCB4.3.1.	Identifica e explica razoadamente as causas e as consecuencias da expansión colonial da segunda metade do século XIX.
HMCB4.3.2.	Localiza nun mapamundi as colonias das potencias imperialistas.
HMCB4.3.3.	Sabe recoñecer cadeas e interconexións causais entre colonialismo, imperialismo e a Gran Guerra de 1914.
HMCB4.4.1.	Describe as alianzas dos países máis destacados durante a Paz Armada.
HMCB4.5.1.	Identifica a partir de fontes históricas ou historiográficas as causas da I Guerra Mundial.
HMCB4.5.3.	Analiza e explica as etapas da Gran Guerra a partir de mapas históricos.
HMCB4.5.4.	Extrae conclusións de gráficos e imaxes sobre as consecuencias da I Guerra Mundial.
BLOQUE 5. O PERÍODO DE ENTREGUERRAS, A II GUERRA MUNDIAL E AS SUAS CONSECUCIAS	

Estándares de aprendizaxe básicos
HMCB5.1.1. Explica as características do período de Entreguerras a partir de manifestacións artísticas e culturais de comezos do século XX
HMCB5.2.1. Identifica e explica algunhas das causas da Revolución Rusa de 1917.
HMCB5.2.2. Compara a Revolución Rusa de febreiro de 1917 coa de outubro de 1917.
HMCB5.3.1. Explica os acordos dos tratados de paz da I Guerra Mundial e analiza as súas consecuencias a curto prazo.
HMCB5.3.2. Analiza o papel que xoga a Sociedade de Nacións nas relacións internacionais, a partir de fontes históricas.
HMCB5.4.1. Interpreta imaxes da Gran Depresión.
HMCB5.4.2. Comenta gráficas que explican a crise económica de 1929.
HMCB5.5.1. Compara o fascismo italiano e o nazismo alemán.
HMCB5.5.2. Distingue símbolos dos fascismos europeos da primeira metade do século XX.
HMCB5.6.1. Analiza a partir de fontes contrapostas as relacións internacionais anteriores ao estoupido da II Guerra Mundial.
HMCB5.7.1. Identifica e explica as causas desencadeadores da II Guerra Mundial a partir de fontes históricas.
HMCB5.8.1. Explica as etapas da II Guerra Mundial tanto na fronte europea como na guerra do Pacífico.
HMCB5.8.2. Analiza o desenvolvemento da II Guerra Mundial a partir de mapas históricos.
HMCB5.9.1. Describe as consecuencias da II Guerra Mundial.
HMCB5.10.1. Analiza imaxes que explican o Holocausto levado a cabo pola Alemaña nazi
HMCB5.10.2. Recoñece a significación do Holocausto na historia mundial.
BLOQUE 6. EVOLUCIÓN DE DOUS MUNDOS DIFERENTES E OS SEUS ENFRENTAMENTOS
HMCB6.1.1. Localiza nun mapa os países que formaban os bloques comunista e capitalista
HMCB6.2.1. Identifica e explica os conflitos da Guerra Fría a partir dun mapa histórico.
HMCB6.3.2. Extrae conclusións dos textos, imaxes, mapas e gráficas que expliquen a evolución de ambos os bloques enfrontados na Guerra Fría, e sinala a que bloque pertence e algúns motivos que explican esa pertenza.
HMCB6.4.1. Explica algunhas características da economía capitalista a partir de gráficas.
HMCB6.4.2. Explica algunhas características da economía comunista a partir de gráficos.
HMCB6.4.3. Establece razoadamente e comparativamente as diferenzas entre o mundo capitalista e o comunista.
HMCB6.4.4. Identifica formas políticas do mundo occidental e do mundo comunista.
BLOQUE 7. A DESCOLONIZACIÓN E O TERCEIRO MUNDO
HMCB7.1.1. Localiza nun mapa as zonas afectadas pola descolonización e os seus conflitos.
HMCB7.2.1. Establece de xeito razoado as causas, os feitos e os factores que desencadean e explican o proceso descolonización.
BLOQUE 8. A CRISE DO BLOQUE COMUNISTA
HMCB8.1.1. Localiza nun mapa as repúblicas exsoviéticas e os países formados tras a caída do muro de Berlín.
HMCB8.1.2. Elabora un eixe cronolóxico que ordena os acontecementos que explican a desintegración da URSS, a formación da CEI e o xurdimento das repúblicas exsoviéticas.
HMCB8.1.3. Compara os países dos Balcáns desde os anos 80 ata a actualidade, utilizando mapas de situación.
HMCB8.2.1. Describe os trazos políticos e socioeconómicos da URSS desde a época de Breznev ata a de Gorbachov.
HMCB8.4.1. Analiza imaxes que reflicten a caída do muro de Berlín.
BLOQUE 9. O MUNDO CAPITALISTA NA SEGUNDA METADE DO SÉCULO XX
HMCB9.1.1. Enumera as liñas de pensamento económico do mundo capitalista na segunda metade do século XX.
HMCB9.2.1. Identifica razoadamente as características e símbolos do Estado do benestar.
HMCB9.3.1. Elabora eixes cronolóxicos sobre o proceso de construción da Unión Europea.
HMCB9.5.1. Realiza un eixe cronolóxico dos feitos máis significativos de tipo político, social e económico dos Estados Unidos desde os anos 60 aos 90.
BLOQUE 10 . O MUNDO ACTUAL DESDE UNHA PERSPECTIVA HISTÓRICA
HMCB10.5.1. Describe os principais movementos políticos, económicos, sociais e culturais da Hispanoamérica actual.
HMCB10.6.1. Enumera e explica os trazos económicos, políticos, relixiosos e sociais do mundo islámico, e localiza nun mapa os países que o forman na actualidade.
BLOQUE 11. A HISTORIA CONTEMPORÁNEA: O TEMPO HISTÓRICO. MÉTODOS E FERRAMENTAS PROPIOS DA DISCIPLINA
HMCB11.1.1. Recoñece que os acontecementos e os procesos ocorren ao longo do tempo e á vez no tempo (diacronía e sincronía).
HMCB11.2.1. Localiza e selecciona información escrita e gráfica salientable utilizando fontes primarias e secundarias, e analiza a súa credibilidade.
HMCB11.3.1. Utiliza con fluidez e precisión o vocabulario histórico e artístico necesario.

8.d.3 Procedementos e instrumentos de avaliación.

Para a avaliación dos estándares de aprendizaxe compre a utilización de procedementos e instrumentos de avaliación diversos . Nos *procedementos de avaliación* recollemos os métodos que fan posible contrastar o grao de aprendizaxe da materia tendo en conta os diferentes elementos que constitúen o currículo. Os *instrumentos de avaliación* constitúen o soporte físico que se emprega para recoller a información sobre as aprendizaxes. No curso 1º de bacharelato utilizaráanse os seguintes dependendo do estándar que se queira avaliar:

Procedementos	Instrumentos
Observación OB	Caderno do profesor.
Análise de producións dos alumnos PA	Resolución de exercicios e prácticas realizadas na clase Realización de traballos individuais ou en grupo.
Expresións orais EO	Caderno do profesor
Probas específicas PE	Probas escritas de diferentes tipos Probas orais

PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

- OB Observación sistemática do alumno: traballo e participación do alumno nas tarefas de clase.
- PA Análise da produción dos alumnos : Intervencións orais na clase, especialmente aquelas que requiran unha preparación previa . Elaboración de resumos, monografías, informes...
- EO Expresións orais: valoración da súa creatividade e investigación persoal. Valoración do seu grado de interese pola materia, da súa participación positiva nas postas en común.
- PE Probas específicas, orais ou escritas. Controis escritos que abarcarán unha parte limitada da materia e exames que abarcarán unha ou varias unidades didácticas.

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

- Avaliación inicial dos coñecementos previos que servirá de referencia para ver a evolución e progreso dos alumnos/as.
- Caderno do profesor no que se rexistrarán o traballo do alumnado na clase e a súa participación nas actividades orais e escritas.
- Traballos feitos individualmente ou en grupo.
- Lecturas relacionada coa materia. Visionado de películas, documentais e traballo sobre os mesmos.
- Realización de probas escritas dos diferentes tipos de contidos traballados previamente na aula, podendo ser este de preguntas curtas, de respostas directas, de tipo test, de preguntas teóricas a desenrolar, etc... que serán fixados dependendo do desenvolvemento da materia.

O alumno será informado dos criterios empregados na cualificación dos instrumentos de avaliación

8.e Concrecións metodolóxicas que require a materia

O tratamento metodolóxico da materia débese axustar ao nivel competencial inicial do alumnado, tendo en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado e as súas características individuais e/ou estilos de aprendizaxe, co fin de conseguir que todo o alumnado alcance o máximo desenvolvemento das súas capacidades.

Dáselle prioridade á **comprensión** dos contidos que se traballan fronte á súa aprendizaxe mecánica. Propíciense oportunidades para poñer en práctica os novos coñecementos, de modo que o alumno poida

comprobar o **interese** e a **utilidade** do aprendido. Foméntase a **reflexión persoal** sobre o realizado e a elaboración de conclusións con respecto ao que se aprendeu, de modo que o alumno poida analizar o seu progreso respecto aos seus coñecementos.

Potenciaremos o manexo adecuado da información en diferentes soportes e procedente de distintas fontes, en liña co concepto de alfabetizacións múltiples. As habilidades de comprensión de lectura e de uso da información, a expresión escrita e a capacidade de se expresar correctamente en público serán traballadas de xeito continuo

Todos estes principios teñen como finalidade que os alumnos sexan, gradualmente, capaces de **aprender por si mesmo** nuha tarefa cotiá dirixida e orientada polo profesor a partir de materiais de traballo . Esta metodoloxía deberá favorecer tamén a capacidade do alumnado para traballar en equipo, aplicando os métodos de investigación apropiados.

Nesta liña metodolóxica dunha aprendizaxe significativo procuraremos:

- Establecer relacións entre o coñecemento histórico e a realidade cotiá, de forma que resulte útil para formular e resolver problemas que preocupan a sociedade e o alumnado.
- Ter en conta os intereses e preocupacións do alumnado para que actúe motivado e se comprometa de forma persoal coa aprendizaxe.
- Utilizar o coñecemento histórico para cuestionar ideas comunmente aceptadas e desvelar aspectos non evidentes da realidade, de forma que se converta nun coñecemento emancipador que promova a autonomía persoal do alumnado.

8.f Materiais e recursos didácticos.

Na asignatura non se establece ningún libro de texto obrigatorio. O profesor/es encargados de impartila, si o consideran oportuno, poderán recomendar un libro de texto para acompañar no traballo do alumno.

O material de traballo será complementado con recursos expositivos, escritos, orais, do profesorado utilizando textos, mapas murais, prensa e presentacións diversas dacordo coa multiplicidade de soportes que temos á nosa disposición.

Os alumnos poderán acceder a materiais complementarios e a información diversa en relación á asignatura, na Aula Virtual do Departamento, integrada na páxina web do Centro.

8.g Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado

CONVOCATORIA ORDINARIA

A materia estará dividida en tres partes, correspondentes a cada unha das avaliacións do curso. Para aprobar a asignatura necesítase obter avaliación positiva (cinco ou superior) en cada una das tres partes. A nota final da Convocatoria Ordinaria será resultado da media das tres avaliacións do curso, sempre e cando resulten aprobadas, redondeando cara o enteiro superior a partir de 0,5 e situándose no enteiro natural cando á décima se sitúe por baixo de 0,5.

Os referentes para a comprobación do grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos da etapa nas avaliacións continua e final das materias dos bloques de materias troncais, específicas e de libre configuración autonómica serán os criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe.

Para o Departamento o conxunto de estándares básicos valorarase nun 100%. Cada un dos estándares de aprendizaxe básicos ten igual valor. As cualificacións de cada avaliación resultarán da avaliación dos estándares de aprendizaxe segundo a ponderación previamente feita nesta mesma programación.

A nota de cada avaliación estará formada, nun 90% pola cualificación dos exames e nun 10% pola valoración do traballo desenvolvido polo alumno.

Probas específicas

- A cualificación das probas obxectivas, escritas, será de 0 a 10. Cada cuestión, pregunta, do examen estará acompañada da puntuación outorgada a mesma e a suma total equivaldrá a nota de 10.
- Haberá dous exames, probas, escritos por avaliación. Os contidos e estándares traballados en cada avaliación constituirán o 100% da nota de cada examen. Os criterios de avaliación guiarán o tipo de preguntas, cuestións, a desenvolver en cada proba, quedando a criterio do profesor o modelo de preguntas, cuestións (abertas, semiabertas, pechadas) e o número das mesmas a establecer en cada proba.
- Á cualificación media final dos exames de cada avaliación será aplicable a porcentaxe establecida (90%)

Traballo do alumno

- Constará de prácticas, notas de clase, traballo diario na aula, lectura de libros, visionado de películas, artigos recomendados, recollida e elaboración de información utilizando recursos informáticos e audiovisuais, así mesmo terase en conta a asistencia, comportamento e o interese mostrado polo alumno na materia.
 - Cada profesor determinará o tipo de traballos e número dos mesmos a consignar neste apartado.
 - A aportación a cada avaliación será dun 10% da nota da Avaliación.
- Os traballos serán informados en clase con antelación suficiente á data que se estableza para a súa recollida. Non será recollido ningún traballo fóra da data establecida (Excepto xustificantes oficiais)

Recuperacións e exame final

Das dúas primeiras avaliacións, para os alumnos que suspenderan a materia, existirá una recuperación. Para a terceira existirá somente a posibilidade de presentarse a recuperación final. A recuperación final presentarase soamente aqueles alumnos que teñan avaliación negativa (inferior a cinco) nalgunha das tres avaliacións. Así mesmo para poder presentarse a esta avaliación final deberán ter aprobado (nota de cinco ou superior) nalgunha das tres avaliacións.

Neste exame de recuperación final deberá realizarse un exercicio por cada unha das avaliacións suspensas, e para considerar aprobada a materia deberán acadar aprobado (cinco ou mais) en cada un dos exercicios das avaliacións suspensas. No caso de presentarse con máis dunha avaliación pendente o profesor determinará cales son as preguntas a contestar por Avaliación, para dese xeito posibilitar a realización de dous exames no tempo destinado para a proba.

Tanto nos exames de recuperación por Avaliación como nos exames de recuperación final as preguntas obedecerán os contidos mínimos da asignatura, e estándares básicos establecidos. Os exames de recuperación supoñen unha nota neta, xa sexa para recuperar unha avaliación nas convocatorias parciais ou final. Tendo en conta este carácter básico e extraordinario, o aprobado será rexistrado como un 5 para obter a nota final na convocatoria ordinaria.

CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA

Constará dun so exame similar os de todo o curso que poderá abarcar contidos de toda a materia explicada polo profesor a longo de todo o curso académico. A proba extraordinaria de setembro será común e única para todo o alumnado dun mesmo nivel. Para aprobar a asignatura necesitarase obter avaliación positiva de 5 ou superior nesta proba

INCIDENCIAS ESPECIAIS

Aqueles alumnos que sexan sorprendidos polo profesor consultando libros, apuntes ou calquera outra fonte por calquera medio en exames ou exercicios que teñan por obxecto unha avaliación obxectiva, serán advertidos ou se lles ordenará, de inmediato, o cese na realización do exame ou exercicio, pregunta, apartado, de que se trate, segundo a gravidade que o profesor aprecie en cada momento; da mesma maneira se o alumno se comunica con outros para obter unha información a incluír no seu exame ou exercicio. A profesora ou profesor non decidirá suspender a un alumno por indicios, sospeitas ou calquera outra circunstancia que non se observe no momento mesmo de producirse.

8.m CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS

1.-Educación cívica..A historia contribúe decisivamente a formación de cidadáns responsables, conscientes dos seus dereitos e das súas obrigas, así como da herdanza recibida e do seu compromiso coas xeracións futuras. O seu estudo deberá contribuír a fomentar unha especial sensibilidade cara á sociedade do presente e a súa problemática, que anime a adoptar unha actitude responsable e solidaria coa defensa da liberdade, a igualdade entre homes e mulleres, os dereitos humanos, a non discriminación e os valores democráticos

2.- A comprensión de lectura, a expresión oral e escrita son elementos presentes en todos os cursos (traballos escritos, exposicións, uso da prensa...).

3.-Traballo con tecnoloxías da información e da comunicación. En todos os cursos trabállase a busca e selección de información a través de Internet para cumprimentar información, busca de datos, realización de traballos, etc. Os alumnos deben ser capaces de transformar a búsqueda de información en coñecemento.

4.-Animar ao emprendemento . Este elemento transversal en 1º de bacharelato está vinculado á importancia dos emprendedores nos momentos de cambio do modelo económico como a segunda revolución industrial.

5.-O desenvolvemento sustentable e o medio son elementos que están permanentemente presentes na materia de xeografía en todos os cursos.

6.-Os riscos de explotación e o abuso e maltrato están presentes nos temas de historia. Así o traballo infantil, a discriminación por sexo, relixión e raza están presentes no curriculum da materia.

ASPECTOS A TER EN CONTA NA ENSIANZA DE ADULTOS.

Esta materia impartese tamen na ensinanza de adultos. Os contidos , obxetivos , contidos mínimos son os mesmos que para ensinanza ordinaria. Se ben, tendo en conta as características especiais deste tipo de alumnado: nalgúns casos compatibilizar estudio con traballo, noutros retomar estudos tras estar apartados da escolarización varios cursos; e convinte facer algunhas adapatacións noutros aspectos.

Principalmente nos aspectos de avaliación, se ben non se lles reduce a materia, tratarase de facer exames con maior frecuencia e menor contido en cada un deles para tratar de facilitarlle o estudio. Deste xeito faranse como mínimo dous exames por trimestre, podendo facerse incluso tres ou mais, ademáis de outras probas orais e escritas.

Tamen se disminuirá o número de traballos obrigatorios, deixándoo en dous por trimestre.

De todos xeitos nota de cada avaliación estará formada, nun 80% pola cualificación dos exames e nun 20% pola valoración do traballo desenvolvido polo alumno como na ensinanza ordinaria.O peso dos diversos instrumentos na avaliación será exactamente igual nos dous modos de ensinanza.

En todo o demáis o procedemento e igual que na ensinanza ordinaria

9. PROGRAMACIÓN 2º BACHARELATO : HISTORIA DE ESPAÑA (b,d,e,f,g,m)

9.b Contribución ao desenvolvemento das competencias clave. Concreción que recolle a relación dos estándares de aprendizaxe avaliados que forman parte dos perfís de competencias.

O Decreto 86/2015 de xuño, polo que se establece o currículo de Educación Secundaria na Comunidade Autónoma de Galicia, define as competencias como as capacidades para aplicar de xeito integrado os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, co fin de lograr a realización adecuada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos e expón as seguintes competencias clave :

- 1ª) Comunicación lingüística (CCL)
- 2ª) Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT)
- 3ª) Competencia dixital (CD)
- 4ª) Aprender a aprender (CAA)
- 5ª) Competencias sociais e cívicas (CSC)
- 6ª) Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)
- 7ª) Conciencia e expresións culturais (CCEC)

CONCRECIÓN DE CADA ESTÁNDAR CAS COMPETENCIA CLAVE							
CURSO: 2º BACHARELATO Hª DE ESPAÑA							
	CCL	CMCT	CD	CSC	CAA	CSIEE	CCEC
Estándares de aprendizaxe avaliados TOTAL: 153	136	15	7	150	59	5	17
Relación coas competencias básicas %	88%	8%	4 %	98%	38%	3%	11%

A materia de Historia de España é rica en achegas ao coñecemento competencial. Contribúe decisivamente ás competencias clave sociais e cívicas, á formación de cidadáns e cidadás responsables, conscientes dos seus dereitos e das súas obrigas, así como da herdanza recibida e do seu compromiso coas xeracións futuras.

Ademais, as competencias lingüística e de aprender a aprender están presentes de maneira constante na súa vertente máis instrumental .

A competencia dixital e o traballo competencial matemático e en ciencias e tecnoloxía trátanse de xeito puntual e están presentes testimonialmente nos diversos bloques.

A competencia de conciencia e expresións culturais ten unha escasa presenza desenvolvéndose principalmente nos bloques previos á idade contemporánea e no bloque 7 na percepción intelectual de conceptos políticos.

A competencia clave de sentido de iniciativa e espírito emprendedor está presente na vertente máis actitudinal da materia .

9.d Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable.

A Orden ECD/1941/2016, de 22 de diciembre, por la que se determinan las características, el diseño y el contenido de la evaluación de Bachillerato para el acceso a la Universidad, las fechas máximas de realización y de resolución de los procedimientos de revisión de las calificaciones obtenidas, para el curso 2016/2017. Actúa como referencia, a falta dun desenvolvemento específico da Xunta de Galicia, na selección de estándares que sirvan para achegarnos a unha proba de acceso á Universidade en pleno proceso de transformación. O seguimento das circulares emitidas polo grupo de traballo de Historia de España integrado na CIUG, complementarán a referencia establecida.

9.d.1 Temporalización

A temporalización foi realizada tendo en conta os seguintes datos:

2º BACHARELATO	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
Hª de España	49	49	153

Relación de Unidades Didácticas

PRIMER TRIMESTRE	2º TRIMESTRE	3º TRIMESTRE
1/Da Prehistoria ó final do Reino Visigodo 2/ A España Medieval 5/ Crise do Antgo. Réxime e revolución liberal 6/ O reinado de Isabel II 7/O Sexenio Democrático	3/ A Monarquía Hispánica: RR.CC e Austrias. 8/ A monarquía da Restauración 9/Transformacións económicas e sociais no S. XIX. 10/ O reinado de Alfonso XIII: a crise da Restauración 11/Cambios económicos e sociais no primeiro terzo do S.XX 12/ A Segunda República	4/S.XVIII.Reformismo borbónico e Ilustración. 13/A Guerra Civil 14/Posguerra e construción do Estado franquista. 15/Consolidación e final do franquismo 16/A transición á democracia 17/ A España democrática desde 1982 ós nosos días.

No curso 2018-2019 o profesorado adecuará a temporalización das Unidades citadas ó ritmo que considere axeitado conforme o modelo de proba e os contidos a ter en conta na proba de ABAU.

9.d.2 Grao mínimo de consecución para superar a materia

Os criterios de avaliación son o referente específico para avaliar a aprendizaxe do alumnado. Describen aquilo que se quere valorar e que o alumnado debe lograr, tanto en coñecementos coma en competencias, e responden ao que se pretende conseguir en cada disciplina.

Criterios de avaliación
BLOQUE 0. Como se escribe a Historia.Criterios comúns.
▪ B0.1. Localizar fontes primarias (históricas) e secundarias (historiográficas) en bibliotecas, internet, etc., e extraer información salientable sobre o tratado, valorando criticamente a súa fiabilidade.

Crterios de avaliación
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B0.2. Elaborar mapas e liñas de tempo, localizando as fontes adecuadas, utilizando os datos proporcionados ou servíndose dos coñecementos xa adquiridos.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B0.3. Comentar e interpretar fontes primarias (históricas) e secundarias (historiográficas), relacionando a súa información cos coñecementos previos.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B0.4. Recoñecer a utilidade das fontes para o/a historiador/a, á parte da súa fiabilidade.
<p align="center">Bloque 1. A Península Ibérica desde os primeiros humanos ata a desaparición da monarquía Visigoda (711)</p>
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Explicar as características dos principais feitos e procesos históricos da Península Ibérica desde a prehistoria ata a desaparición da monarquía visigoda, e identificar as súas causas e consecuencias.
<p align="center">Bloque 2. A Idade Media: tres culturas e un mapa político en constante cambio (711-1474)</p>
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Explicar a evolución dos territorios musulmáns na Península, describindo as súas etapas políticas e os cambios económicos, sociais e culturais que introduciron.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.2. Explicar a evolución e configuración política dos reinos cristiáns, en relación co proceso de reconquista e o concepto patrimonial da monarquía.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.3. Diferenciar as tres grandes fases da evolución económica dos reinos cristiáns durante toda a Idade Media (estancamento, expansión e crise), e sinalar os seus factores e as súas características.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.4. Analizar a estrutura social dos reinos cristiáns e describir o réxime señorial e as características da sociedade estamental.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.5. Describir as relacións culturais de cristiáns, musulmáns e xudeus, e especificar as súas colaboracións e as influencias mutuas.
<p align="center">Bloque 3. A formación da monarquía hispánica e a súa expansión mundial (1474-1700)</p>
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Analizar o reinado dos Reis Católicos como unha etapa de transición entre a Idade Media e a Idade Moderna, e identificar as reminiscencias medievais e os feitos salientables que abren o camiño á modernidade.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.2. Explicar a evolución e a expansión da monarquía hispánica durante o século XVI, diferenciando os reinados de Carlos I e Filipe II.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.3. Explicar as causas e as consecuencias da decadencia da monarquía hispánica no século XVII, relacionando os problemas internos, a política exterior e a crise económica e demográfica
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.4. Recoñecer as grandes achegas culturais e artísticas do Século de Ouro español, extraendo información de interese en fontes primarias e secundarias (en bibliotecas, internet, etc
<p align="center">Bloque 4. España na órbita francesa: o reformismo dos primeiros Borbóns (1700-1788)</p>
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Analizar a Guerra de Sucesión española como contenda civil e europea, e explicar as súas consecuencias para a política exterior española e a nova orde internacional.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.2. Describir as características do novo modelo de Estado, especificando o alcance das reformas promovidas polos primeiros monarcas da dinastía borbónica.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.3. Comentar a situación inicial dos sectores económicos, detallando os cambios introducidos e os obxectivos da nova política económica.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.4. Explicar a engalaxe económica de Cataluña, en comparación coa evolución económica do resto de España.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.5. Expor os conceptos fundamentais do pensamento ilustrado, identificando as súas vías de difusión.
<p align="center">Bloque 5. A crise do Antigo Réxime (1788-1833): Liberalismo fronte a Absolutismo</p>
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.1. Analizar as relacións entre España e Francia desde a Revolución Francesa ata a Guerra da Independencia, e especificar en cada fase os principais acontecementos e as súas repercusións para España.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.2. Comentar o labor lexislador das Cortes de Cádiz, en relación co ideario do liberalismo.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.3. Describir as fases do reinado de Fernando VII, e explicar os principais feitos de cada unha.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.4. Explicar o proceso de independencia das colonias americanas, diferenciando as súas causas e as súas fases, así como as repercusións económicas para España.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.5. Relacionar as pinturas e os gravados de Goya cos acontecementos deste período, e identificar nelas o reflexo da situación e os feitos contemporáneos.
<p align="center">Bloque 6. A conflitiva construción do Estado liberal (1833-1874)</p>
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.1. Describir o fenómeno do carlismo como resistencia absolutista fronte á revolución liberal, analizando os seus compoñentes ideolóxicos, as súas bases sociais, a súa evolución no tempo e as súas consecuencias.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.2. Analizar a transición definitiva do Antigo Réxime ao réxime liberal burgués durante o reinado de Isabel II, explicar o protagonismo dos militares e especificando os cambios políticos, económicos e sociais.

Criterios de avaliación
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.3. Explicar o proceso constitucional durante o reinado de Isabel II, en relación coas correntes ideolóxicas dentro do liberalismo e a súa loita polo poder.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.4. Explicar o Sexenio Democrático como período de procura de alternativas democráticas á monarquía isabelina, especificando os grandes conflitos internos e externos que desestabilizaron o país.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.5. Describir as condicións de vida das clases traballadoras e os inicios do movemento obreiro en España, en relación co desenvolvemento do movemento obreiro internacional.
Bloque 7. A Restauración Borbónica: implantación e afianzamento dun novo sistema político (1874-1902)
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B7.1. Explicar o sistema político da Restauración, distinguindo a súa teoría e o seu funcionamento real.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B7.2. Analizar os movementos políticos e sociais excluídos do sistema, especificando a súa evolución durante o período estudado.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B7.3. Describir os principais logros do reinado de Afonso XII e a rexencia de María Cristina, inferindo as súas repercusións na consolidación do novo sistema político.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B7.4. Explicar o desastre colonial e a crise do 98, identificando as súas causas e as súas consecuencias.
Bloque 8. Continuidade e transformacións económicas no século XIX: un desenvolvemento insuficiente
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B8.1. Explicar a evolución demográfica de España ao longo do século XIX, comparando o crecemento da poboación española no seu conxunto co de Cataluña e o dos países máis avanzados de Europa.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B8.2. Analizar os sectores económicos e especificar a situación herdada, as transformacións de signo liberal e as consecuencias que se derivan delas.
Bloque 9. A crise do sistema da Restauración e a caída da monarquía (1902-1931)
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B9.1. Relacionar o rexeneracionismo xurdido da crise do 98 co revisionismo político dos primeiros gobernos, e especificar as súas actuacións máis importantes.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B9.2. Analizar as causas da quebra do sistema político da Restauración e identificar os factores internos e os externos.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B9.3. Explicar a ditadura de Primo de Rivera como solución autoritaria á crise do sistema, e describir as súas características, etapas e actuacións.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B9.4. Explicar a evolución económica e demográfica no primeiro terzo do século XX, en relación coa situación herdada do século XIX.
Bloque 10. A II República. A Guerra Civil nun contexto de crise internacional (1931-1939)
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B10.1. Explicar a II República como solución democrática ao afundimento do sistema político da Restauración, enmarcándoa no contexto internacional de crise económica e conflictividade social.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B10.2. Diferenciar as etapas da República ata o comezo da Guerra Civil, especificando os feitos e as actuacións principais en cada unha.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B10.3. Analizar a Guerra Civil, identificando as súas causas e as consecuencias, a intervención internacional e o curso dos acontecementos nas dúas zonas.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B10.4. Valorar a importancia da Idade de Prata da cultura española, e expor as achegas das xeracións e das figuras máis representativas.
Bloque 11. A ditadura franquista (1939-1975)
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B11.1. Analizar as características do franquismo e a súa evolución no tempo e especificar as transformacións políticas, económicas e sociais que se produciron, en relación coa cambiante situación internacional.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B11.2. Describir a diversidade cultural do período, distinguindo as súas manifestacións.
Bloque 12. Normalización democrática de España e integración en Europa (desde 1975)
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B12.1. Describir as dificultades da transición á democracia desde o franquismo nun contexto de crise económica, e explicar as medidas que permitiron a celebración das primeiras eleccións democráticas.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B12.2. Caracterizar o novo modelo de Estado democrático establecido na Constitución de 1978, especificando as actuacións previas encamiñadas a alcanzar o máis amplo acordo social e político.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B12.3. Analizar a evolución económica, social e política de España desde o primeiro Goberno constitucional de 1979 ata a aguda crise económica iniciada en 2008, sinalando as ameazas máis salientables ás que se enfronta e os efectos da plena integración en Europa.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B12.4. Resumir o papel de España no mundo actual, especificando a súa posición na Unión Europea e as súas relacións con outros ámbitos xeopolíticos.

Os estándares de aprendizaxe avaliábelson son as especificacións dos criterios de avaliación que permiten definir os resultados de aprendizaxe e que concretan o que o alumnado debe saber, comprender e saber facer en cada disciplina.

Os estándares de aprendizaxe básicos desta área, sinalados no cadro seguinte, se corresponden co grao mínimo de consecución para superar a materia. Debe ser entendido como unha situación de aprendizaxe precisa e explícita que o alumnado debe saber e saber-facer e que será considerada a como unha aprendizaxe imprescindible sen o cal o alumnado podería ter graves dificultades para continuar o proceso de ensino- aprendizaxe na nosa materia.

Os estándares do cadro seguinte son considerados **estándares de aprendizaxe básicos polo que o grao de consecución é do 100% para superar a materia.**

O criterio adoptado polo Departamento para fixar este valor, xunto cos de 50 e 25 %, cos que se determinan tódolos estándares expostos nas táboas de cada curso establecidas ó final desta Programación, responden ás seguintes consideracións :

100 %	Estándares obrigatoriamente contemplados nos Procedementos e Instrumentos de Avaliación. Avaliación, cualificación positiva segundo os Criterios desta Programación trae consigo a superación dos estándares avaliados.
50%	Estándares complementarios contemplados nos Procedementos e Instrumentos de Avaliación. Non serán decisivos para acadar unha cualificación positiva.
25%	Estándares con tratamento optativo, traballados según evolución e dinámica de cada curso/grupo. Seguimento e valoración a través do apartado “traballo do alumno” establecido nos Criterios de Avaliación desta Programación.

Estándares de aprendizaxe básicos	
BLOQUE 0. Como se escribe a Historia.Criterios comúns.	
Bloque 1. A Península Ibérica desde os primeiros humanos ata a desaparición da monarquía Visigoda (711)	
▪	HEB1.1.1. Explica as diferenzas entre a economía e a organización social do Paleolítico e do Neolítico, e as causas do cambio.
▪	HEB1.1.5. Explica o diferente nivel de desenvolvemento das áreas celta e ibérica en vésperas da conquista romana en relación coa influencia recibida dos indoeuropeos, o reino de Tartesos e os colonizadores fenicios e gregos.
▪	HEB1.1.6. Debuxa un mapa esquemático da Península Ibérica e delimita nel as áreas ibérica e celta.
▪	HEB1.1.7. Define o concepto de romanización e describe os medios empregados para levala a cabo.
▪	HEB1.1.9. Resume as características da monarquía visigoda e explica por que alcanzou tanto poder a igrexa e a nobreza.
Bloque 2. A Idade Media: tres culturas e un mapa político en constante cambio (711-1474)	
▪	HEB2.1.1. Explica as causas da invasión musulmá e da súa rápida ocupación da Península.
▪	HEB2.1.3. Describe a evolución política de Al-Andalus.
▪	HEB2.1.4. Resume os cambios económicos, sociais e culturais introducidos polos musulmáns en Al-Andalus.
▪	HEB2.2.4. Comenta o ámbito territorial e as características de cada sistema de repoboación, así como as súas causas e as súas consecuencias.
HEB2.4.1.	Explica a orixe e as características do réxime señorial e a sociedade estamental no ámbito cristián.
Bloque 3. A formación da monarquía hispánica e a súa expansión mundial (1474-1700)	
▪	HEB3.1.1. Define o concepto de unión dinástica aplicado a Castela e Aragón en tempos dos Reis Católicos e describe as características do novo Estado.
▪	HEB3.1.2. Explica as causas e as consecuencias dos feitos máis relevantes de 1492.
▪	HEB3.2.1. Compara os imperios territoriais de Carlos I e de Filipe II, e explica os problemas que provocaron.
▪	HEB3.2.2. Explica a expansión colonial en América e no Pacífico durante o século XVI.
▪	HEB3.3.1. Describe a práctica do valemto e os seus efectos na crise da monarquía.
▪	HEB3.3.2. Explica os principais proxectos de reforma do Conde Duque de Olivares.
▪	HEB3.3.4. Compara e comenta as rebelións de Cataluña e Portugal de 1640.

Estándares de aprendizaxe básicos
▪ HEB3.3.5. Explica os principais factores da crise demográfica e económica do século XVII, e as súas consecuencias.
Bloque 4. España na órbita francesa: o reformismo dos primeiros Borbóns (1700-1788)
▪ HEB4.1.1. Explica as causas da Guerra de Sucesión Española e a composición dos bandos en conflito.
▪ HEB4.1.3. Detalla as características da nova orde europea xurdida da Paz de Utrecht e o papel de España nela.
▪ HEB4.2.1. Define os decretos de nova planta e explica a súa importancia na configuración do novo Estado borbónico.
▪ HEB4.3.3. Explica a política industrial da monarquía e as medidas adoptadas respecto ao comercio con América.
▪ HEB4.5.1. Comenta as ideas fundamentais da Ilustración e define o concepto de despotismo ilustrado.
▪ HEB4.5.2. Razona a importancia das Sociedades Económicas de Amigos do País e da prensa periódica na difusión dos valores da Ilustración.
Bloque 5. A crise do Antigo Réxime (1788-1833): Liberalismo fronte a Absolutismo
▪ HEB5.1.2. Describe a Guerra da Independencia: as súas causas, a composición dos bandos en conflito e o desenvolvemento dos acontecementos.
▪ HEB5.2.2. Comenta as características esenciais da Constitución de 1812.
▪ HEB5.3.1. Detalla as fases do conflito entre liberais e absolutistas durante o reinado de Fernando VII.
▪ HEB5.3.2. Define o carlismo e resume a súa orixe e os apoios con que contaba inicialmente. -
Bloque 6. A conflitiva construción do Estado liberal (1833-1874)
▪ HEB6.2.1. Describe as características dos partidos políticos que xurdiron durante o reinado de Isabel II.
▪ HEB6.2.2. Resume as etapas da evolución política do reinado de Isabel II desde a súa minoría de idade, e explica o papel dos militares.
▪ HEB6.2.3. Explica as medidas de liberalización do mercado da terra levadas a cabo durante o reinado de Isabel II.
▪ HEB6.2.4. Compara as desamortizacións de Mendizábal e Madoz, e especifica os obxectivos dunha e outra.
▪ HEB6.2.5. Especifica as características da nova sociedade de clases e compáraa coa sociedade estamental do Antigo Réxime.
▪ HEB6.3.1. Compara o Estatuto Real de 1834 e as Constitucións de 1837 e 1845.
▪ HEB6.4.1. Explica as etapas políticas do Sexenio Democrático. -
▪ HEB6.4.2. Describe as características esenciais da Constitución democrática de 1869.
▪ HEB6.4.3. Identifica os grandes conflitos do sexenio e explica as súas consecuencias políticas.
Bloque 7. A Restauración Borbónica: implantación e afianzamento dun novo sistema político (1874-1902)
▪ HEB7.1.1. Explica os elementos fundamentais do sistema político ideado por Cánovas.
▪ HEB7.1.2. Especifica as características esenciais da Constitución de 1876.
▪ HEB7.1.3. Describe o funcionamento real do sistema político da Restauración. -
▪ HEB7.2.1. Resume a orixe e a evolución do catalanismo, o nacionalismo vasco e o rexionalismo galego.
▪ HEB7.2.2. Analiza as correntes ideolóxicas do movemento obreiro e labrego español, así como a súa evolución durante o derradeiro cuarto do século XIX.
▪ HEB7.3.1. Compara o papel político dos militares no reinado de Afonso XII co das etapas precedentes do século XIX.-
▪ HEB7.4.1. Explica a política española respecto ao problema de Cuba.
▪ HEB7.4.2. Señala os principais feitos do desastre colonial de 1898 e as consecuencias territoriais do Tratado de París.-
▪ HEB7.4.3. Especifica as consecuencias para España da crise do 98 nos ámbitos económico, político e ideolóxico.
Bloque 8. Continuidade e transformacións económicas no século XIX: un desenvolvemento insuficiente
▪ HEB8.2.1. Explica os efectos económicos das desamortizacións de Mendizábal e Madoz.
▪ HEB8.2.3. Describe a evolución da industria téxtil catalá, a siderurxia e a minaría ao longo do século XIX.
▪ HEB8.2.4. Compara a revolución industrial española coa dos países máis avanzados de Europa.
▪ HEB8.2.5. Relaciona as dificultades do transporte e o comercio interior cos condicionamentos xeográficos.-
▪ HEB8.2.6. Explica os obxectivos da rede ferroviaria e as consecuencias da lei xeral de ferrocarrís de 1855.
Bloque 9. A crise do sistema da Restauración e a caída da monarquía (1902-1931)
▪ HEB9.1.1. Define en que consistiu o revisionismo político inicial do reinado de Afonso XIII, e as principais medidas adoptadas.

Estándares de aprendizaxe básicos
▪ HEB9.2.1. Especifica a evolución das forzas políticas de oposición ao sistema: republicanos e nacionalistas.
▪ HEB9.2.2. Explica as repercusións da I Guerra Mundial e da Revolución Rusa en España.
▪ HEB9.2.3. Analiza as causas, os principais feitos e as consecuencias da intervención de España en Marrocos entre 1904 e 1927.
▪ HEB9.2.4. Analiza a crise xeral de 1917: as súas causas, manifestacións e consecuencias.
▪ HEB9.3.1. Especifica as causas do golpe de estado de Primo de Rivera e os apoios con que contou inicialmente.-
▪ HEB9.3.2. Describe a evolución da ditadura de Primo de Rivera, desde o directorio militar ao directorio civil e o seu remate.
▪ HEB9.3.3. Explica as causas da caída da monarquía.-
▪ HEB9.4.2. Describe a política económica da ditadura de Primo de Rivera.-
Bloque 10. A II República. A Guerra Civil nun contexto de crise internacional (1931-1939)
▪ HEB10.1.1. Explica as causas que levaron á proclamación da II República e relaciona as súas dificultades coa crise económica mundial dos anos 30.
▪ HEB10.1.2. Diferencia as forzas de apoio e oposición á República nos seus comezos, e describe as súas razóns e as principais actuacións.
▪ HEB10.2.1. Resume as reformas impulsadas durante o bienio reformista da República.
▪ HEB10.2.2. Especifica as características esenciais da Constitución de 1931.
▪ HEB10.2.3. Analiza o proxecto de reforma agraria: as súas razóns, o seu desenvolvemento e os seus efectos.-
▪ HEB10.2.4. Compara as actuacións do bienio radical-cedista coas do bienio anterior.-
▪ HEB10.2.5. Describe as causas, o desenvolvemento e as consecuencias da Revolución de Asturias de 1934.
▪ HEB10.2.6. Explica as causas da formación da Fronte Popular e as actuacións tras o seu triunfo electoral, ata o comezo da guerra.
▪ HEB10.3.1. Especifica os antecedentes da Guerra Civil.-
▪ HEB10.3.2. Relaciona a Guerra Civil española co contexto internacional.
▪ HEB10.3.3. Compara a evolución política e a situación económica dos dous bandos durante a guerra.
▪ HEB10.3.4. Especifica os custos humanos e as consecuencias económicas e sociais da guerra.
Bloque 11. A ditadura franquista (1939-1975)
▪ HEB11.1.1. Elabora un esquema cos grupos ideolóxicos e os apoios sociais do franquismo na súa etapa inicial.
▪ HEB11.1.2. Diferencia etapas na evolución de España durante o franquismo, e resume os trazos esenciais de cada unha.
▪ HEB11.1.3. Explica a organización política do Estado franquista.
▪ HEB11.1.4. Explica as relacións exteriores, a evolución política e a situación económica de España desde o remate da Guerra Civil ata 1959.-
▪ HEB11.1.5. Explica as relacións exteriores, a evolución política e as transformacións económicas e sociais de España desde 1959 ata 1973.-
▪ HEB11.1.6. Especifica as causas da crise final do franquismo desde 1973.
▪ HEB11.1.7. Relaciona a evolución política do réxime cos cambios que se producen no contexto internacional.
▪ HEB11.1.8. Explica a política económica do franquismo nas súas etapas e a evolución económica do país.
▪ HEB11.1.9. Describe as transformacións que experimenta a sociedade española durante os anos do franquismo, así como as súas causas.
▪ HEB11.1.10. Especifica os grupos de oposición política ao réxime franquista e comenta a súa evolución no tempo.
Bloque 12. Normalización democrática de España e integración en Europa (desde 1975)
▪ HEB12.1.1. Explica as alternativas políticas que se propuñan tras a morte de Franco, e quen defendía cada unha.
▪ HEB12.1.2. Describe o papel desempeñado polo Rei durante a transición.
▪ HEB12.1.3. Describe as actuacións impulsadas polo presidente de Goberno Adolfo Suárez para a reforma política do réxime franquista: lei para a reforma política de 1976, lei de amnistía de 1977, etc.
▪ HEB12.1.4. Explica as causas e os obxectivos dos Pactos da Moncloa.-
▪ HEB12.2.1. Explica o proceso de elaboración e aprobación da Constitución de 1978 e as súas características esenciais.

Estándares de aprendizaxe básicos
▪ HEB12.2.2. Describe como se estableceron as preautonomías de Cataluña e o País Vasco.
▪ HEB12.3.2. Comenta os feitos máis salientables do proceso de integración en Europa e as consecuencias para España desta integración.
▪ HEB12.3.3. Analiza a evolución económica e social de España desde a segunda crise do petróleo en 1979 ata o comezo da crise financeira mundial de 2008.
▪ HEB12.3.4. Analiza o impacto da ameaza terrorista sobre a normalización democrática de España, describe a xénese e evolución das organizacións terroristas que actuaron desde a transición democrática ata os nosos días (ETA, GRAPO, etc.) e reflexiona sobre outros temas relacionados: a cidadanía ameazada, os movementos asociativos de vítimas, a mediación en conflitos, etc.

9.d.3 Procedementos e instrumentos de avaliación.

Para a avaliación dos estándares de aprendizaxe compre a utilización de procedementos e instrumentos de avaliación diversos . Nos *procedementos de avaliación* recollemos os métodos que fan posible contrastar o grao de aprendizaxe da materia tendo en conta os diferentes elementos que constitúen o currículo. Os *instrumentos de avaliación* constitúen o soporte físico que se emprega para recoller a información sobre as aprendizaxes. No curso 2º de bacharelato utilizaráanse os seguintes dependendo do estándar que se queira avaliar:

Procedementos	Instrumentos
Observación OB	Caderno do profesor.
Análise de producións dos alumnos PA	Resolución de exercicios e prácticas realizadas na clase Realización de traballos individuais ou en grupo.
Expresións orais EO	Caderno do profesor
Probas específicas PE	Probas escritas de diferentes tipos Probas orais

PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN

- OB Observación sistemática do alumno: traballo e participación do alumno nas tarefas de clase.
- PA Análise da produción dos alumnos : Intervencións orais na clase, especialmente aquelas que requiran unha preparación previa . Elaboración de resumos, monografías, informes...
- EO Expresións orais: valoración da súa creatividade e investigación persoal. Valoración do seu grado de interese pola materia, da súa participación positiva nas postas en común.
- PE Probas específicas, orais ou escritas. Controis escritos que abarcarán unha parte limitada da materia e exames que abarcarán unha ou varias unidades didácticas.

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

- Avaliación inicial dos coñecementos previos que servirá de referencia para ver a evolución e progreso dos alumnos/as.
- Caderno do profesor no que se rexistrarán o traballo do alumnado na clase e a súa participación nas actividades orais e escritas.
- Traballos, comentarios de textos, feitos individualmente ou en grupo.
- Lecturas relacionada coa materia.
- Realización de probas escritas dos diferentes tipos de contidos traballados previamente na aula, podendo ser este de preguntas curtas, de respostas directas, de tipo test, de preguntas teóricas a desenrolar, composición de comentario de textos seguindo indicacións e modelos recomendados pola CIUG., que serán fixados dependendo do desenvolvemento da materia.

O alumno será informado dos criterios empregados na cualificación dos instrumentos de avaliación

9.e Concrecións metodolóxicas que require a materia

O tratamento metodolóxico da materia débese axustar ao nivel competencial inicial do alumnado, tendo en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado e as súas características individuais e/ou estilos de aprendizaxe, co fin de conseguir que todo o alumnado alcance o máximo desenvolvemento das súas capacidades.

Dáselle prioridade á **comprensión** dos contidos que se traballan fronte á súa aprendizaxe mecánica. Propíciense oportunidades para poñer en práctica os novos coñecementos, de modo que o alumno poida comprobar o **interese** e a **utilidade** do aprendido. Foméntase a **reflexión persoal** sobre o realizado e a elaboración de conclusións con respecto ao que se aprendeu, de modo que o alumno poida analizar o seu progreso respecto aos seus coñecementos.

Potenciaremos o manexo adecuado da información en diferentes soportes e procedente de distintas fontes, en liña co concepto de alfabetizacións múltiples. As habilidades de comprensión de lectura e de uso da información, a expresión escrita e a capacidade de se expresar correctamente en público serán traballadas de xeito continuo

Todos estes principios teñen como finalidade que os alumnos sexan, gradualmente, capaces de **aprender por si mesmo** nuha tarefa cotiá dirixida e orientada polo profesor a partir de materiais de traballo . Esta metodoloxía deberá favorecer tamén a capacidade do alumnado para traballar en equipo, aplicando os métodos de investigación apropiados.

Nesta liña metodolóxica dunha aprendizaxe significativa procuraremos:

- Establecer relacións entre o coñecemento histórico e a realidade cotiá, de forma que resulte útil para formular e resolver problemas que preocupan a sociedade e o alumnado.
- Ter en conta os intereses e preocupacións do alumnado para que actúe motivado e se comprometa de forma persoal coa aprendizaxe.
- Utilizar o coñecemento histórico para cuestionar ideas comunmente aceptadas e desvelar aspectos non evidentes da realidade, de forma que se converta nun coñecemento emancipador que promova a autonomía persoal do alumnado.

9.f Materiais e recursos didácticos.

Agardando por un modelo de proba final ABAU, oficial e estable no ámbito galego, e tendo en conta as modificacións anunciadas para a proba ABAU para o curso 2018-2019, este Departamento non establece un manual ou textos de referencia oficiais e publicables.

Con todo, continuando coa práctica do curso anterior, de recomendar algún texto valoramos como liña didáctica a seguir a elaborada pola Editorial Santillana cos seus materiais de Historia de España, serie Descubre, e así llo faremos chegar ós alumnos.

A proposta editorial referida será complementada con recursos expositivos, escritos, orais, do profesorado utilizando textos, mapas murais, prensa e presentacións diversas dacordo coa multiplicidade de soportes que temos á nosa disposición.

Os alumnos poderán acceder a materiais complementarios e a información diversa en relación á asignatura, na Aula Virtual do Departamento, integrada na páxina web do Centro.

9.g Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado

CONVOCATORIA ORDINARIA

A materia estará dividida en tres partes, correspondentes a cada unha das avaliacións do curso.

Para aprobar a asignatura necesítase obter avaliación positiva (cinco ou superior) en cada una das tres partes.

A nota final da Convocatoria Ordinaria será resultado da media das tres avaliacións do curso, sempre e cando resulten aprobadas, redondeando cara o enteiro superior a partir de 0,5 e situándose no enteiro natural cando á décima se sitúe por baixo de 0,5.

Os referentes para a comprobación do grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos da etapa nas avaliacións continua e final das materias dos bloques de materias troncais, específicas e de libre configuración autonómica serán os criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe.

Para o Departamento o conxunto de estándares básicos valorarase, cando menos, nun 100%. Cada un dos estándares de aprendizaxe básicos ten igual valor.

A nota de cada avaliación estará formada, nun 90% pola cualificación dos exames e nun 10% pola valoración do traballo desenvolvido polo alumno.

Probas específicas

- A cualificación das probas obxectivas, escritas, será de 0 a 10. Cada cuestión, pregunta, do examen estará acompañada da puntuación outorgada a mesma e a suma total equivaldrá a nota de 10.
- Haberá un exame, proba, escrito por avaliación. Os contidos e estándares traballados en cada avaliación constituirán o 100% da nota de cada examen. Os criterios de avaliación guiarán o tipo de preguntas, cuestións, a desenvolver en cada proba, quedando a criterio do profesor o modelo de preguntas, cuestións (abertas, semiabertas, pechadas) e o número das mesmas a establecer en cada proba.
- Á cualificación media final do exame de cada avaliación será aplicable a porcentaxe establecida (90%)

Traballo do alumno

- Constará de prácticas, notas de clase, traballo diario na aula, lectura de libros, artigos recomendados, recollida e elaboración de información utilizando recursos informáticos e audiovisuais, así mesmo terase en conta o interese mostrado polo alumno na materia. (Elaboración de esquemas, eixos cronolóxicos, visualización e comentario de películas, documentais, comentarios de texto).
- En definitiva, todos aqueles que resulten adecuados á preparación do tipo de proba final (ABAU) unha vez que se coñeza a mesma.
- Cada profesor determinará o tipo de traballos e número dos mesmos a consignar neste apartado.
- A aportación a cada avaliación será dun 10% da nota da Avaliación.

Recuperacións e exame final

Das dúas primeiras avaliacións, para os alumnos que suspenderan a materia, existirá una recuperación. Para a terceira existirá samente a posibilidade de presentarse a recuperación final.

Na recuperación final :

Os alumnos con unha avaliación suspensa terán un examen exclusivo da mesma.

Os alumnos con dúas avaliacións suspensas terán un examen combinado das mesmas.

Os alumnos coas tres avaliacións suspensas terán un examen combinado das mesmas.

En calquera destes casos será un exame único, sin opción A ou B. A nota resultante constará como un 5 , en calquera caso, de cara a media final.

Os alumnos con todo o curso aprobado poderán presentarse a un examen final que seguirá o modelo da proba ABAU, con dúas opcións A ou B. Cando o resultado deste examen supere a nota media do curso , constará para a avaliación final este resultado seguindo a norma establecida de redondeo (redondeando cara o enteiro superior a partir de 0,5 e situándose no enteiro natural cando á décima se sitúe por baixo de 0,5.)

A necesidade de presentarse a unha recuperación de avaliación na recuperación final exclúe a posibilidade de presentarse ó examen de millorar nota global.

Tanto nos exames de recuperación por Avaliación como nos exames de recuperación final as preguntas obedecerán os contidos mínimos da asignatura, en función do modelo da proba ABAU establecida.

Os exames de recuperación supoñen unha nota neta, xa sexa para recuperar unha avaliación nas convocatorias parciais ou final. Tendo en conta este carácter básico e extraordinario, o aprobado será rexistrado como un 5 para obter a nota final na convocatoria ordinaria.

CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA

Constará dun so exame similar os de todo o curso que poderá abarcar contidos de toda a materia explicada polo profesor a longo de todo o curso académico. A proba extraordinaria de Setembro será común e única para todo o alumnado do mesmo nivel. Para aprobar a asignatura necesitarase obter avaliación positiva de 5 ou superior nesta proba

INCIDENCIAS ESPECIAIS

Aqueles alumnos que sexan sorprendidos polo profesor consultando libros, apuntes ou calquera outra fonte por calquera medio en exames ou exercicios que teñan por obxecto unha avaliación obxectiva, serán advertidos ou se lles ordenará, de inmediato, o cese na realización do exame ou exercicio, pregunta, apartado, de que se trate, segundo a gravidade que o profesor aprecie en cada momento; da mesma maneira se o alumno se comunica con outros para obter unha información a incluír no seu exame ou exercicio. A profesora ou profesor non decidirá suspender a un alumno por indicios, sospeitas ou calquera outra circunstancia que non se observase no momento mesmo de producirse.

9.m Concreción dos elementos transversais

1.-Educación cívica..A historia contribúe decisivamente a formación de cidadáns responsables, conscientes dos seus dereitos e das súas obrigas, así como da herdanza recibida e do seu compromiso coas xeracións futuras. O seu estudo deberá contribuír a fomentar unha especial sensibilidade cara á sociedade do presente e a súa problemática, que anime a adoptar unha actitude responsable e solidaria coa defensa da liberdade, a igualdade entre homes e mulleres, os dereitos humanos, a non discriminación e os valores democráticos

2.- A comprensión de lectura, a expresión oral e escrita son elementos presentes en todos os cursos (traballos escritos, exposicións, uso da prensa...).

3.-Traballo con tecnoloxías da información e da comunicación. En todos os cursos trabállase a busca e selección de información a través de Internet para cumprimentar información, busca de datos, realización de traballos, etc. Os alumnos deben ser capaces de transformar a búsqueda de información en coñecemento.

4.-Animar ao emprendemento . Este elemento transversal en bacharelato está vinculado á importancia dos emprendedores nos momentos de cambio do modelo económico como as transformacións de mediados do

século XIX ou o movemento socioeconómico dos anos 60 do século pasado que contribuíu a acelerar un cambio social que trouxo consigo o cambio de modelo político.

5.-O desenvolvemento sustentable e o medio son elementos que están presentes de forma directa nos procesos de transformación económica citados.

6.-Os riscos de explotación e o abuso e maltrato están presentes nos temas de historia. Así o traballo infantil, a discriminación por sexo, relixión e raza están presentes no curriculum da materia.

9.1 . ASPECTOS A TER EN CONTA NA ENSINANZA DE ADULTOS.

Esta materia impartese tamen na ensinanza de adultos. Os contidos , obxetivos , contidos mínimos son os mesmos que para ensinanza ordinaria. Se ben, tendo en conta as características especiais deste tipo de alumnado: nalgúns casos compatibilizar estudio con traballo, noutros retomar estudos tras estar apartados da escolarización varios cursos; e convinte facer algunhas adaptacións noutros aspectos.

Principalmente nos aspectos de avaliación, se ben non se lles reduce a materia, tratarase de facer exames con maior frecuencia e menor contido en cada un deles para tratar de facilitarlle o estudio. Deste xeito faranse como mínimo dous exames por trimestre, podendo facerse incluso tres ou máis, ademais de outras probas orais e escritas.

Tamen se disminuirá o número de traballos obrigatorios, deixándoo en dous por trimestre.

De todos xeitos nota de cada avaliación estará formada, nun 80% pola cualificación dos exames e nun 20% pola valoración do traballo desenvolvido polo alumno como na ensinanza ordinaria.O peso dos diversos instrumentos na avaliación será exactamente igual nos dous modos de ensinanza.

En todo o demáis o procedemento e igual que na ensinanza ordinaria

10. PROGRAMACIÓN 2º BACHARELATO : XEOGRAFÍA (b,d,e,f,g,m)

10.b Contribución ao desenvolvemento das competencias clave. Concreción que recolle a relación dos estándares de aprendizaxe avaliábeis que forman parte dos perfís de competencias.

O Decreto 86/2015 de xuño, polo que se establece o currículo de educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, define as competencias como as capacidades para aplicar de xeito integrado os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, co fin de lograr a realización adecuada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos e expón as seguintes competencias clave :

- 1ª) Comunicación lingüística (CCL)
- 2ª) Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT)
- 3ª) Competencia dixital (CD)
- 4ª) Aprender a aprender (CAA)
- 5ª) Competencias sociais e cívicas (CSC)
- 6ª) Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)
- 7ª) Conciencia e expresións culturais (CCEC)

CONCRECIÓN DE CADA ESTÁNDAR CAS COMPETENCIA CLAVE							
CURSO: 2º BACHARELATO XEOGRAFÍA							
	CCL	CMCT	CD	CSC	CAA	CSIEE	CCEC
Estándares de aprendizaxe avaliábeis TOTAL: 123	115	112	96	5	122		
Relación coas competencias básicas %	93,4 %	91,05 %	78,0 %	4,06 %	99,1 %		

A materia é rica en achegas ao desenvolvemento competencial. A competencia clave matemática e, moi especialmente, as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía están moi presentes, xa que en xeografía se require abordar aprendizaxes de feitos e procedementos propios das ciencias da terra ou da estatística.

Do mesmo xeito, a competencias sociais e cívicas reciben un tratamento moi específico relacionado cos contidos propios da xeografía como o desenvolvemento sustentable, que ademais é un elemento transversal ao longo da etapa.

Pola súa banda, as competencias lingüística e dixital (fronte á realidade ineludible da universalización da cartografía dixital e o tratamento cotiá das imaxes satélite), e a de aprender a aprender están presentes de maneira constante na súa vertente máis instrumental e deben impregnar todo o que sexa posible o desenvolvemento curricular da materia.

A competencia clave de sentido de iniciativa e espírito emprendedor debe estar moi presente nas vertentes máis actitudinais da competencia (saber ser) e na de coñecemento procedemental.

10.d Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable.

10.d.1 Temporalización

A temporalización foi realizada tendo en conta os seguintes datos:

2º BACHARELATO	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
Xeografía	93	83	123

Relación de Unidades Didácticas

PRIMER TRIMESTRE	2º TRIMESTRE	3º TRIMESTRE
1/ Introducción ao coñecemento xeográfico. 2/ O relevo español : a súa diversidade xeomorfolóxica. 3/ A diversidade climática. 4/ A diversidade hídrica, vexetal e edáfica. 5/ As paisaxe naturais e a as relacións entre natureza e sociedade.	6/ Os espazos do sector primario. 7/ As fontes de enerxía e o espazo industrial. 8/ Os espazos do sector terciario.	9/ A poboación española. 10/ O espazo urbano. 11/ Formas de organización territorial. 12/ España en Europa e no mundo.

10.d.2 Grao mínimo de consecución para superar a materia

Os criterios de avaliación son o referente específico para avaliar a aprendizaxe do alumnado. Describen aquilo que se quere valorar e que o alumnado debe lograr, tanto en coñecementos coma en competencias, e responden ao que se pretende conseguir en cada disciplina.

Criterios de avaliación
BLOQUE 1. . A xeografía e o estudo do espazo xeográfico .
▪ B1.1. Recoñecer a peculiaridade do coñecemento xeográfico utilizando as súas ferramentas de análise e os seus procedementos.
▪ B1.2. Identificar o espazo xeográfico como tal nas súas diversas ocupacións, entendéndoo como centro de relacións humanas e sociais.
▪ B1.3. Distinguir e analizar os tipos de planos e mapas con diferentes escalas, identificándoos como ferramentas de representación do espazo xeográfico
▪ B1.4. Analizar e comentar o mapa topográfico nacional E: 1/50.000.
▪ B1.5. Deseñar e comparar mapas sobre espazos xeográficos próximos utilizando os procedementos característicos.
▪ B1.6. Procurar, seleccionar e elaborar información de contido xeográfico obtida de fontes diversas, e presentala de xeito adecuado.
Bloque 2. O relevo español: a súa diversidade xeomorfolóxica
▪ B2.1. Distinguir as singularidades do espazo xeográfico español establecendo os aspectos que lle confiren unidade e os elementos que ocasionan diversidade.
▪ B2.2. Describir os trazos do relevo español, situando e analizando as súas unidades de relevo.

Criterios de avaliación
▪ B2.3. Definir o territorio español subliñando as diferenzas das unidades morfoestruturais.
▪ B2.4. Diferenciar a litoloxía de España, incidindo nas súas características e na modelaxe.
▪ B2.5. Utilizar correctamente o vocabulario específico da xeomorfoloxía.
▪ B2.6. Procurar e seleccionar información do relevo obtido de fontes diversas (bibliográficas, cartográficas, internet ou traballos de campo), e presentala de xeito adecuado sinalando os condicionamentos que o relevo pode impor.
▪ B2.7. Identificar as características edáficas dos solos.
Bloque 3. A diversidade climática e a vexetación
▪ B3.1. Sinalar nun mapa de España os dominios climáticos.
▪ B3.2. Distinguir os climas en España e comentar as súas características, sinalando os factores e os elementos que os compoñen, para diferenciarlos.
▪ B3.3. Distinguir os climas en España e a súa representación en climogramas.
▪ B3.4. Comentar a información climatolóxica que se deduce utilizando mapas de temperaturas ou precipitacións de España.
▪ B3.5. Analizar os tipos de tempo atmosférico en España utilizando os mapas de superficie e de altura.
▪ B3.6. Interpretar un mapa do tempo aplicando as características dos tipos de tempo peninsulares ou insulares.
▪ B3.7. Obter e seleccionar información de contido xeográfico relativo á diversidade climática de España utilizando as fontes dispoñibles, tanto de internet como de medios de comunicación social, ou bibliografía.
▪ B3.8. Identificar as rexións vexetais.
▪ B3.9. Diferenciar razoadamente as formacións vexetais españolas.
Bloque 4. A hidrografía
▪ B4.1. Explicar a diversidade hídrica da Península Ibérica e nas illas, enumerando e localizando os tipos de elementos hídricos que se poden percibir coa observación da paisaxe.
▪ B4.2. Describir as cuncas fluviais españolas situándoas nun mapa e enumerando as súas características.
▪ B4.3. Identificar os réximes fluviais máis característicos.
▪ B4.4. Enumerar as zonas húmidas de España, localizalas nun mapa e comentar as súas características.
▪ B4.5. Analizar o aproveitamento dos recursos hídricos en España, incluíndo as características de seca e das chuvias torrenciais do clima.
▪ B4.6. Obter e seleccionar información de contido xeográfico relativo á hidroloxía española, incidindo na explotación das augas subterráneas, utilizando distintas fontes de información.
Bloque 5. As paisaxes naturais e as relacións entre natureza e sociedade
▪ B5.1. Describir e reflectir nun mapa as paisaxes naturais españolas, identificando os seus trazos.
▪ B5.2. Relacionar o medio natural coa actividade humana, describindo casos de modificación do medio polo ser humano.
▪ B5.3. Describir os espazos humanizados e enumerar os seus elementos constitutivos.
▪ B5.4. Obter e seleccionar información de contido xeográfico relativo ás paisaxes naturais e as relacións entre natureza e sociedade, utilizando fontes en que estea dispoñible, tanto en internet como en bibliografía ou medios de comunicación social.
▪ B5.5. Comparar imaxes das variedades de paisaxes naturais.
Bloque 6. A poboación española
▪ B6.1. Identificar as fontes para o estudo da poboación establecendo os procedementos que permiten estudar casos concretos.
▪ B6.2. Comentar gráficos e taxas que amosen a evolución da poboación española.
▪ B6.3. Caracterizar a poboación española identificando os movementos naturais.
▪ B6.4. Diferenciar a densidade de poboación no espazo peninsular e insular, explicando a distribución de poboación
▪ B6.5. Explicar a distribución da poboación española identificando as migracións
▪ B6.6. Analizar a poboación das comunidades autónomas, definindo a súa evolución e a problemática de cada unha.
▪ B6.7. Comentar un mapa da densidade de poboación de España, analizando a súa estrutura.
▪ B6.8. Analizar as pirámides de poboación das comunidades autónomas, incidindo no caso galego, e comentar as súas peculiaridades.
▪ B6.9. Explicar as perspectivas de poboación española e a ordenación do territorio.
▪ B6.10. Obter e seleccionar información de contido demográfico utilizando fontes en que estea dispoñible, tanto en internet como noutras fontes de información.
Bloque 7. O espazo rural e as actividades do sector primario

Criterios de avaliación
▪ B7.1. Describir as actividades agropecuarias e forestais, especificando as características de España.
▪ B7.2. Distinguir as paisaxes agrarias, a súa morfoloxía e as súas estruturas, establecendo as súas características.
▪ B7.3. Analizar adecuadamente unha paisaxe rural distinguindo o terreo de labor, os bosques e o hábitat.
▪ B7.4. Comprender a evolución da estrutura da propiedade e identificar formas de tenza da terra.
▪ B7.5. Explicar o sector agrario español tendo en conta as súas estruturas da propiedade e as características das súas explotacións.
▪ B7.6. Explicar a situación do sector agrario español tendo en conta o contexto europeo e as políticas da Unión Europea.
▪ B7.7. Analizar a actividade pesqueira, e definir as súas características e os seus problemas
▪ B7.8. Obter e seleccionar información de contido xeográfico relativo ao espazo rural, silvícola ou pesqueiro, utilizando fontes dispoñibles en internet, en medios de comunicación social ou na bibliografía.
Bloque 8. As fontes de enerxía e o espazo industrial
▪ B8.1. Analizar o proceso de industrialización español establecendo as características históricas que conducen á situación actual.
▪ B8.2. Relacionar as fontes de enerxía e a industrialización, e describir as súas consecuencias en España.
▪ B8.3. Coñecer os factores da industria en España
▪ B8.4. Identificar e comentar os elementos dunha paisaxe industrial dada.
▪ B8.5. Describir os eixes de desenvolvemento industrial sobre un mapa, establecendo as súas características e as posibilidades de rexeneración e cambio no futuro.
▪ B8.6. Obter e seleccionar información de contido xeográfico relativo ao espazo industrial español e a influencia nel da política industrial europea, utilizando fontes en que estea dispoñible, tanto en internet, como na bibliografía ou nos medios de comunicación.
Bloque 9. O sector servizos
▪ B9.1. Analizar a terciarización da economía española establecendo as súas características e a influencia no produto interior bruto, e utilizar correctamente a terminoloxía do sector servizos
▪ B9.2. Identificar a presenza dos servizos no territorio, analizando a súa distribución e o impacto no medio.
▪ B9.3. Explicar o sistema de transporte en España, distinguindo a articulación territorial que configura.
▪ B9.4. Describir o desenvolvemento comercial e a ocupación territorial que impón, e establecer as súas características.
▪ B9.5. Localizar nun mapa os espazos turísticos, e enumerar as súas características e as desigualdades rexionais.
▪ B9.6. Obter e seleccionar información de contido xeográfico relativo á actividade ou ao espazo do sector servizos español, utilizando fontes en que estea dispoñible, tanto en internet como na bibliografía ou nos medios de comunicación social.
▪ B9.7. Identificar e comentar unha paisaxe transformado por unha importante zona turística.
Bloque 10. O espazo urbano
▪ B10.1. Definir a cidade.
▪ B10.2. Analizar e comentar planos de cidades, distinguindo os seus trazados.
▪ B10.3. Identificar o proceso de urbanización e enumerar as súas características e as planificacións internas.
▪ B10.4. Analizar a morfoloxía e a estrutura urbana, e extraer conclusións da pegada da historia e a súa expansión espacial, reflexo da evolución económica e política da cidade.
▪ B10.5. Analizar e comentar unha paisaxe urbana.
▪ B10.6. Identificar o papel das cidades na ordenación do territorio.
▪ B10.7. Describir a rede urbana española e comentar as súas características.
▪ B10.8. Obter, seleccionar e analizar información de contido xeográfico relativo ao espazo urbano español, utilizando fontes en que estea dispoñible, en internet, nos medios de comunicación social ou na bibliografía.
Bloque 11. Formas de organización territorial
▪ B11.1. Describir a organización territorial española analizando a estrutura local, autonómica e estatal.
▪ B11.2. Explicar a organización territorial española e establecer a influencia da historia e da Constitución de 1978, mediante o emprego de mapas históricos e actuais.
▪ B11.3. Analizar a organización territorial española e describir os desequilibrios e os contrastes territoriais, así como os mecanismos correctores.
▪ B11.4. Describir a transcendencia das comunidades autónomas e definir as políticas territoriais que levan a cabo, incidindo no

Criterios de avaliación
caso de Galicia.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B11.5. Obter, seleccionar e analizar información de contido xeográfico relativo ás formas de organización territorial en España, utilizando fontes en que estea dispoñible en internet, nos medios de comunicación social ou na bibliografía.
Bloque 12. España en Europa e no mundo
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B12.1. Definir a situación xeográfica de España no mundo, establecendo a súa posición e localizando os seus territorios. ▪ B12.2. Describir o continente europeo distinguindo a súa estrutura territorial e os contrastes físicos e socioeconómicos. ▪ B12.3. Identificar a posición de España na Unión Europea, enumerando as políticas rexionais e de cohesión territorial que se practican en Europa e que afectan a España. ▪ B12.4. Definir a globalización e explicar os seus trazos ▪ B12.5. Comparar os procesos de mundialización e diversidade territorial, resumindo as características de ambos ▪ B12.6. Explicar as repercusións da inclusión de España en espazos socioeconómicos e xeopolíticos continentais e mundiais, utilizando fontes diversas baseadas en material bibliográfico ou en liña e en opinións expostas nos medios de comunicación social.

Os estándares de aprendizaxe avaliábeis son as especificacións dos criterios de avaliación que permiten definir os resultados de aprendizaxe e que concretan o que o alumnado debe saber, comprender e saber facer en cada disciplina.

Os estándares de aprendizaxe básicos desta área sinalados no cadro seguinte se corresponden co grao mínimo de consecución para superar a materia. Debe ser entendido como unha situación de aprendizaxe precisa e explícita o que o alumnado debe saber e saber-facer e que será considerada a como unha aprendizaxe imprescindible neste curso de fin de estudos de Bacharelato.

Os estándares do cadro seguinte son considerados estándares de aprendizaxe básicos polo que o grao de consecución é do 100% para superar a materia

O criterio adoptado polo Departamento para fixar este valor, xunto cos de 50 e 25 %, cos que se determinan tódolos estándares expostos nas táboas de cada curso establecidas ó final desta Programación, responden ás seguintes consideracións :

100 %	Estándares obrigatoriamente contemplados nos Procedementos e Instrumentos de Avaliación. Avaliación, cualificación positiva segundo os Criterios desta Programación trae consigo a superación dos estándares avaliados.
50%	Estándares complementarios contemplados nos Procedementos e Instrumentos de Avaliación. Non serán decisivos para acadar unha cualificación positiva.
25%	Estándares con tratamento optativo, traballados según evolución e dinámica de cada curso/grupo. Seguimento e valoración a través do apartado “traballo do alumno” establecido nos Criterios de Avaliación desta Programación.

Estándares de aprendizaxe básicos
Bloque 1. A xeografía e o estudo do espazo xeográfico
<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB1.2.2. Enumera e describe as características das paisaxes xeográficas. ▪ XHB1.3.1. Utiliza adecuadamente as ferramentas características da ciencia xeográfica ▪ XHB1.4.2. Extrae a información de mapas e planos de diferentes escalas.
Bloque 2. O relevo español: a súa diversidade xeomorfolóxica
<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB2.1.1. Debuxa e sinala sobre un mapa físico de España as unidades do relevo español, comentando as súas características. ▪ XHB2.3.1. Enumera e describe os principais trazos do relevo de España. ▪ XHB2.4.1. Clasifica as unidades do relevo español segundo as súas características xeomorfolóxicas. ▪ XHB2.5.1. Describe sumariamente nun mapa a evolución xeolóxica e a conformación do territorio español. ▪ XHB2.6.1. Realiza un corte topográfico e explica o relevo que reflicte.

Estándares de aprendizaxe básicos
<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB2.7.2. Localiza nun mapa de España os tipos de solos peninsulares e insulares.
Bloque 3. A diversidade climática e a vexetación
<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB3.1.1. Localiza os climas nun mapa de España ▪ XHB3.2.1. Describe e compara os climas en España, enumerando os factores e os elementos característicos. ▪ XHB3.3.1. Representa e comenta climogramas específicos de cada clima. ▪ XB3.6.1. Comenta un mapa do tempo de España distinguindo os elementos que explican o tipo de tempo característico da estación do ano correspondente. ▪ XHB3.8.1. Identifica nun mapa os dominios vexetais, e describe e comenta as súas características. ▪ XHB3.9.1. Ante unha paisaxe natural, identifica as formacións vexetais que aparecen. ▪ XHB3.9.2. Analiza razoadamente unha cliserie.
Bloque 4. A hidrografía
<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB4.2.1. Localiza nun mapa de España as principais cuncas fluviais. ▪ XHB4.3.1. Relaciona os réximes hídricos dos cursos fluviais coas posibilidades de aproveitamento hídrico en España.
Bloque 5. As paisaxes naturais e as relacións entre natureza e sociedade
<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB5.1.2. Localiza no mapa as paisaxes naturais españolas e identifica as súas características. ▪ XHB5.2.1. Identifica e formula os problemas suscitados pola interacción entre persoa e natureza sobre as paisaxes. ▪ XHB5.2.2. Analiza algún elemento lexislador correctivo da acción humana sobre a natureza. ▪ XHB5.5.1. Diferencia as paisaxes naturais españolas a partir de fontes gráficas e comenta imaxes representativas de cada unha das variedades de paisaxes naturais localizadas en medios de comunicación social, internet ou outras fontes bibliográficas.
Bloque 6. A poboación española
<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB6.1.1. Utiliza as ferramentas de estudo da poboación. ▪ XHB6.2.1. Comenta a pirámide actual de poboación española e compáraa con algunha dun período anterior ou de previsións futuras. ▪ XHB6.3.1. Aplica a teoría da transición demográfica ao caso español. ▪ XHB6.4.1. Comenta o mapa da densidade de poboación actual en España. ▪ XHB6.5.1. Explica os procesos migratorios antigos que afectan a España. ▪ XHB6.5.2. Identifica e analiza as migracións recentes. ▪ XHB6.7.1. Analiza un gráfico da estrutura da poboación española. ▪ XHB6.8.1. Resolve problemas de demografía referidos ao cálculo de taxas de poboación. ▪ XHB6.9.1. Selecciona e analiza información sobre as perspectivas de futuro da poboación española.
Bloque 7. O espazo rural e as actividades do sector primario
<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB7.1.1. Identifica as actividades agropecuarias e forestais. ▪ XHB7.2.1. Sitúa nun mapa a distribución dos principais aproveitamentos agrarios. ▪ XHB7.5.1. Identifica e analiza as características das paisaxes agrarias españolas. ▪ XHB7.7.1. Establece as características e as peculiaridades da actividade pesqueira española e galega. ▪ XHB7.8.1. Confecciona gráficos comparativos do peso específico no PIB das actividades agrarias, gandeiras, forestal e pesqueiras españolas fronte a outros sectores de actividade.
Bloque 8. As fontes de enerxía e o espazo industrial
<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB8.1.1. Selecciona e analiza información sobre os problemas e a configuración da industria española. ▪ XHB8.2.1. Relaciona o nacemento da industria e a localización de fontes de enerxía e materias primas en España. ▪ XHB8.3.1. Enumera as características da industria española e as súas diferenzas rexionais. ▪ XHB8.3.2. Confecciona e analiza gráficas e estatísticas que expliquen as producións industriais. ▪ XHB8.4.1. Analiza e comenta paisaxes de espazos industriais. ▪ XHB8.5.1. Sinala nun mapa os asentamentos industriais máis importantes, distinguindo entre os sectores industriais.

Estándares de aprendizaxe básicos
▪ XHB8.5.3. Describe os eixes ou focos de desenvolvemento industrial, e as súas perspectivas de futuro.
▪ XHB8.6.1. Describe as políticas industriais da Unión Europea e a súa influencia nas españolas.
Bloque 9. O sector servizos
▪ XHB9.1.1. Identifica as características do sector terciario español.
▪ XHB9.2.1. Explica a incidencia do sector servizos para a economía española.
▪ XHB9.3.1. Describe como se articulan os medios de comunicación máis importantes de España (ferrocarrís, estradas, portos e aeroportos).
▪ XHB9.4.1. Comenta gráficas e estatísticas que expliquen o desenvolvemento comercial.
▪ XHB9.6.1. Comenta gráficas e estatísticas que expliquen o desenvolvemento turístico español.
▪ XHB9.6.2. Explica como articulan o territorio outras actividades terciarias.
Bloque 10. O espazo urbano
▪ XHB10.1.1. Define cidade e achega exemplos.
▪ XHB10.3.1. Identifica as características do proceso de urbanización.
▪ XHB10.4.2. Explica a morfoloxía urbana e sinala as partes dunha cidade sobre un plano desta.
▪ XHB10.5.2. Selecciona e analiza imaxes que expliquen a morfoloxía e a estrutura urbana dunha cidade coñecida.
▪ XHB10.6.1. Explica a xerarquización urbana española.
▪ XHB10.7.1. Describe e analiza as influencias mutuas entre a cidade e o espazo que a rodea.
Bloque 11. Formas de organización territorial
▪ XHB11.1.1. Localiza e explica nun mapa a organización territorial española, partindo do concello e da comunidade autónoma.
▪ XHB11.2.2. Caracteriza a ordenación territorial establecida pola Constitución de 1978.
▪ XHB11.2.4. Distingue e enumera as comunidades autónomas, as principais cidades en cada unha e os países fronteirizos de España.
▪ XHB11.3.1. Enumera os desequilibrios e os contrastes territoriais existentes na organización territorial española.
▪ XHB11.5.2. Explica razoadamente os trazos esenciais das políticas territoriais autonómicas.
Bloque 12. España en Europa e no mundo
▪ XHB12.1.1. Localiza nun mapa as grandes áreas xeoeconómicas e sinala aquelas coas que España ten máis relación.
▪ XHB12.1.3. Localiza a situación española entre as grandes áreas xeoeconómicas mundiais.
▪ XHB12.2.1. Explica a posición de España na Unión Europea.
▪ XHB12.3.1. Extrae conclusións das medidas que a Unión Europea toma en política rexional e de cohesión territorial que afectan a España.
▪ XHB12.4.1. Identifica e describe os trazos da globalización con exemplificacións que afecten a España.

10.d.3 Procedementos e instrumentos de avaliación.

Para a avaliación dos estándares de aprendizaxe compre a utilización de procedementos e instrumentos de avaliación diversos . Nos *procedementos de avaliación* recollemos os métodos que fan posible contrastar o grao de aprendizaxe da materia tendo en conta os diferentes elementos que constitúen o currículo. Os *instrumentos de avaliación* constitúen o soporte físico que se emprega para recoller a información sobre as aprendizaxes. No curso 2º de bacharelato utilizaráanse os seguintes dependendo do estándar que se queira avaliar:

Procedementos	Instrumentos
Observación OB	Escalas de observación.
Análise de producións dos alumnos PA	Resolución de exercicios e prácticas realizadas na clase
	Realización de traballos individuais ou en grupo.
	Monografías
Expresións orais EO	Caderno do profesor
Probos específicas PE	Probos escritas de diferentes tipos
	Probos orais

PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

- OB Observación sistemática do alumno: traballo e participación do alumno nas tarefas de clase.
- PA Análise da produción dos alumnos : Intervencións orais na clase, especialmente aquelas que requiran unha preparación previa . Elaboración de resumos, monografías, informes...
- EO Expresións orais: valoración da súa creatividade e investigación persoal. Valoración do seu grado de interese pola materia, da súa participación positiva nas postas en común.
- PE Probos específicas, orais ou escritas. Controis escritos que abarcarán unha parte limitada da materia e exames que abarcarán unha ou varias unidades didácticas.

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

- Avaliación inicial dos coñecementos previos que servirá de referencia para ver a evolución e progreso dos alumnos/as.
- Caderno do profesor no que se rexistrarán o traballo do alumnado na clase e a súa participación nas actividades orais e escritas.
- Traballos, comentarios de textos, feitos individualmente ou en grupo.
- Lecturas relacionada coa materia.
- Realización de probos escritas dos diferentes tipos de contidos traballados previamente na aula, podendo ser este de preguntas curtas, de respostas directas, de tipo test, de preguntas teóricas a desenrolar, composición de comentario de textos seguindo indicacións e modelos recomendados pola CIUG., que serán fixados dependendo do desenvolvemento da materia.
- Probos orais

O alumno será informado dos criterios empregados na cualificación dos instrumentos de avaliación

10.e Concrecións metodolóxicas que require a materia

O tratamento metodolóxico da materia debe axustarse ao nivel competencial inicial do alumnado, respectando ritmos e estilos de aprendizaxe que teñan en conta a atención á diversidade. A materia de Xeografía permite desenvolver metodoloxías activas, nas que o traballo individual e cooperativo estean permanentemente presentes, con elaboración de diferentes tipos de materiais, integrando de forma especial as tecnoloxías da información e da comunicación.

Dáselle prioridade á **comprensión** dos contidos que se traballan fronte á súa aprendizaxe mecánica. Propíciense oportunidades para poñer en práctica os novos coñecementos, de modo que o alumno poida comprobar o **interese** e a **utilidade** do aprendido. Foméntase a **reflexión persoal** sobre o realizado e a elaboración de conclusións con respecto ao que se aprendeu, de modo que o alumno poida analizar o seu progreso respecto aos seus coñecementos.

Potenciaremos o manexo adecuado da información en diferentes soportes e procedente de distintas fontes, en liña co concepto de alfabetizacións múltiples. As habilidades de comprensión de lectura e de uso da información, a expresión escrita e a capacidade de se expresar correctamente en público serán traballadas de xeito continuo

Todos estes principios teñen como finalidade que os alumnos sexan, gradualmente, capaces de **aprender por si mesmo** nuha tarefa cotiá dirixida e orientada polo profesor a partir de materiais de traballo. Esta metodoloxía deberá favorecer tamén a capacidade do alumnado para traballar en equipo, aplicando os métodos de investigación apropiados.

10.f Materiais e recursos didácticos.

O Departamento non establece un manual ou textos de referencia oficiais e publicables.

Con todo, continuando coa práctica do curso anterior, de recomendar algún texto valoramos como liña didáctica a seguir a elaborada pola Editorial Anaya.

A proposta editorial referida será complementada con recursos expositivos, escritos, orais, do profesorado utilizando textos, mapas murais, prensa e presentacións diversas dacordo coa multiplicidade de soportes que temos á nosa disposición.

Os alumnos poderán acceder a materiais complementarios e a información diversa en relación á asignatura, na Aula Virtual do Departamento, integrada na páxina web do Centro.

10.g Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado

Os referentes para a comprobación do grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos da etapa nas avaliacións continua e final serán os criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe. Para o Departamento cada un dos estándares de aprendizaxe básicos ten igual valor.

Avaliación ordinaria

A materia estará dividida en tres partes, correspondentes a cada unha das avaliacións do curso. Para aprobar a asignatura necesítase obter avaliación positiva (cinco ou superior) en cada unha das tres partes. A nota de cada avaliación estará formada, nun 90% pola cualificación das probas específicas e nun 10% pola valoración do traballo desenvolvido polo alumno.

A nota final da Convocatoria Ordinaria será resultado da media das tres avaliacións do curso, sempre e cando resulten aprobadas, redondeando cara o enteiro superior a partir de 0,5 e situándose no enteiro natural cando á décima se sitúe por baixo de 0,5. O peso de todas as avaliacións na nota final será o mesmo.

Todas as probas escritas e orais realizadas ao longo do trimestre, así como os diferentes traballos do alumnado, estarán deseñados para avaliar e cualificar estándares de aprendizaxe

Probas específicas

- En cada trimestre haberá dous exames parciais. A nota mínima de exame para facer media nas probas será de 3. Á cualificación media final dos exames de cada avaliación será aplicable a porcentaxe establecida (90%)
- As probas escritas seguirán os criterios establecidos polas ABAU. Indicarase a valoración de cada pregunta e os criterios de calificación estarán a disposición do alumnado.

Análise de producións dos alumnos

- Resolución de probas prácticas de xeografía: Valorarase a capacidade de localización, realización e comprensión de mapas, táboas, gráficas... Cualificación mediante rúbrica.
- Texto argumentativo que presenta e analiza datos de varias fontes , analizados con visión crítica. Cualificación mediante rúbrica.

Observación sistemática

- Empregárase escalas de observación. Dependendo do estándar pode ser numérica cunha gradación de 1 a 4 ou ben de categorías.

Recuperacións e exame final

Das dúas primeiras avaliacións, para os alumnos que suspenderan a materia, existirá una recuperación. Para a terceira existirá soamente a posibilidade de presentarse a recuperación final.

A recuperación final presentaranse soamente aqueles alumnos que teñan avaliación negativa (inferior a cinco) nalgunha das tres avaliacións. Así mesmo para poder presentarse a esta avaliación final deberán ter aprobado (nota de cinco ou superior) nalgunha das tres avaliacións.

Neste exame de recuperación final deberá realizarse un exercicio por cada unha das avaliacións suspensas, e para considerar aprobada a materia deberán acadar aprobado (cinco ou mais) en cada un dos exercicios das avaliacións suspensas. No caso de presentarse con máis dunha avaliación pendente o profesor determinará cales son as preguntas a contestar por Avaliación, para dese xeito posibilitar a realización de dous exames no tempo destinado para a proba.

No exame de recuperación final as preguntas obedecerán os contidos mínimos da asignatura. Tendo en conta este carácter básico e extraordinario, o aprobado será rexistrado como un 5 para obter a nota final na convocatoria ordinaria.

Avaliación extraordinaria

Constará dun so exame similar os de todo o curso que poderá abarcar contidos de toda a materia explicada polo profesor a longo de todo o curso académico. A proba extraordinaria de Setembro será común e única para todo o alumnado do mesmo nivel. Para aprobar a asignatura necesitarase obter avaliación positiva de 5 ou superior nesta proba

10.m Concreción dos elementos transversais

1.- A comprensión de lectura, a expresión oral e escrita son elementos presentes en toda a materia (traballos escritos, exposicións, uso da prensa...).

2.- Traballo con tecnoloxías da información e da comunicación. Trabállase de xeito cotiá a busca e selección de información a través de Internet para cumprimentar información, busca de datos, realización de traballos, etc.

3.-Animar ao emprendemento . É un elemento transversal especialmente significativo polo peso da xeografía económica na materia. Traballaremos en común co departamento de economía.

4.A educación cívica e constitucional. O desenvolvemento sustentable e o coidado do medioambiente son elementos que están permanentemente presentes na materia de xeografía (sobreexplotación dos caladoiros, enerxías alternativas...). Os estudos demográficos, as diferenzas por sexo, os desequilibrios territoriais... forman parte da educación cívica.

10.1 . ASPECTOS A TER EN CONTA NA ENSIANZA DE ADULTOS.

Esta materia impartese tamen na ensinanza de adultos.Tendo en conta as características especiais deste tipo de alumnado: nalgúns casos compatilizar estudio con traballo, noutros retomar estudos tras estar apartados da escolarización varios cursos; e convinte facer algunhas adaptacións.

Principalmente nos aspectos de avaliación, se ben non se lles reduce a materia, tratarase de facer exames con maior frecuencia e menor contido en cada un deles para tratar de facilitarlle o estudio. Deste xeito faranse como mínimo dous exames por trimestre, podendo facerse incluso tres ou mais, ademáis de outras probas orais e escritas.

Tamen se disminuirá o número de traballos obrigatorios, deixándoo en dous por trimestre.

De todos xeitos a nota de cada avaliación estará formada, nun 80% pola cualificación dos exames e nun 20% pola valoración do traballo desenvolvido polo alumno como na ensinanza ordinaria.O peso dos diversos instrumentos na avaliación será exactamente igual nos dous modos de ensinanza.

En todo o demáis o procedemento é igual que na ensinanza ordinaria

11. PROGRAMACIÓN 2º BACHARELATO : HISTORIA DA ARTE (b,d,e,f,g,m)

11.b Contribución ao desenvolvemento das competencias clave. Concreción que recolle a relación dos estándares de aprendizaxe avaliados que forman parte dos perfís de competencias.

O Decreto 86/2015 de xuño, polo que se establece o currículo de Educación Secundaria na Comunidade Autónoma de Galicia, define as competencias como as capacidades para aplicar de xeito integrado os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, co fin de lograr a realización adecuada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos e expón as seguintes competencias clave :

- 1ª) Comunicación lingüística (CCL)
- 2ª) Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)
- 3ª) Competencia dixital (CD)
- 4ª) Aprender a aprender (CAA)
- 5ª) Competencias sociais e cívicas (CSC)
- 6ª) Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)
- 7ª) Conciencia e expresións culturais (CCEC)

CONCRECIÓN DE CADA ESTÁNDAR CAS COMPETENCIA CLAVE Historia da arte, 2º de Bacharelato							
	CCL	CMCCT	CD	CSC	CAA	CSIEE	CCEC
Estándares de aprendizaxe avaliados TOTAL: 181	181	2	9	24	124	13	181
% sobre o total de estándares	100 %	1,1%	5 %	13,3 %	68,5 %	7,2%	100%

A materia de Historia da Arte é rica en achegas ao coñecemento competencial. Contribúe decisivamente ás competencias clave de concienciación e expresión cultural (CCEC) e a competencia en comunicación lingüística (CCL); de forma importante a competencia en aprender a aprender (CAA). Contribúe tamén á formación de cidadáns e cidadás responsables, conscientes dos seus dereitos e das súas obrigas, así como da herdanza recibida e do seu compromiso coas xeracións futuras (CSC) e mais moderadamente a competencia dixital (CD) e o sentido e iniciativa emprendedor (CSIEE).

Ademais, as competencias lingüística e a de concienciación social e cívica están presentes de maneira constante na súa vertente máis instrumental.

A competencia de aprender a aprender ten unha importante presenza.

A competencia dixital trátase de xeito puntual e están presentes testimonialmente nos diversos bloques.

O traballo competencial matemático e en ciencias e tecnoloxía practicamente non existe nesta materia.

A competencia de sentido de iniciativa e espírito emprendedor está presente na vertente máis actitudinal da materia.

11.d Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable.

11.d.1 Temporalización

A temporalización foi realizada tendo en conta os seguintes datos:

2º BACHARELATO	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
Hª da Arte	62	62	181

TEMPORALIZACIÓN POR BLOQUES

1ª evaluación

Bloque 1. Raíces da arte europea: o legado da arte clásica

Bloque 2. Nacemento da tradición artística occidental: a arte medieval (Inicio hasta o románico)

2ª evaluación

Bloque 2. Nacemento da tradición artística occidental: a arte medieval (desde o románico)

Bloque 3. Desenvolvemento e evolución da arte europea no mundo moderno

Bloque 4. O século XIX: a arte dun mundo en transformación

3ª evaluación

Bloque 5. A ruptura da tradición: a arte na primeira metade do século XX

Bloque 6. A universalización da arte desde a segunda metade do século XX

1, 2 y 3 eval

Bloque 7. O vocabulario artístico

TEMPORALIZACIÓN POR UNIDADES DIDÁCTICAS

UNIDADE DIDÁCTICA	TÍTULO	TRIMESTRE	Nº SESIÓN
1	ARTE CLÁSICO: GRECIA	1º	
2	ARTE CLÁSICO: ROMA	1º	
3	ARTE BIZANTINA	1º	
4	ARTE PRERROMÁNICA	1º	
5	ARTE ROMÁNICA	2º	

6	ARTE GÓTICA	2º	
7	ARTE RENACENTISTA	2º	
8	ARTE BARROCA	2º	
9	ROCOCÓ, NEOCLASICISMO E ROMANTICISMO	2º	
10	DO REALISMO Ó MODERNISMO	3º	
11	PRIMEIRAS VANGARDAS	3º	
12	SEGUNDA MITADE DO SÉCULO XX	3º	

11.d.2 Grao mínimo de consecución para superar a materia

Os criterios de avaliación son o referente específico para avaliar a aprendizaxe do alumnado. Describen aquilo que se quere valorar e que o alumnado debe lograr, tanto en coñecementos coma en competencias, e responden ao que se pretende conseguir en cada disciplina.

Criterios de avaliación
Bloque 1. Raíces da arte europea: o legado da arte clásica.
▪ B1.1. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte grega, en relación co seu contexto histórico e cultural.
▪ B1.2. Explicar a función social da arte grega, especificando o papel desempeñado polos/as clientes e artistas, e as relacións entre eles.
▪ B1.3. Clasificar, analizar e comentar obras significativas da arte grega, aplicando un método que abrangue diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).
▪ B1.4. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte romana, en relación co seu contexto histórico e cultural.
▪ B1.5. Explicar a función social da arte romana, especificando o papel desempeñado polos/as clientes e artistas, e as relacións entre eles.
▪ B1.6. Clasificar, analizar e comentar obras significativas da arte romana, aplicando un método que abrangue diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).
▪ B1.7. Realizar e expor, individualmente ou en grupo, traballos de investigación, utilizando tanto medios tradicionais como as novas tecnoloxías.
▪ B1.8. Respeitar as creacións artísticas da Antigüidade grecorromana, valorando a súa calidade en relación coa súa época e a súa importancia como patrimonio escaso e insubstituíble que cómpre conservar.
Bloque 2. Nacemento da tradición artística occidental: a arte medieval
▪ B2.1. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte paleocristiá, en relación co seu contexto histórico e cultural.
▪ B2.2. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte bizantina, en relación co seu contexto histórico e cultural.
▪ B2.3. Clasificar, analizar e comentar obras significativas da arte bizantina, aplicando un método que abrangue diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).
▪ B2.4. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte prerrománica, relacionando cada un dos seus estilos cos seus respectivos contextos históricos e culturais.
▪ B2.5. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte románica, en relación co seu contexto histórico e

Criterios de avaliación
cultural.
▪ B2.6. Explicar a función social da arte románica, especificando o papel de clientes e artistas, e as relacións entre eles.
▪ B2.7. Clasificar, analizar e comentar obras significativas da arte románica, aplicando un método que abrangue diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).
▪ B2.8. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte gótica, en relación co seu contexto histórico e cultural.
▪ B2.9. Explicar a función social da arte gótica, especificando o papel desempeñado por clientes e artistas, e as relacións entre eles.
▪ B2.10. Clasificar, analizar e comentar obras significativas da arte gótica, aplicando un método que abrangue diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).
B2.11. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte románica e gótica española e hispano- musulmá, relacionando cada un dos seus estilos cos seus respectivos contextos históricos e culturais.
▪ B2.12. Clasificar, analizar e comentar obras significativas da arte medieval española, aplicando un método que abrangue diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).
▪ B2.13. Realizar e expor, individualmente ou en grupo, traballos de investigación, utilizando tanto medios tradicionais como as novas tecnoloxías.
▪ B2.14. Respetar as creacións da arte medieval, valorando a súa calidade en relación coa súa época e a súa importancia como patrimonio que hai que conservar.
Bloque 3. Desenvolvemento e evolución da arte europea no mundo moderno
▪ B3.1. Desenvolvemento e evolución da arte europea no mundo moderno
▪ B3.2. Explicar a función social da arte especificando o papel desempeñado por patróns, academias, clientes e artistas, e as relacións entre eles.
▪ B3.3. Clasificar, analizar e comentar obras significativas da arte do Renacemento, aplicando un método que abrangue diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).
▪ B3.4. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte española do Renacemento, en relación co seu contexto histórico e cultural.
▪ B3.5. Clasificar, analizar e comentar obras significativas da arte española do Renacemento, aplicando un método que abrangue diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).
▪ B3.6. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte do Barroco, en relación co seu contexto histórico e cultural.
▪ B3.7. Explicar a función social da arte especificando o papel desempeñado por patróns, academias, clientes e artistas, e as relacións entre eles.
▪ B3.8. Clasificar, analizar e comentar obras significativas da arte do Barroco, aplicando un método que abrangue diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).
▪ B3.9. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte española do Barroco, en relación co seu contexto histórico e cultural.
▪ B3.10. Clasificar, analizar e comentar obras significativas da arte española do Barroco, aplicando un método que abrangue diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).
▪ B3.11. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte do século XVIII, relacionando cada un dos seus estilos cos seus respectivos contextos históricos e culturais.
▪ B3.12. Clasificar, analizar e comentar obras significativas da arte do século XVIII, aplicando un método que abrangue diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).
▪ B3.13. Realizar e expor, individualmente ou en grupo, traballos de investigación, utilizando tanto medios tradicionais como as novas tecnoloxías.
▪ B3.14. Respetar as creacións da arte da Idade Moderna, valorando a súa calidade en relación coa súa época e a súa importancia como patrimonio que hai que conservar.
Bloque 4. O século XIX: a arte dun mundo en transformación
▪ B4.1. Analizar a obra de Goya e identificar nela os trazos propios das correntes da súa época e os que anticipan diversas vangardas posteriores.
▪ B4.2. Clasificar, analizar e comentar obras significativas de Goya, aplicando un método que abrangue diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).
▪ B4.3. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arquitectura do século XIX, relacionando cada un dos seus estilos cos seus respectivos contextos históricos e culturais.

Criterios de avaliación
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.4. Clasificar, analizar e comentar obras significativas da arquitectura do século XIX, aplicando un método que abrangan diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.5. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da pintura do século XIX, relacionando cada un dos seus estilos cos seus respectivos contextos históricos e culturais.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.6. Explicar a evolución cara á independencia dos artistas respecto aos clientes, especificando o papel desempeñado polas academias, os salóns, as galerías privadas e os marchantes.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.7. Clasificar, analizar e comentar obras significativas da pintura do século XIX, aplicando un método que abrangan diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.8. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da escultura do século XIX, relacionando cada un dos seus estilos cos seus respectivos contextos históricos e culturais.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.9. Clasificar, analizar e comentar obras significativas da escultura do século XIX, aplicando un método que abrangan diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.10. Realizar e expor, individualmente ou en grupo, traballos de investigación, utilizando tanto medios tradicionais como as novas tecnoloxías.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.11. Respetar as creacións da arte do século XIX, valorando a súa calidade en relación coa súa época e a súa importancia como patrimonio que hai que conservar.
Bloque 5. A ruptura da tradición: a arte na primeira metade do século XX
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.1. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais das vangardas artísticas das artes plásticas na primeira metade do século XX, relacionando cada unha delas cos seus respectivos contextos históricos e culturais.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.2. Clasificar, analizar e comentar obras significativas da plástica da primeira metade do século XX, aplicando un método que abrangan diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.3. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arquitectura da primeira metade do século XX, relacionando cada unha delas cos seus respectivos contextos históricos e culturais.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.4. Clasificar, analizar e comentar obras significativas da arquitectura da primeira metade do século XX, aplicando un método que abrangan diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.5. Realizar e expor, individualmente ou en grupo, traballos de investigación, utilizando tanto medios tradicionais como as novas tecnoloxías.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.6. Respetar as manifestacións da arte da primeira metade do século XX, valorando a súa importancia como expresión da profunda renovación da linguaxe artística na que se sustenta a liberdade creativa actual.
Bloque 6. A universalización da arte desde a segunda metade do século XX
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.1. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arquitectura desde a segunda metade do século XX, enmarcándoa nas novas relacións entre clientes, artistas e público que caracterizan ao mundo actual.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.2. Clasificar, analizar e comentar obras significativas da arquitectura desde a segunda metade do século XX, aplicando un método que abrangan diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.3. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais das artes plásticas desde a segunda metade do século XX, no marco das novas relacións entre clientes, artistas e público que caracterizan o mundo actual.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.4. Clasificar, analizar e comentar obras significativas da arte desde a segunda metade do século XX, aplicando un método que abrangan diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.5. Explicar o desenvolvemento e a extensión dos novos sistemas visuais, como a fotografía, o cine, a televisión, o cartelismo ou o cómic, especificando o modo en que combinan diversas linguaxes expresivas.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.6. Describir as posibilidades que abriron as novas tecnoloxías, e explicar os seus efectos tanto para a creación artística como para a difusión da arte.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.7. Identificar a presenza da arte na vida cotiá, e distinguir os ámbitos en que se manifesta.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.8. Respetar as manifestacións da arte de todos os tempos, valorándoas como patrimonio cultural herdado que se debe conservar e transmitir ás xeracións futuras, e explicar que é o Patrimonio Mundial da UNESCO, así como a súa orixe e a súa finalidade.
Bloque 7. O vocabulario artístico
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B7.1. Utilizar a terminoloxía específica da arte nas exposicións orais e escritas, denominando con precisión os elementos e as técnicas principais.

Os estándares de aprendizaxe avaliábeis son as especificacións dos criterios de avaliación que permiten definir os resultados de aprendizaxe e que concretan o que o alumnado debe saber, comprender e saber facer en cada disciplina.

Os estándares de aprendizaxe básicos desta área sinalados no cadro seguinte se corresponden co grao mínimo de consecución para superar a materia. Debe ser entendido como unha situación de aprendizaxe precisa e explícita o que o alumnado debe saber e saber-facer e que será considerada a como unha aprendizaxe imprescindible neste curso de fin de estudos de Bacharelato.

Os estándares do cadro seguinte son considerados **estándares de aprendizaxe básicos polo que o grao de consecución é do 100% para superar a materia.**

O criterio adoptado polo Departamento para fixar este valor, xunto cos de 50 e 25 %, cos que se determinan tódolos estándares expostos nas táboas de cada curso establecidas ó final desta Programación, responden ás seguintes consideracións :

100 %	Estándares obrigatoriamente contemplados nos Procedementos e Instrumentos de Avaliación. Avaliación, cualificación positiva segundo os Criterios desta Programación trae consigo a superación dos estándares avaliados.
50%	Estándares complementarios contemplados nos Procedementos e Instrumentos de Avaliación. Non serán decisivos para acadar unha cualificación positiva.
25%	Estándares con tratamento optativo, traballados según evolución e dinámica de cada curso/grupo. Seguimento e valoración a través do apartado "traballo do alumno" establecido nos Criterios de Avaliación desta Programación.

Estándares de aprendizaxe	%
Bloque 1. Raíces da arte europea: o legado da arte clásica	
▪ HAB1.1.1. Explica as características esenciais da arte grega e a súa evolución no tempo a partir de fontes históricas ou historiográficas.	100
▪ HAB1.1.2. Define o concepto de orde arquitectónica e compara as tres ordes da arquitectura grega.	100
▪ HAB1.1.3. Describe os tipos de templo grego, con referencia ás características arquitectónicas e a decoración escultórica.	100
▪ HAB1.1.4. Describe as características do teatro grego e a función das súas partes.	100
▪ HAB1.1.5. Explica a evolución da figura humana masculina na escultura grega a partir do "Kouros" de Anavysos, o "Doríforo" (Policleto) e o "Apoxiomenos" (Lisipo).	100
▪ HAB1.2.1. Especifica quen eran os/as principais clientes da arte grega, e a consideración social da arte e dos/das artistas.	75
▪ HAB1.3.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras arquitectónicas gregas: Partenón, Tribuna das Cariátides do Erecteion, templo de Atenea Niké e teatro de Epidauro.	100
▪ HAB1.3.2. Identifica, analiza e comenta as seguintes esculturas gregas: Kouros de Anavysos, Auriga de Delfos, Discóbolo (Mirón), Doríforo (Policleto), unha metopa do Partenón (Fidias), Hermes con Dioniso neno (Praxíteles), Apoxiomenos (Lisipo), Vitoria de Samotracia, Venus de Milo e friso do altar de Zeus en Pérgamo (detalle de Atenea e Gea).	100
▪ HAB1.4.1. Explica as características esenciais da arte romana e a súa evolución no tempo a partir de fontes históricas ou historiográficas.	75
▪ HAB1.4.2. Especifica as achegas da arquitectura romana en relación coa grega.	100
▪ HAB1.4.3. Describe as características e funcións dos principais tipos de edificio romanos.	100
▪ HAB1.4.4. Compara o templo e o teatro romanos cos respectivos gregos.	100
▪ HAB1.4.5. Explica os trazos principais da cidade romana a partir de fontes históricas ou historiográficas.	75
▪ HAB1.4.6. Especifica as innovacións da escultura romana en relación coa grega.	100

▪ HAB1.4.7. Describe as características xerais dos mosaicos e a pintura en Roma a partir dunha fonte histórica ou historiográfica.	75
▪ HAB1.5.1. Especifica quen eran os/as principais clientes da arte romana, e a consideración social da arte e dos/das artistas.	75
▪ HAB1.6.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras arquitectónicas romanas: Maison Carrée de Nimes, Panteón de Roma, teatro de Mérida, Coliseo de Roma, basílica de Maxencio e Constantino en Roma, ponte de Alcántara, acueduto de Segovia, arco de Tito en Roma e columna de Traxano en Roma.	100
▪ HAB1.6.2. Identifica, analiza e comenta as seguintes esculturas romanas: Augusto de Prima Porta, estatua ecuestre de Marco Aurelio, relevo do Arco de Tito (detalle dos soldados co candelabro e outros obxectos do Templo de Xerusalén) e relevo da columna de Traxano.	100
▪ HAB1.7.1. Realiza un traballo de investigación sobre Fidias.	10
▪ HAB1.7.2. Realiza un traballo de investigación sobre o debate acerca da autoría grega ou romana do grupo escultórico de "Laocoonte e os seus fillos".	5
▪ HAB1.8.1. Confecciona un catálogo, con breves comentarios, das obras máis salientables da arte antiga que se conservan en Galicia.	10
Bloque 2. Nacemento da tradición artística occidental: a arte medieval	
▪ HAB2.1.1. Explica as características esenciais da arte paleocristiá e a súa evolución no tempo a partir de fontes históricas ou historiográficas.	75
▪ HAB2.1.2. Describe a orixe, a características e a función da basílica paleocristiá.	100
▪ HAB2.1.3. Describe as características e función dos baptisterios, mausoleos e "martirios" paleocristiáns, e as súas partes.	100
▪ HAB2.1.4. Explica a evolución da pintura e o mosaico na arte paleocristiá, con especial referencia á iconografía.	75
▪ HAB2.2.1. Explica as características esenciais da arte bizantina a partir de fontes históricas ou historiográficas.	50
▪ HAB2.2.2. Explica a arquitectura bizantina a través da igrexa de Santa Sofía de Constantinopla.	100
▪ HAB2.2.3. Describe as características do mosaico bizantino e dos temas iconográficos do Pantocrátor e a Virxe e a Déesis, así como a súa influencia na arte occidental.	100
▪ HAB2.3.1. Identifica, analiza e comenta o mosaico do Cortexo da emperatriz Teodora en San Vital de Rávena.	100
▪ HAB2.4.1. Define o concepto de arte prerrománica e especifica as súas manifestacións en España e en Galicia.	100
▪ HAB2.4.2. Identifica e clasifica razoadamente no seu estilo as seguintes obras: San Pedro da Nave (Zamora), Santa María do Naranco (Oviedo), San Miguel da Escalada (León), Santa Comba de Bande e San Miguel de Celanova (Ourense).	100
▪ HAB2.5.1. Describe as características xerais da arte románica a partir de fontes históricas ou historiográficas.	75
▪ HAB2.5.2. Describe as características e as función das igrexas e dos mosteiros na arte románica.	100
▪ HAB2.5.3. Explica as características da escultura e a pintura románicas, con especial referencia á iconografía.	100
▪ HAB2.6.1. Especifica as relacións entre artistas e clientes da arte románica.	100
▪ HAB2.7.1. Identifica, analiza e comenta as esculturas románicas do Xuízo Final no tímpano de Santa Fe de Conques (Francia).	100
▪ HAB2.8.1. Describe as características xerais da arte gótica a partir de fontes históricas ou historiográficas.	50
▪ HAB2.8.2. Describe as características e a evolución da arquitectura gótica e especifica os cambios introducidos respecto á románica.	100
▪ HAB2.8.3. Describe as características e a evolución da escultura gótica, e especifica as súas diferenzas tipolóxicas, formais e iconográficas respecto á escultura románica.	100
▪ HAB2.8.4. Recoñece e explica as innovacións da pintura de Giotto e do Trecento italiano respecto á pintura románica e bizantina.	100
▪ HAB2.8.5. Explica as innovacións da pintura flamenga do século XV e cita algunhas obras dos seus principais representantes.	100
▪ HAB2.9.1. Especifica as relacións entre artistas e clientes da arte gótica, e a súa variación respecto ao románico.	100
▪ HAB2.10.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras arquitectónicas góticas: fachada occidental da catedral de Reims, interior da planta superior da Sainte Chapelle de París.	100
▪ HAB2.10.2. Identifica, analiza e comenta o grupo da Anunciación e a Visitación da catedral de Reims.	100
▪ HAB2.10.3. Identifica, analiza e comenta as seguintes pinturas góticas: escena de "A fuxida a Exipto", de Giotto, na	100

Capela Scrovegni de Padua, "Matrimonio Arnolfini", de Jan Van Eyck, "O descendemento da cruz", de Roger van der Weyden, e o "Xardín das Delicias, de Hieronymus Bosch.	
▪ HAB2.11.1. Explica as características e evolución da arte románica e gótica en España.	100
▪ HAB2.11.2. Explica as características xerais da arte islámica a partir de fontes históricas ou historiográficas.	100
▪ HAB2.11.3. Describe os trazos esenciais da mesquita e o pazo islámico.	100
▪ HAB2.11.4. Explica a evolución da arte hispanomusulmá.	100
▪ HAB2.11.5. Explica as características da arte mudéjar e específica, con exemplos de obras concretas, as diferenzas entre o mudéjar popular e o cortesán.	100
▪ HAB2.12.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras arquitectónicas románicas: San Vicente de Cardona (Barcelona), San Martín de Frómista e a catedral de Santiago de Compostela.	100
▪ HAB2.12.2. Identifica, analiza e comenta as seguintes esculturas románicas: "A dúbida de San Tomé", no ángulo do claustro de San Domingos de Silos (Burgos), "Última cea" do capitel historiado do claustro de San Xoán da Peña (Huesca) e fachada de Praterías e Pórtico da Gloria da catedral de Santiago.	100
▪ HAB2.12.3. Identifica, analiza e comenta as seguintes pinturas murais románicas: bóveda da Anunciación aos pastores no Panteón Real de San Isidoro de León, e ábsida de San Clemente de Tahull (Lleida).	100
▪ HAB2.12.4. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras arquitectónicas góticas: fachada occidental e interior da catedral de León, interior da catedral de Barcelona, e interior da igrexa de San Xoán dos Reis, de Toledo.	100
▪ HAB2.12.5. Identifica, analiza e comenta as seguintes esculturas góticas: tímpano da Portada do Sarmental da catedral de Burgos, e retablo de Gil de Siloé, na Cartuxa de Miraflores (Burgos).	100
▪ HAB2.12.6. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras hispanomusulmá: Mesquita de Córdoba, Aljafería de Zaragoza, Giralda de Sevilla e Alhambra de Granada.	100
▪ HAB2.13.1. Realiza un traballo de investigación sobre o tratamento iconográfico e o significado da visión apocalíptica de Cristo e o Xuízo Final na arte medieval.	10
▪ HAB2.14.1. Explica a importancia da arte románica no Camiño de Santiago.	100
▪ HAB2.14.2. Confecciona un catálogo, con breves comentarios, das obras máis salientables de arte medieval que se conservan en Galicia.	10
Bloque 3. Desenvolvemento e evolución da arte europea no mundo moderno	
▪ HAB3.1.1. Explica as características esenciais do Renacemento italiano e a súa periodización a partir de fontes históricas ou historiográficas.	100
▪ HAB3.1.2. Especifica as características da arquitectura renacentista italiana e explica a súa evolución, desde o Quattrocento ao manierismo.	100
▪ HAB3.1.3. Especifica as características da escultura renacentista italiana e explica a súa evolución, desde o Quattrocento ao manierismo.	100
▪ HAB3.1.4. Especifica as características da pintura renacentista italiana e explica a súa evolución, desde o Quattrocento ao manierismo.	100
▪ HAB3.1.5. Compara a pintura italiana do Quattrocento coa dos pintores góticos flamengos contemporáneos.	100
▪ HAB3.1.6. Explica a peculiaridade da pintura veneciana do Cinquecento e cita os artistas máis representativos.	100
▪ HAB3.2.1. Describe a práctica do patrocinio no Renacemento italiano e as novas reivindicacións dos artistas en relación co seu recoñecemento social e a natureza do seu labor.	100
▪ HAB3.3.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras arquitectónicas do Renacemento italiano: cúpula de Santa María das Flores e interior da igrexa de San Lorenzo, ambas en Florencia e de Brunelleschi; pazo Médici-Riccardi en Florencia, de Michelozzo; fachada de Santa María Novella e do pazo Rucellai, ambos en Florencia e de Alberti; templo de San Pietro in Montorio en Roma, de Bramante; cúpula e proxecto de planta de San Pedro do Vaticano, de Michelangelo; Il Gesù en Roma, de Giacomo della Porta e Vignola; Villa Capra (Villa Rotonda) en Vicenza, de Palladio.	100
▪ HAB3.3.2. Identifica, analiza e comenta as seguintes esculturas do Renacemento italiano: primeiro panel da "Porta do Paraíso" (da creación do mundo á expulsión do Paraíso), de Ghiberti; "Gattamelata", de Donatello; "Piedade" do Vaticano, "David", "Moisés" e as tumbas mediceas, de Michelangelo; "O rapto das sabinas", de Giambologna.	100
▪ HAB3.3.3. Identifica, analiza e comenta as seguintes pinturas do Renacemento italiano: "O tributo da moeda" e A "Trindade", de Masaccio; "Anunciación" do Convento de San Marcos en Florencia, de Fra Angelico; "Madonna do Duque de Urbino", de Piero della Francesca; "A Virxe das rochas", "A última cea" e "A Gioconda", de Leonardo da Vinci; "A Escola de Atenas" de Rafael; a bóveda e o "Xuízo Final" da Capela Sixtina, de Michelangelo; "A tempestade", de Giorgione; "Venus de Urbino" e "Carlos V en Mühlberg", de Tiziano; "O lavatorio", de Tintoretto; "As vodas de Caná", de	100

Veronés.	
▪ HAB3.4.1. Especifica as características peculiares do Renacemento español en comparación co italiano.	100
▪ HAB3.4.2. Describe a evolución da arquitectura renacentista española.	100
▪ HAB3.4.3. Explica a peculiaridade da escultura renacentista española.	100
▪ HAB3.4.4. Explica as características da pintura de El Greco a través dalgunhas das súas obras máis representativas.	100
▪ HAB3.5.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras arquitectónicas do Renacemento español: fachada da Universidade de Salamanca; pazo de Carlos V na Alhambra de Granada, de Pedro Machuca; mosteiro de San Lorenzo de El Escorial, de Juan de Herrera.	100
▪ HAB3.5.2. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras escultóricas do Renacemento español: "Sacrificio de Isaac" do retablo de San Bieito de Valladolid, de Alonso Berruguete; "Santo enteiro", de Juan de Juni.	100
▪ HAB3.5.3. Identifica, analiza e comenta as seguintes pinturas de El Greco: "O expolio", "A Santa Liga" ou "Adoración do nome de Xesús", "O martirio de San Mauricio", "O enteiro do Señor de Orgaz", "A adoración dos pastores", "O cabaleiro da man no peito".	100
▪ HAB3.6.1. Explica as características esenciais do Barroco.	100
▪ HAB3.6.2. Especifica as diferenzas entre a concepción barroca da arte e a renacentista.	100
▪ HAB3.6.3. Compara a arquitectura barroca coa renacentista.	100
▪ HAB3.6.4. Explica as características xerais do urbanismo barroco.	100
▪ HAB3.6.5. Compara a escultura barroca coa renacentista a través da representación de "David" por Michelangelo e por Bernini.	100
▪ HAB3.6.6. Describe as características xerais da pintura barroca e especifica as diferenzas entre a Europa católica e a protestante.	100
▪ HAB3.6.7. Distingue e caracteriza as grandes tendencias da pintura barroca en Italia e os seus principais representantes.	100
▪ HAB3.6.8. Especifica as peculiaridades da pintura barroca flamenga e holandesa.	100
▪ HAB3.7.1. Describe o papel desempeñado no século XVIII polas academias en toda Europa e, en particular, polo Salón de París.	75
▪ HAB3.8.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras arquitectónicas do Barroco europeo do século XVII: fachada de San Pedro do Vaticano, de Carlo Maderno; columnata da praza de San Pedro do Vaticano, de Bernini; San Carlos das Catro Fontes en Roma, de Borromini; Pazo de Versalles, de Le Vau, J.H. Mansart e Le Nôtre.	100
▪ HAB3.8.2. Identifica, analiza e comenta as seguintes esculturas de Bernini: "David", "Apolo" e "Dafne", "A éxtase de Santa Teresa", "Cátedra de San Pedro".	100
▪ HAB3.8.3. Identifica, analiza e comenta as seguintes pinturas do Barroco europeo do século XVII: "Vocación de San Mateo" e "Morte da Virxe", de Caravaggio; "Triunfo de Baco e Ariadna", na bóveda do pazo Farnese de Roma, de Annibale Carracci; "Adoración do nome de Xesús", bóveda de Il Gesù en Roma, de Gaulli (Il Baciccia); "Adoración dos Magos", "As tres Grazas" e "O xardín do Amor", de Rubens; "A lección de anatomía do doutor Tulpy", "A rolda nocturna", de Rembrandt.	100
▪ HAB3.9.1. Explica as características do urbanismo barroco en España e a evolución da arquitectura española durante o século XVII.	75
▪ HAB3.9.2. Explica as características da imaxinaría barroca española do século XVII e compara a escola castelá coa andaluza.	75
▪ HAB3.9.3. Explica as características xerais da pintura española do século XVII.	75
▪ HAB3.9.4. Describe as características e evolución da pintura de Velázquez a través dalgunhas das súas obras máis significativas.	100
▪ HAB3.10.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras arquitectónicas do Barroco español do século XVII: Praza Maior de Madrid, de Xoán Gómez de Mora; Retablo de Santo Estevo de Salamanca, de Churriguera.	100
▪ HAB3.10.2. Identifica, analiza e comenta as seguintes esculturas do Barroco español do século XVII: "Piedad", de Gregorio Fernández; "Inmaculada do facistol", de Alonso Cano; "Magdalena penitente", de Pedro de Mena.	100
▪ HAB3.10.3. Identifica, analiza e comenta as seguintes pinturas españolas do Barroco español do século XVII: "Martirio de San Filipe", "O soño de Xacob" e "O zambro", de Ribera; "Bodegón" do Museo do Prado, de Zurbarán; "O augador de Sevilla", "Os borrachos", "A fragua de Vulcano", "A rendición de Breda", "O Príncipe Baltasar Carlos a cabalo", "A Venus do espello", "As meninas" e "As fiandeiras", de Velázquez; "A Sagrada Familia do paxariño", "A Inmaculada de El Escorial", "Os nenos da concha" e "Nenos xogando aos dados", de Murillo.	100

▪ HAB3.11.1. Explica o século XVIII como época de coexistencia de vellos e novos estilos artísticos nun contexto histórico de cambios profundos.	75
▪ HAB3.11.2. Compara o Barroco tardío e o Rococó, e especifica a diferente concepción da vida e a arte que encerran.	75
▪ HAB3.11.3. Explica as razóns do xurdimento do Neoclasicismo e as súas características xerais en arquitectura, escultura e pintura.	75
▪ HAB3.11.4. Comenta a escultura neoclásica a través da obra de Canova.	100
▪ HAB3.11.5. Especifica as posibles coincidencias entre o Neoclasicismo e o Romanticismo na pintura de David.	100
▪ HAB3.11.6. Distingue entre a corrente tradicional e a clasicista da arquitectura barroca española do século XVIII.	75
▪ HAB3.11.7. Explica a figura de Salzillo como derradeiro representante da imaxinaría relixiosa española en madeira policromada.	75
▪ HAB3.12.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras arquitectónicas do século XVIII: fachada do Hospicio de San Fernando de Madrid, de Pedro de Ribera; fachada do Obradoiro da catedral de Santiago de Compostela, de Casas e Novoa; Pazo Real de Madrid, de Juvara e Sacchetti; Panteón de París, de Soufflot; Museo do Prado en Madrid, de Juan de Villanueva.	100
▪ HAB3.12.2. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras escultóricas do século XVIII: "A oración no horto", de Salzillo; "Eros e Psique" e "Paulina Bonaparte", de Canova.	100
▪ HAB3.12.3. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras de David: "O xuramento dos Horacios" e "A morte de Marat".	100
▪ HAB3.13.1. Realiza un traballo de investigación sobre o proceso de construción da nova basílica de San Pedro do Vaticano ao longo dos séculos XVI e XVII.	10
▪ HAB3.14.1. Confecciona un catálogo, con breves comentarios, das obras máis salientables da arte dos séculos XVI ao XVIII que se conservan en Galicia.	10
Bloque 4. O século XIX: a arte dun mundo en transformación	
▪ HAB4.1.1. Analiza a evolución da obra de Goya como pintor e gravador, desde a súa chegada á Corte ata o seu exilio final en Bordeos.	100
▪ HAB4.1.2. Compara a visión de Goya nas series de gravados "Os caprichos" e "Os disparates ou proverbios".	100
▪ HAB4.2.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras de Goya: "O parasol", "A familia de Carlos IV", "O 2 de maio de 1808 en Madrid" ("A loita cos mamelucos"), "Os fusilamentos do 3 de maio de 1808"; desastre nº 15 ("E non hai remedio") da serie "Os desastres da guerra"; "Saturno devorando un fillo" e "A leiteira de Bordeos".	100
▪ HAB4.3.1. Describe as características e a evolución da arquitectura do ferro no século XIX, en relación cos avances e as necesidades da revolución industrial.	100
▪ HAB4.3.2. Explica as diferenzas entre enxeñeiros e arquitectos na primeira metade do século XIX.	100
▪ HAB4.3.3. Explica as características do neoclasicismo arquitectónico durante o Imperio de Napoleón.	100
▪ HAB4.3.4. Explica as características do historicismo en arquitectura e a súa evolución cara ao eclecticismo.	75
▪ HAB4.3.5. Explica as características e principais tendencias da arquitectura modernista.	100
▪ HAB4.3.6. Especifica as achegas da Escola de Chicago á arquitectura.	100
▪ HAB4.3.7. Describe as características e os obxectivos das remodelacións urbanas de París, Barcelona e Madrid na segunda metade do século XIX.	75
▪ HAB4.4.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras arquitectónicas: templo da Madalena en París, de Vignon; Parlamento de Londres, de Barry e Pugin; Auditorio de Chicago, de Sullivan e Adler; torre Eiffel de París; templo da Sagrada Familia en Barcelona, de Gaudí.	100
▪ HAB4.5.1. Describe as características do Romanticismo na pintura e distingue entre o romanticismo da liña de Ingres e o romanticismo da cor de Gericault e Delacroix.	100
▪ HAB4.5.2. Compara as visións románticas da paisaxe en Constable e Turner.	50
▪ HAB4.5.3. Explica o Realismo e a súa aparición no contexto dos cambios sociais e culturais de mediados do século XIX.	50
▪ HAB4.5.4. Compara o Realismo co Romanticismo.	75
▪ HAB4.5.5. Describe as características xerais do Impresionismo e o Neoimpresionismo.	100
▪ HAB4.5.6. Define o concepto de postimpresionismo e especifica as achegas de Cézanne e Van Gogh como precursores	100

das grandes correntes artísticas do século XX.	
▪ HAB4.5.7. Explica o Simbolismo de finais do século XIX como reacción fronte ao Realismo e ao Impresionismo.	100
▪ HAB4.6.1. Explica os cambios que se producen no século XIX nas relacións entre artistas e clientes, referidos á pintura.	100
▪ HAB4.7.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes pinturas do século XIX: "O baño turco", de Ingres; "A balsa da Medusa", de Gericault; "A liberdade guiando o pobo", de Delacroix; "O carro de feo", de Constable; "Chuvia, vapor e velocidade", de Turner; "O enterro de Ornans", de Courbet; "O ánxelus", de Millet; "Almorzo sobre a herba", de Manet; "Impresión, sol nacente" e a serie sobre a Catedral de Ruán, de Monet; "Le Moulin de la Galette", de Renoir; "Unha tarde de domingo na Grande Jatte", de Seurat; "Xogadores de cartas" e "Mazás e laranxas", de Cézanne; "A noite estrelada" e "O segador", de Van Gogh; "Visión despois do sermón" e "O mercado" ("Ta matete"), de Gauguin.	100
▪ HAB4.8.1. Relaciona a produción e o academicismo dominante na escultura do século XIX coas transformacións levadas a cabo nas cidades (monumentos conmemorativos en prazas, parques e avenidas, e esculturas funerarias nos novos cemiterios).	75
▪ HAB4.8.2. Explica as características da renovación escultórica emprendida por Rodin.	100
▪ HAB4.9.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras de Rodin: "O pensador" e "Os burgueses de Calais".	100
▪ HAB4.10.1. Realiza un traballo de investigación sobre as exposicións universais do século XIX e a súa importancia desde o punto de vista arquitectónico.	10
▪ HAB4.10.2. Realiza un traballo de investigación sobre a influencia da fotografía e o gravado xaponés no desenvolvemento do Impresionismo, con referencias a obras concretas.	10
▪ HAB4.11.1. Confecciona un catálogo, con breves comentarios, das obras máis salientables da arte do século XIX que se conservan en Galicia.	50
Bloque 5. A ruptura da tradición: a arte na primeira metade do século XX	
▪ HAB5.1.1. Define o concepto de vangarda artística en relación co acelerado ritmo de cambios na sociedade da época e a liberdade creativa dos/das artistas iniciada na centuria anterior.	100
▪ HAB5.1.2. Describe a orixe e as características do Fauvismo.	100
▪ HAB5.1.3. Describe o proceso de xestación e as características do Cubismo, distinguindo entre o Cubismo analítico e o sintético.	100
▪ HAB5.1.4. Describe o ideario e os principios do futurismo.	100
▪ HAB5.1.5. Identifica os antecedentes do expresionismo no século XIX, explica as súas características xerais e especifica as diferenzas entre os grupos alemáns "A ponte" e "O xinete azul".	75
▪ HAB5.1.6. Describe o proceso de xestación e as características da pintura abstracta, distingue a vertente cromática e a xeométrica, e especifica algunhas das súas correntes máis significativas, como o Suprematismo ruso ou o Neoplasticismo.	75
▪ HAB5.1.7. Describe as características do Dadaísmo como actitude provocadora nun contexto de crise.	100
▪ HAB5.1.8. Explica a orixe, as características e os obxectivos do Surrealismo.	100
▪ HAB5.1.9. Explica a importancia dos pintores españois Picasso, Miró e Dalí no desenvolvemento das vangardas artísticas.	100
▪ HAB5.1.10. Explica a renovación temática, técnica e formal da escultura na primeira metade do século XX, distinguindo as obras relacionadas coas vangardas pictóricas e as que utilizan recursos ou linguaxes independentes.	75
▪ HAB5.2.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras: "A alegría de vivir", de Matisse; "As señoritas de Aviñón", "Retrato de Ambroise Vollard", "Natureza morta con cadeira de reixa de cana" e "Guernica", de Picasso; "A cidade que emerge", de Boccioni; "O berro", de Munch; "A rúa", de Kirchner; "Lírica" e "Sobre branco II", de Kandinsky; "Cadrado negro", de Malevich; "Composición II", de Mondrian; "L.H.O.O.Q.", de Duchamp; "O elefante das Celebes", de Ernst; "A chave dos campos", de Magritte; "O entroido de Arlequín" e "Mulleres e paxaros á luz da lúa", de Miró; "O xogo lúgubre" e "A persistencia da memoria", de Dalí.	100
▪ HAB5.2.2. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras escultóricas: "O profeta", de Gargallo; "Formas únicas de continuidade no espazo", de Boccioni; "Fonte", de Duchamp; "Muller peiteándose ante un espello", de Xulio González; "Mademoiselle Pogany I", de Brancusi; "Lagosta, nasa e cola de peixe", de Calder; "Figura reclinada", de Henry Moore.	100
▪ HAB5.3.1. Explica o proceso de configuración e os trazos esenciais do Movemento Moderno en arquitectura.	100
▪ HAB5.3.2. Especifica as achegas da arquitectura orgánica ao Movemento Moderno.	100
▪ HAB5.4.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras arquitectónicas: edificio da Bauhaus en Dessau (Alemaña), de Gropius; pavillón de Alemaña en Barcelona, de Mies van der Rohe; Vila Savoia en Poissy (Francia), de Le Corbusier; casa	100

Kaufman (Casa da Cascada), de Frank Lloyd Wright.	
▪ HAB5.5.1. Realiza un traballo de investigación sobre o Grupo de Artistas e Técnicos Españóis Para o Progreso da Arquitectura Contemporánea (GATEPAC).	50
▪ HAB5.6.1. Selecciona unha obra arquitectónica, unha escultura ou unha pintura da primeira metade do século XX, das existentes en Galicia, e xustifica a súa elección.	50
Bloque 6. A universalización da arte desde a segunda metade do século XX	
▪ HAB6.1.1. Explica o papel desempeñado no proceso de universalización da arte polos medios de comunicación de masas e as exposicións e feiras internacionais de arte.	100
▪ HAB6.1.2. Explica as razóns do mantemento e a difusión internacional do Movemento Moderno en arquitectura.	100
▪ HAB6.1.3. Distingue e describe as características doutras tendencias arquitectónicas á marxe do Movemento Moderno ou Estilo Internacional, en particular a High Tech, a posmoderna e a deconstrución.	75
▪ HAB6.2.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras: "Unité d'habitation" en Marsella, de Le Corbusier; edificio Seagram en Nova York, de M. van der Rohe e Philip Johnson; o museo Guggenheim de Nova York, de F. Lloyd Wright; a Casa da Ópera de Sydney, de J. Utzon; o centro Pompidou de París, de R. Piano e R. Rogers; o AT & T Building de Nova York, de Philip Johnson; o museo Guggenheim de Bilbao, de F. O. Gehry.	100
▪ HAB6.3.1. Explica e compara o Informalismo europeo e o Expresionismo abstracto norteamericano.	100
▪ HAB6.3.2. Explica a abstracción postpictórica.	100
▪ HAB6.3.3. Explica o Minimalismo.	100
▪ HAB6.3.4. Explica a arte cinética e a Op-Art.	100
▪ HAB6.3.5. Explica a arte conceptual.	100
▪ HAB6.3.6. Explica a Arte Povera.	100
▪ HAB6.3.7. Distingue e explica algunhas das principais correntes figurativas: Pop-Art, Nova Figuración, Hiperrealismo.	100
▪ HAB6.3.8. Explica en que consisten as seguintes manifestacións de arte non duradeira: Happening, Body Art e Land Art.	100
▪ HAB6.3.9. Describe os formulacións xerais da posmodernidade, referida ás artes plásticas.	75
▪ HAB6.4.1. Identifica o autor e a corrente artística (non necesariamente o título), e analiza e comenta as seguintes obras: "Pintura" (Museo Nacional Centro de Arte Reina Sofía de Madrid), de Tapies; "Grito nº 7", de Antonio Saura; "One: number 31, 1950", de J. Pollock; "Ctesiphon III", de F. Stella; "Equivalente VIII", de Carl André; "Vega 200", de Vasarely; "Unha e tres cadeiras", de J. Kosuth; "Iglú con árbore", de Mario Merz; "Marilyn Monroe" (serigrafía de 1967), de A. Warhol; "O Papa que berra" (estudo a partir do retrato do Papa Inocencio X), de Francis Bacon; "A Gran Vía madrileña en 1974", de Antonio López.	100
▪ HAB6.5.1. Explica brevemente o desenvolvemento dos novos sistemas visuais e as características da súa linguaxe expresiva: fotografía, cartel, cine, cómic, producións televisivas, videoarte e arte por computador.	75
▪ HAB6.6.1. Especifica as posibilidades que ofrecen as novas tecnoloxías para a creación artística e para a difusión da arte.	75
▪ HAB6.7.1. Define o concepto de cultura visual de masas, e describe os seus trazos esenciais.	75
▪ HAB6.7.2. Identifica a arte nos diferentes ámbitos da vida cotiá.	75
▪ HAB6.8.1. Explica a orixe do Patrimonio Mundial da UNESCO e os seus obxectivos.	10
▪ HAB6.8.2. Realiza un traballo de investigación relacionado cos bens artísticos de España e de Galicia inscritos no catálogo do Patrimonio Mundial da UNESCO.	10
Bloque 7. O vocabulario artístico	
HAB7.1.1. Utiliza con corrección a terminoloxía específica das artes en exposicións orais e escritas.	100
Estándares de aprendizaxe avaliáveis TOTAL:	

11.d.3 Procedementos e instrumentos de avaliación.

Para a avaliación dos estándares de aprendizaxe compre a utilización de procedementos e instrumentos de avaliación diversos . Nos *procedementos de avaliación* recollemos os métodos que fan posible contrastar o grao de aprendizaxe da materia tendo en conta os diferentes elementos que constitúen o currículo. Os *instrumentos de avaliación* constitúen o soporte físico que se emprega para recoller a información sobre as aprendizaxes. No curso 2º de Bacharelato, en historia da arte utilizaráanse os seguintes dependendo do estándar que se queira avaliar:

Procedementos	Instrumentos
Observación OB	Caderno do profesor.
Análise de producións dos alumnos PA	Caderno de clase
	Resolución de exercicios e prácticas realizadas na clase
	Realización de traballos individuais ou en grupo.
Expresións orais EO	Caderno do profesor
Probas específicas PE	Probas escritas de diferentes tipos
	Probas orais

PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

- OB Observación sistemática do alumno: traballo e participación do alumno nas tarefas de clase.
- PA Análise da produción dos alumnos : Expresión nun caderno de clase das actividades realizadas e correxidas polo alumno. Intervencións orais na clase, especialmente aquelas que requiran unha preparación previa . Elaboración de resumos, monografías, informes...
- EO Expresións orais: valoración da súa creatividade e investigación persoal. Valoración do seu grado de interese pola materia, da súa participación positiva nas postas en común.
- PE Probas específicas, orais ou escritas. Controis escritos que abarcarán unha parte limitada da materia e exames que abarcarán unha ou varias unidades didácticas.

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

- Avaliación inicial dos coñecementos previos que servirá de referencia para ver a evolución e progreso dos alumnos/as.
- Caderno do profesor no que se rexistrarán o traballo do alumnado na clase e a súa participación nas actividades orais e escritas.
- Caderno do alumno/a que amosa o seu método de traballo, a orde e presentación correcta, a realización e corrección dos exercicios e as técnicas de traballo desenvolvidas
- Traballos feitos individualmente ou en grupo.
- Lecturas relacionada coa materia.
- Realización de probas escritas dos diferentes tipos de contidos traballados previamente na aula, podendo ser este de preguntas curtas, de respostas directas, de tipo test, de preguntas teóricas a desenrolar, etc... que serán fixados dependendo do desenvolvemento da materia.
- Probas orais
- Probas prácticas de Historia da Arte, tentando lograr un correcto coñecemento dos procedementos de clasificación, análise e comentario propios da materia, por parte do alumnado.

O alumnado será informado dos criterios empregados na cualificación dos instrumentos de avaliación.

11.e Concrecións metodolóxicas que require a materia

Pártese do nivel de desenvolvemento do alumno, nos seus distintos aspectos, para construír, a partir de aí, outras aprendizaxes que favorezan e melloren este nivel de desenvolvemento. Sulíñase a necesidade de estimular o desenvolvemento de capacidades xerais e de competencias básicas e específicas por medio do traballo das materias.

Dáselle prioridade á comprensión dos contidos que se traballan fronte á súa aprendizaxe mecánica. Propíciense oportunidades para poñer en práctica os novos coñecementos, de modo que o alumno poida comprobar o interese e a utilidade do aprendido.

Foméntase a reflexión persoal sobre o realizado e a elaboración de conclusións con respecto ao que se aprendeu, de modo que o alumno poida analizar o seu progreso respecto aos seus coñecementos. Todos estes principios teñen como finalidade que os alumnos sexan, gradualmente, capaces de aprender de forma autónoma.

Hai que ter en conta que as materias de 2º de Bacharelato atópanse coa problemática duns contidos moi amplos, o que coincide cunha importante redución do número de xornadas lectivas como consecuencia da necesidade de rematar as clases no mes de maio por mor das probas de selectividade programadas pola CIUG. Por estas razóns os docentes deberán intervir máis asiduamente na tarefa de dirixir e reconducir as actividades do alumnado. Isto non nos debe facer esquecer o obxectivo prioritario de conseguir unha clase activa e participativa .

O noso obxectivo fundamental é desenvolver una didáctica activa e participativa, de xeito que sexa o alumno o que atope as claves para atopar e aplicar os coñecementos. O método consistirá en deseñar unha serie de actividades que lle permitan enlazar os coñecementos previos co tema de estudio co fin de axudar o alumnado a utilizar ferramentas que lle posibiliten comprender a evolución dos estilos artísticos, analizando non só os cambios e as pervivencias da estética e dos valores, se non tamén as semellanzas e diferenzas nos distintos países.

Na materia de Historia da Arte prima sobre o demais o visual, polo que a proxección continua de obras de arte nos diferentes soportes é a principal protagonista.

Combinaremos a estratexias expositivas, sempre con soporte visual, cas basadas na análise e comentario de obras de arte.

Así mesmo combinaremos o traballo individual dos alumnos co traballo en grupo.

As clases desenvolveranse axustándose ao máximo á programación.

11.f Materiais e recursos didácticos.

Empregaránse como material básico o libro de texto recomendado e os apuntes que o profesor coloca na aula virtual. Nestes apuntes faise un comentario completo de moitas obra artísticas partindo previamente das características xerais de cada movemento artístico. Deste xeito os alumnos poden seguir detidamente as explicacións do profesor, e aclarar todas as dúbidas que se lle presenten.

Material fundamental para a clase son o ordenador, o cañón e a pizarra dixital, xa que a clase se desenvolvera sobre presentacións preparadas polo profesor. Tamén servirán estes instrumentos para dar soporte as exposicións dos traballos do alumnado, tanto individuais coma en grupo.

Potenciarase o traballo activo na aula realizando comentarios, clasificando obras de arte, realizando traballos en grupos baixo a dirección do profesor.

Ademais todos os alumnos deben entregar traballos escritos, ou en formato dixital, realizados a partir dos materiais e indicacións que o profesor faga para cada un deles empregando libros, vídeos, CD, información de Internet.. Serán actividades encamiñadas á adquisición de novos coñecementos de forma autónoma por parte do alumnado e a unha maior comprensión e de afondamento dos conceptos xa aprendidos.

Entre os traballos a realizar será obrigatorio o estudo dalgunha obra de arte da nosa comunidade incluíndo datos históricos, análise e comentario das súas características e fotografías da obra.

Os alumnos deben preparar e realizar baixo a dirección do profesor e partindo dos materiais que este lles indique exposicións orais, con acompañamento de presentacións.

11.g Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado

CONVOCATORIA ORDINARIA

A materia estará dividida en tres partes, correspondentes a cada unha das avaliacións do curso.

Para aprobar a asignatura necesítase obter avaliación positiva (cinco ou superior) en cada una das tres partes.

A nota final da Convocatoria Ordinaria será resultado da media das tres avaliacións do curso, sempre e cando resulten aprobadas, redondeando cara o enteiro superior a partir de 0,5 e situándose no enteiro natural cando á décima se sitúe por baixo de 0,5.

Os referentes para a comprobación do grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos da etapa nas avaliacións continua e final das materias dos bloques de materias troncais, específicas e de libre configuración autonómica serán os criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe.

Para o Departamento o conxunto de estándares básicos valorarase, cando menos, nun 100%. Cada un dos estándares de aprendizaxe básicos ten igual valor.

A nota de cada avaliación estará formada, nun 90% pola cualificación dos exames e nun 10% pola valoración do traballo desenvolvido polo alumno.

Probas específicas

- A cualificación das probas obxectivas, escritas, será de 0 a 10. Cada cuestión, pregunta, do examen estará acompañada da puntuación outorgada a mesma e a suma total equivaldrá a nota de 10.
- Cando menos haberá un exame, proba, escrito por avaliación. Os contidos e estándares traballados en cada avaliación constituirán o 100% da nota de cada examen. Os criterios de avaliación guiarán o tipo de preguntas, cuestións, a desenvolver en cada proba, quedando a criterio do profesor o modelo de preguntas, cuestións (abertas, semiabertas, pechadas) e o número das mesmas a establecer en cada proba.
- No caso de facer máis de un, a media dos exames, proporcionará o resultado da nota da avaliación por este apartado.
- Á cualificación media final do exame, ou exames, de cada avaliación será aplicable a porcentaxe establecida (90%)
- No caso da segunda e terceira avaliación poderase incluír a definición de conceptos de avaliacións anteriores

Traballo do alumno

- Constará de prácticas, notas de clase, traballo diario na aula, lectura de libros, artigos recomendados, recollida e elaboración de información utilizando recursos informáticos e audiovisuais, así mesmo terase en conta o interese mostrado polo alumno na materia. (Elaboración de esquemas, eixos cronolóxicos, visualización e comentario de películas, documentais, comentarios de imaxes).
- En definitiva, todos aqueles que resulten adecuados á preparación do tipo de proba final (ABAU) da materia.
- Cada profesor determinará o tipo de traballos e número dos mesmos a consignar neste apartado.
- A aportación a cada avaliación será dun 10% da nota da Avaliación.

Recuperacións e exame final

Das dúas primeiras avaliacións, para os alumnos que suspenderan a materia, existirá una recuperación. Para a terceira existirá somente a posibilidade de presentarse a recuperación final.

Na recuperación final :

Os alumnos con unha avaliación suspensa terán un examen exclusivo da mesma.

Os alumnos con dúas avaliacións suspensas terán un examen combinado das mesmas.

Os alumnos coas tres avaliacións suspensas terán un examen combinado das mesmas.

En calquera destes casos será un exame único, sin opción A ou B. A nota resultante constará como un 5 , en calquera caso, de cara a media final.

Os alumnos con todo o curso aprobado poderán presentarse a un examen final que seguirá o modelo da proba ABAU, con dúas opcións A ou B. Cando o resultado deste examen supere a nota media do curso , constará para a avaliación final este resultado seguindo a norma establecida de redondeo (redondeando cara o enteiro superior a partir de 0,5 e situándose no enteiro natural cando á décima se sitúe por baixo de 0,5.)

A necesidade de presentarse a unha recuperación de avaliación na recuperación final exclúe a posibilidade de presentarse ó examen de millorar nota global.

Tanto nos exames de recuperación por Avaliación como nos exames de recuperación final as preguntas obedecerán os contidos mínimos da asignatura, en función do modelo da proba ABAU establecida.

Os exames de recuperación supoñen unha nota neta, xa sexa para recuperar unha avaliación nas convocatorias parciais ou final. Tendo en conta este carácter básico e extraordinario, o aprobado será rexistrado como un 5 para obter a nota final na convocatoria ordinaria.

Convocatoria extraordinaria

Realizarse un so exame similar o da selectividade nas datas fixadas polo Centro e será necesario superalo cunha nota de cinco ou superior. A proba extraordinaria de setembro será común e única para todo o alumnado dun mesmo nivel

INCIDENCIAS ESPECIAIS

Aqueles alumnos que sexan sorprendidos polo profesor consultando libros, apuntes ou calquera outra fonte por calquera medio en exames ou exercicios que teñan por obxecto unha avaliación obxectiva, serán advertidos ou se lles ordenará, de inmediato, o cese na realización do exame ou exercicio, pregunta, apartado, de que se trate, segundo a gravidade que o profesor aprecie en cada momento; da mesma maneira se o alumno se comunica con outros para obter unha información a incluír no seu exame ou exercicio. A profesora ou profesor non decidirá suspender a un alumno por indicios, sospeitas ou calquera outra circunstancia que non se observase no momento mesmo de producirse.

11.9.m Concreción dos elementos transversais

1.-Educación cívica.A historia da arte contribúe decisivamente a formación de cidadáns responsables, conscientes da importancia do patrimonio cultural da humanidade , así como da herdanza recibida e do seu compromiso coas xeracións futuras. O seu estudo deberá contribuír a fomentar unha especial sensibilidade cara á sociedade do presente e a súa problemática, que anime a adoptar unha actitude responsable e

solidaria coa defensa do patrimonio, a igualdade entre homes e mulleres, os dereitos humanos, a non discriminación e os valores democráticos

2.- A comprensión de lectura, a expresión oral e escrita son elementos presentes en todos os cursos (traballos escritos, exposicións, uso da prensa...).

3.-Traballo con tecnoloxías da información e da comunicación. En todos os cursos trabállase a busca e selección de información a través de Internet para cumprimentar información, busca de datos, realización de traballos, etc. Os alumnos deben ser capaces de transformar a búsqueda de información en coñecemento.

4.-Animar ao emprendemento . Este elemento transversal en bacharelato está vinculado á importancia dos emprendedores nos momentos de cambio do modelo económico como as transformacións de mediados do século XIX ou o movemento socioeconómico dos anos 60 do século pasado que contribuíu a acelerar un cambio social que trouxo consigo o cambio de modelo político.

5.-O desenvolvemento sustentable e o medio son elementos que están presentes de forma directa nos procesos de transformación económica citados.

6.-Os riscos de explotación e o abuso e maltrato están presentes nos temas de historia da arte. Así o traballo infantil, a discriminación por sexo, relixión e raza están presentes no curriculum da materia.

9.1 . ASPECTOS A TER EN CONTA NA ENSIANZA DE ADULTOS.

Esta materia impartese tamen na ensinanza de adultos. Os contidos , obxetivos , contidos mínimos son os mesmos que para ensinanza ordinaria. Se ben, tendo en conta as características especiais deste tipo de alumnado: nalgúns casos compatibilizar estudo con traballo, noutros retomar estudos tras estar apartados da escolarización varios cursos; e convinte facer algunhas adaptacións noutros aspectos.

Principalmente nos aspectos de avaliación, se ben non se lles reduce a materia, tratarase de facer exames con maior frecuencia e menor contido en cada un deles para tratar de facilitarlle o estudo. Deste xeito faranse como mínimo dous exames por trimestre, podendo facerse incluso tres ou mais, ademáis de outras probas orais e escritas.

Tamen se diminuírá o número de traballos obrigatorios, deixándoo en un por trimestre.

De todos xeitos a nota de cada avaliación estará formada, nun 80% pola cualificación dos exames e nun 20% pola valoración do traballo desenvolvido polo alumno como na ensinanza ordinaria.O peso dos diversos instrumentos na avaliación será exactamente igual nos dous modos de ensinanza.

En todo o demáis o procedemento e igual que na ensinanza ordinaria

12. AVALIACIÓN DO O PROCESO DE ENSINO E DA PRÁCTICA DOCENTE h.

Os indicadores de logro que nos parecen máis significativos para avaliar son:

A) Diversidade

	Indicadores de logro da atención á diversidade	1	2	3	4
1	Segundo as características de cada alumno e alumna, esixense diferentes resultados				
2	Por norma, fanse explicacións xerais				
3	Ofrécese a cada un de forma individual a explicación que precisa				
4	Tense en conta a diversidade á hora de facer a programación				
5	Tanto nas actividades como nos exames, realízanse uns exercicios máis sinxelos ou máis complicados que outros				
6	Utilízanse diferentes ferramentas de avaliación				
7	Tense en conta a diversidade á hora de organizar a clase, dividir aos alumnos e alumnas en grupos, etc				
8	Os temas que trátanse teñen interese para os alumnos				
9	Para coñecer as características da clase fanse unha proba ó comezo do curso escolar				
	ler os informes dos anos anteriores				

B) Actividades na aula

	Indicadores de logro das actividades na aula	1	2	3	4
1	Os alumnos traballan da seguinte maneira nas clases				
	De forma individual				
	Por parellas				
	En pequenos grupos				
	En grandes grupos				
2	Os exercicios que proponse son do seguinte tipo				
	Pechados, dirixidos do libro, etc.				
	Abertos, procedimentais, diversos, a través de proxectos				
	Facilitan o traballo cooperativo				
3	A metodoloxía que se aplica				
	Utilízanse ferramentas TIC				
	Proponse actividades para facilitar o traballo autónomo				
	Céntranse nas explicacións teóricas e no libro				

C) Programación

	Indicadores de logro da programación	1	2	3	4
1	Os profesores e profesoras que imparten clase no mesmo nivel teñen unha distribución coherente dos contidos nas súas programacións				
2	Consultase a programación ó longo do curso escolar				
3	Analízanse e marcanse dentro da programación as competencias claves e fundamentais da área				
4	As ferramentas de avaliación empregadas para medir as competencias na programación son claras				
5	Á hora de realizar a programación tense en conta as posibilidades que me da o entorno				
6	Dase a coñecer as programacións aos alumnos e alumnas: obxectivos, ...				
7	Faise as programacións pensando en traballar as competencias				
8	Tense en conta o libro de texto á hora de facer a programación				
9	Coincide a programación co que faise logo na clase				
10	No caso de que veña un ou unha suplente, atopará suficiente información na programación de cada profesor				

D) Avaliación

	Indicadores de logro da avaliación	1	2	3	4
1	Ao inicio de cada unidade os alumnos teñen claro os obxectivos, as competencias, as actividades, cómo vamos a avaliar...				
2	Utilízanse diferentes tipos de probas:				
	-Exames escritos				
	Exames orais				
	Traballo individual				
	Traballo en equipo				
3	Terminada a unidade ou proxecto, avaliase a idoneidade dos recursos e das actividades empregadas no proceso de aprendizaxe				
	No				
	De maneira individual				
	En grupo, no Departamento.				
	Cos alumnos				
4	Entre avaliacións, programanse un ou varios plans d recuperación dependendo dos resultados obtidos polos alumnos				

1.Case nada 2.Pouco 3.Bastante 4. Moito

13. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES

i.

13.1 Plans de traballo para a superación de materias pendentes na ESO.

O alumnado promocionado ao curso seguinte que teña as materias de Xeografía e Historia, pendente deberá seguir un plan de traballo deseñado dende o Departamento. O plan de traballo inclúe os contidos e estándares de aprendizaxe básicos esixibles nas probas escritas e as actividades a realizar. Os contidos serán distribuídos en dous bloques:

1º ESO . Bloque I Temas de Xeografía 1-8. Bloque II Temas de Historia 9-14

2º ESO . Bloque 3 Temas de historia medieval 1-5 .- Bloque 1 O medio físico+Bloque 2 O espazo humano

3º ESO . Bloque I Temas de Xeografía 1-8. Bloque II Temas de Historia 9-12

O profesorado do Departamento elaborará unha serie de actividades de recuperación baseadas nos contidos mínimos e estándares de aprendizaxe básicos de dita asignatura que conduzan o logro das competencias básicas. As actividades deberán ser entregadas nas datas establecidas para a súa corrección. Non se recollerán fóra da data establecida, salvo por causas debidamente xustificadas.

O profesorado coordinador por niveis é o seguinte:

1º ESO: Mónica Garrido Lavandeira

2º ESO: Uxío García Rodríguez

3º ESO : Uxío García Rodríguez

O Departamento non dispón de horas de atención directa ao alumnado con materias pendentes polo que será atendido polo profesorado do Departamento que imparta clase no curso no que se atope para facilitar o seu seguimento.

O procedemento para a cualificación de alumnos con materias pendentes é o seguinte:

- Os exercicios sobre a materia, que deberán ser entregados nas datas sinaladas polo profesor, suporán o 40 % da nota.
- Dous exames ó longo do curso nas datas sinaladas pola Xefatura de Estudos. Cada un deles abarcará a materia sinalada e será liberatorio. Os exames terán relación cos exercicios realizados, a súa calificación supón o 60 % da nota.

O alumno utilizará o libro de texto, materiais de traballo, empregado durante o curso correspondente á materia pendente. O alumnado de educación secundaria obrigatoria que teña promoción, con materias pendentes, a segundo , terceiro e a cuarto curso, respectivamente, poderá recuperalas no curso 2018/19 tomando como referencia o currículo establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (LOMCE).

Na Avaliación Ordinaria (xuño), co fin de facilitar a recuperación da materia pendente, dividirase a materia en dúas partes e realizaranse, nas datas establecidas polo Centro, dous exames parciais e un exame final.

Pode aprobarse a materia por parciais si se dan as seguintes circunstancias:

- Aprobando ambos parciais (é dicir, obtendo un 5 como mínimo en cada un deles)

- Obtendo unha cualificación non inferior a 5 na media aritmética das cualificacións dos parciais, sempre e cando non existan nestas cualificacións notas inferiores a 3.

O exame final só terá que realizalo quen non consiga recuperar a materia nos exames parciais, e repetirá só a parte (ou partes) aínda non superadas. Salvo situación de matrícula nova, non se contempla a entrega de traballos.

Na Avaliación Extraordinaria (setembro) realizarase un único exame no que entrará toda a materia (sen división en partes).

Actividades de seguemento, recuperación e avaliación das materias pendentes no Bacharelato

No ano académico 2018/19, o alumnado matriculado no segundo curso de bacharelato que teña a materia de **Historia do Mundo Contemporáneo** pendente de primeiro, será avaliado desta de acordo co disposto no Decreto 86/2015, do 25 de xuño.

O Departamento non dispón de clases de recuperación. O alumnado deberá seguir un plan de traballo deseñado dende o Departamento. O plan de traballo inclúe os contidos e estándares de aprendizaxe básicos esixibles nas probas escritas e as actividades a realizar. Os contidos serán distribuídos en dous prazos de acordo cas dúas avaliacións fixadas para alumnos pendentes:

1º avaliación: O Antigo Réxime. As Revolucións industriais e as súas consecuencias sociais. A crise do Antigo Réxime. A dominación europea do mundo e a Iª guerra mundial.

2º avaliación: O período de entreguerras. A IIª guerra mundial e as súas consecuencias. Evolución de dous mundos diferentes e os seus enfrontamentos. Descolonización e terceiro mundo. A crise do mundo comunista. O mundo capitalista na segunda metade do século XX. O mundo actual desde unha perspectiva histórica.

O profesorado do Departamento elaborará unha serie de actividades de recuperación baseadas nos contidos mínimos e estándares de aprendizaxe básicos de dita asignatura que conduzan o logro das competencias básicas. Asemade os alumnos poderán facer lecturas de libros recomendados polo departamento e/ou visionado de películas ou documentais. As actividades deberán ser entregadas nas datas establecidas para a súa corrección. Non se recollerán fóra da data establecida, salvo por causas debidamente xustificadas.

Avaliación ordinaria. Os alumnos de 2º coa materia Historia do Mundo Contemporáneo pendente realizarán ao longo do curso entregas de traballo ou exames nas datas sinaladas pola xefatura de estudos. Se lles facilitarán exercicios e recomendacións para a preparación dos traballos ou exames.

Haberá un exame final que só o terán que realizar os alumnos que non consigan recuperar a materia nos traballos ou exames parciais, e repetirán só a parte (ou partes) aínda non superadas.

Pode aprobarse a materia por parciais si se dan as seguintes circunstancias:

- Aprobando ambos parciais (é dicir, obtendo un 5 como mínimo en cada un deles)
- Obtendo unha cualificación non inferior a 5 na media aritmética das cualificacións dos parciais, sempre e cando non existan nestas cualificacións notas inferiores a 3.

Na avaliación extraordinaria (setembro) realizarase un único exame no que entrará toda a materia (sen división en partes).

O profesor Javier Domínguez Álvarez será o coordinador.

14. ORGANIZACIÓN DOS PROCEDIMENTOS QUE LLE PERMITAN AO ALUMNADO ACREDITAR OS COÑECEMENTOS NECESARIOS EN DETERMINADAS MATERIAS, NO CASO DO BACHARELATO. J.

15. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE PODAN ADOPTAR COMO CONSECUCENCIA DOS SEUS RESULTADOS. K.

a) Data prevista de realización

Ó comezo de cada curso, no primeiro mes de clase realizarase unha avaliación inicial ao alumnado de todos os niveis para ver en que grado os alumnos teñen adquiridas as competencias básicas e enfocar o curso a partir do punto no que se atopan.

b) Proba

En 1º de ESO o principal procedemento será a realización dunha proba escrita. Nos demais cursos, sen descartar a posible utilización dunha proba escrita inicial, valerémonos da información que nos proporciona o profesor da materia no curso anterior e de preguntas orais e da realización dalgún exercicio.

As probas poden ser as seguintes:

- Lectura dun pequeno texto e preguntas orais sobre o mesmo. O obxectivo é ver o nivel de lectura comprensiva do alumno.
- Mapas, sobre todo de España e Europa. Trátase de observar un nivel de coñecemento xeográfico básico.
- Cuestións sobre aspectos básicos de Xeografía ou Historia, que ademais permitirán avaliar a coherencia e a corrección gramatical e ortográfica.
- -Elaboración de sínteses ou esquemas, mapas conceptuais..., que permitan coñecer se os alumnos e alumnas dominan eses procedementos tan básicos na nosa área.

c) Consecuencias dos resultados

Estas probas iniciais non se terán en conta para establecer a cualificación da avaliación. É unha observación sobre o nivel individual e do grupo, a partir da cal o profesor preparará as estratexias e procedementos necesarios para a impartición das súas clases.

Nas reunións de avaliación inicial programadas no centro, trataranse os casos dos alumnos/as aos que se lle detecten carencias básicas para tomar as medidas oportunas na xunta avaliadora. Ademais, na materia que corresponde ao noso Departamento, os resultados de dita proba poderán orientarnos cara ao establecemento das estratexias de aprendizaxe e a realización das actividades de reforzo máis axeitadas a cada alumno.

Do establecemento do nivel de competencia do grupo clase (evidenciado a partir da avaliación inicial) se derivan:

- medidas xerais de grupo (metodolóxicas e organizativas)
- actividades de reforzo ou profundización.
- adaptacións curriculares non significativas de grupo ou individuais (metodolóxicas, organizativas, nos procedementos e instrumentos de avaliación, na priorización de contidos)
- adaptacións curriculares significativas individuais para alumnado con necesidades educativas especiais.

En calquera caso as medidas de atención á diversidade poden e deben contar co asesoramento dos servizos de orientación do centro.

16. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

L.

Enténdese por atención á diversidade o conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado. A atención á diversidade abrangue a totalidade do alumnado, quen deberá contar coas medidas e recursos educativos que respondan ás súas necesidades e características persoais.

Do establecemento do nivel de competencia curricular do grupo clase establecido a partir da avaliación inícia derivanse:

-medidas xerais de grupo (metodolóxicas, curriculares e organizativas)

--plans individuais que afecta a elementos non prescritivos do currículo, é dicir, á secuencia de contidos, ás formas e instrumentos de avaliación, organización da aula, ós agrupamentos de alumnos e a todo aquilo incluído dentro do ámbito da metodoloxía. Entre as medidas de atención individualizadas enumeramos as seguintes:

A) Adaptacións metodolóxicas:

- Combinar periodos cortos de atención con realización de actividades.
- Empregar, en determinados momentos, como medio de aprendizaxe materiais informáticos .
- Traballar en pequenos grupos utilizando diversidade de materiais.
- Dividir as tarefas por secuencias breves.
- Permitir que o alumno poida, en ocasións, escoller entre diferentes tarefas.
- Reducir o número de exercicios.

B) Adecuación das actividades de aprendizaxe.

- Ampliación do tempo para realizar as actividades.
- Material de apoio como fotocopias para reforzar actividades e contidos que non comprende.

C) Adecuación da avaliación:

- Ter en contas nas probas escritas a posible dificultade coa expresión escrita dalgúns alumnos.
- Confirmación da comprensión semántica da información contida nos enunciados das preguntas.
- Permitir nalgúns casos de medios informáticos para realizar actividades que requiran linguaxe escrito.
- Facilitar a alternancia de realizar exames de forma oral e escrita.
- Combinar diferentes formatos de pregunta nunha mesma proba: V/F, completar un esquema, opción múltiple, frases para completar.
- Adaptación dos instrumentos de avaliación (reducir extensión do texto, ampliar o tempo para realizar o resume...)
- Traballar, antes da proba, con mostras de formato de exame.
- Controlar que o alumno revise o exame antes de entregalo.
- Definición explícita e precisa dos mínimos esixibles.
- Elaboración de plans de apoio e reforzo individualizados asociados aos mínimos esixibles deficitarios.

- Graduar os indicadores que establecen o grado de adquisición das aprendizaxes.

Tal como sinala a normativa (DOG 7 de novembro de 1995)

Artigo 4º.-Definición e condicións.

2. As medidas de reforzo educativo non suporán necesariamente medidas extraordinarias nin necesitarán de autorización para ser levadas a cabo, e realizaranse segundo se establece a continuación:

a) Estarán dirixidas a aqueles alumnos e alumnas que coa modificación de elementos non prescritivos do currículo poden seguir o proceso ordinario de ensino-aprendizaxe.

b) Serán elaboradas polo profesor ou profesora que imparte a área ou materia na que o alumno necesita a medida de reforzo, co coñecemento do titor ou titora. Este comunicarllo ó equipo directivo e á familia do alumno ou alumna.

c) O seu desenvolvemento levarase a cabo no contexto escolar ordinario e polo profesor ou profesora do alumno que imparte a área ou materia, coa colaboración, se é o caso, doutros profesionais. Esta colaboración non poderá substituír en ningún caso a actuación habitual do profesor.

3. As medidas de reforzo educativo reflectiranse no expediente académico do alumno como reforzo educativo. Faranse constar cun comentario no informe correspondente ás familias e non terán constancia no libro de escolaridade.

17.ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

N.

As actividades propostas polo Departamento de Xeografía e Historia son as seguintes:

ACTIVIDADE	VISITA MUSEO DE PONTEVEDRA (Mundo castrexo e romano)
OBXETIVO	Coñecer, valorar e respectar o patrimonio histórico-artístico da cidade
CURSOS	Alumnos de 1º da ESO
DATA (aproximada)	3º trimestre
TRANSPORTE	
FORMA DE PARTICIPACIÓN DO ALUMNADO	Realización de fichas sobre as obras de arte visitadas no Museo.

ACTIVIDADE	VISITA ÓS PETROGLIFOS DO ENTORNO (Campolameiro, Tourón)
OBXETIVO	Coñecer, valorar e respectar o patrimonio histórico-artístico
CURSOS	Alumnos de 1º da ESO
DATA (aproximada)	2º trimestre
TRANSPORTE	Autobús
FORMA DE PARTICIPACIÓN DO ALUMNADO	Realización en clase de fichas sobre as obras de arte a visitar.

ACTIVIDADE	VISITA AOS CASTROS ((Castrolandín , Baroña, S.Cibrao das Viñas)
OBXETIVO	Coñecer, valorar e respectar o patrimonio histórico-artístico
CURSOS	Alumnos de 1º da ESO
DATA (aproximada)	3º trimestre
TRANSPORTE	Autobús
FORMA DE PARTICIPACIÓN DO ALUMNADO	Realización en clase de fichas sobre as obras de arte a visitar.

ACTIVIDADE	VISITA PORTO DE MARÍN
OBXETIVO	Coñecer as actividades do sector TERCIARIO. TRANSPORTE
CURSOS	Alumnos de 3º da ESO
DATA (aproximada)	2º trimestre
TRANSPORTE	Autobús
FORMA DE PARTICIPACIÓN DO ALUMNADO	Traballo na clase sobre o sector TERCIARIO . Guía didáctica do porto De Marín

ACTIVIDADE	O Arquivo Histórico Provincial / Arquivo da Diputación
OBXETIVO	Percibir as bases documentais no traballo do Historiador.
CURSOS	4ºESO
DATA (aproximada)	1º trimestre
TRANSPORTE	
FORMA DE PARTICIPACIÓN	Traballo en clase e no Arquivo.

DO ALUMNADO	
-------------	--

ACTIVIDADE	O mundo da empresa (En colaboración do Departamento de Economía)
OBXETIVO	Achegar actividades do sector empresarial como dinamizador económico
CURSOS	2º Bacharelato
DATA (aproximada)	1º trimestre
TRANSPORTE	Autobús
FORMA DE PARTICIPACIÓN DO ALUMNADO	Traballo en clase sobre factores de localización industrial

ACTIVIDADE	Saída polo entorno urbán
OBXETIVO	Visualizar contidos teóricos no tecido urbán .
CURSOS	2º Bacharelato
DATA (aproximada)	2º trimestre
TRANSPORTE	
FORMA DE PARTICIPACIÓN DO ALUMNADO	Traballo en clase e na rúa

ACTIVIDADE	Percorrido artístico por Santiago
OBXETIVO	Visualizar contidos teóricos na cidade de Santiago
CURSOS	2º Bacharelato
DATA (aproximada)	2º trimestre
TRANSPORTE	
FORMA DE PARTICIPACIÓN DO ALUMNADO	Traballo en clase e na rúa

Por outra parte, ao longo do curso proporcionaremos información e recomendaremos ou organizaremos a asistencia ás diferentes exposicións organizadas na nosa cidade, así como a museos, galerías de arte e conferencias

As actividades están abertas a participación de calquera outro Departamento (Bioloxía, Educación Física, etc)

18. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA. Ñ.

As reunións mensuais de departamento servirán para analizar o desenvolvemento das actividades dos diferentes grupos, así como o axeitado da programación e proporanse, no seu caso, as modificacións que se consideren necesarias.

Os indicadores empregados para a avaliación da programación son os seguintes:

	Escala			
	1	2	3	4
1. Adecuación do deseño das unidades didáctica a partir dos elementos do currículo.				
2. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.				
3. Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar.				
4. Adecuación do peso correspondente na cualificación para cada estándar.				
5. Adecuación dos instrumentos de avaliación fixados para cada estándar.				
6. Adecuación e coordinación na metodoloxía empregada en cada curso				
7. Asociación en cada curso dos elementos transversais a desenvolver.				
8. Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.				
9. Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia.				
10. Adecuación dos materiais didácticos utilizados.				
11. Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba.				
12. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc.				
13. Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dun exame e dunha avaliación.				
14. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final..				
15. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación extraordinaria.				
16. Adecuación dos criterios establecidos para o seguimento de materias pendentes.				
17. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación desas materias pendentes.				
18. Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.				
19. Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas.				
20. Adecuación dos mecanismos de información ás familias.				
21. Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.				

1. Case nada 2. Pouco 3. Bastante 4. Moito

A memoria de fin de curso de xuño será o documento no que plasmemos as directrices para as modificacións que consideremos necesarias para variar a programación cara o vindeiro curso que se redactarán dacordo cos prazos establecidos e quedarán incorporadas na programación do seguinte ano.

